

XUNTA DE GOBERNO  
Sesión do día 27 de outubro de 2023

-----o0o-----

En Pontevedra, na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, sendo as once horas e dez minutos do día vinte e sete de outubro do ano dous mil vinte e tres, baixo a Presidencia de Luis López Diéguez, Presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, reuníronse as/os señoras/es deputadas/os, Marta Fernández-Tapias Núñez, Rafael Domínguez Artime, Roberto José Álvarez Carrero, María Nava Castro Domínguez, Jorge Cubela López, José Carlos López Campos, Manuel Alejandro Lorenzo Alonso, María Pilar Ramallo Vázquez e Jesús Vázquez Almuíña, co obxecto de celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno, con carácter executivo, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día

Da fe do acto *Carlos Cuadrado Romay*, Secretario Xeral, e está presente o Interventor, *Antonio Graña Gómez*.

Así mesmo, están presentes a deputada *María Isabel Couselo Torres* e os deputados *Marcos Guisasa Padín* e *Javier Tourís Romero*.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia étrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.33091.- ACTA ANTERIOR

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade a aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria do día 20 de outubro de 2023.

2.33092.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN, POR REINVESTIMENTO DE BAIXAS TEÓRICAS E DEFINITIVA, AO CONCELLO DA ESTRADA, NO MARCO DO PLAN CONCELLOS 2022-2023, ANUALIDADE 2022, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “ADQUISICIÓN DE AMBULANCIA DE SOPORTE VITAL BÁSICO PARA O SERVIZO DE EMERXENCIAS DO CONCELLO DA ESTRADA” (Expte.2023063357)

Logo da tramitación de diversas baixas teóricas, cuxa disposición foi autorizada mediante as resolucións presidenciais que se sinalan na táboa que se insire deseguido, resultan os seguintes remanentes a favor do *concello da Estrada* no exercicio 2022.

Nº Expte.	Denominación obra	Remanente a favor do concello	RP autorización disposición crédito
2022009228	Pavimentación de vías urbanas Plan concellos 2022	25.241,92€	RP 2023007766, de 18/10/2023
2023063357	Arranxo de camiño en Oca, San Xurxo, Santo André de Veá e Arca	45.998,41€	RP 2023007782, de 18/10/2023
2021018581	Pavimentación vías rurais no concello da Estrada -	6.076,88€	RP 2023007843, de 19/10/2023
TOTAL		77.317,21 €	



Así mesmo, tras a xustificación total do investimento “SUBSTITUCIÓN DE CARPINTARIAS EXTERIORES NO COTO FERREIRO” (EXPDTE 2022009149), incluído no Plan Concellos 2022-2023, anualidade 2022, o concello da Estrada conta cun saldo ao seu favor que importa 7.036,77 euros.

Resultando que a acumulación de ambos remanentes determinan un saldo a disposición do concello da Estrada por importe de 84.353,98 euros.

En data 05/10/2023, mediante rexistro WEB2023056766, completado en data 11/10/2023, mediante rexistro WEB 2023057574, o concello da Estrada solicita, formalmente, que o remanente acumulado ao seu favor, na contía axustada de 84.000,00 euros, se aplique no financiamento da subministración “*Adquisición de ambulancia de soporte vital básico para o servizo de emerxencias do Concello da Estrada*” (Expte. 2023063357).

A petición arriba referida cumpre con todos os requisitos que establecen as Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 para a Liña 1, segundo a tipoloxía de gasto e conta co informe favorable do persoal facultativo do servizo de cooperación de data 13/10/2023.

#### FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por R.D. 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das Facendas locais (TRLRFL).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades locais (ROFRJEL).
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do PLAN CONCELLOS 2022-2023

#### CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Asemade, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización do servizo de intervención.



## PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.

## PROCEDENCIA DA CONCESIÓN

- Base 19ª das reguladoras do PLAN CONCELLOS 2022-2023, que dispón que os concellos poden solicitar o reinvestimento das baixas definitivas e das baixas teóricas constatadas coa adxudicación do contrato no financiamento de novos investimentos, cando o importe destes últimos sexa igual ou superior a dez (10.000,00) euros.

O reinvestimento das baixas con destino ao financiamento de novos investimentos require da autorización previa do órgano competente da Deputación.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 13/10/2023, e da xefa do servizo de Cooperación, de data 19/10/2023, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 23/10/2023, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder, por reinvestimento de baixas teóricas e definitiva, ao *concello de A Estrada* a cantidade de 84.000,00€, con destino ao financiamento do investimento “*Adquisición de ambulancia de soporte vital básico para o servizo de emerxencias do Concello da Estrada*”, (Expte. 2023063357) cun orzamento polo mesmo importe.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2023/942.9425.762.45.2022 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto.
- Así mesmo, e de ser o caso, de acordo coa Base Reguladora 18ª do Plan Concellos 2022-23 o *concello de A Estrada* deberá comunicarlle á Deputación, no prazo de dez (10) días naturais a contar desde da súa formalización, a adhesión ao convenio ou ao instrumento equivalente para a xestión integral da auga, para poder iniciar así a retención da totalidade da achega que por tal concepto lle corresponda á Deputación do Plan Concellos. O incumprimento desta obriga será causa de reintegro da subvención concedida con cargo a este plan.



- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan de Concellos 2022-2023, aprobadas polo acordo plenario de 26 de novembro de 2021 e publicadas no BOPPO núm. 230 de 27/11/2021 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Asemade, ao abeiro da Base Reguladora 21<sup>a</sup>.2 do Plan Concellos 2022-2023, o investimento incluído na anualidade 2022, deberá estar executado o 31 de decembro de 2023 e xustificado na súa totalidade o 31 de marzo de 2024. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado da presente resolución ao *concello de A Estrada*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia

3.33093.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN, POR CAMBIO DE APLICACIÓN, AO CONCELLO DE A GUARDA, NO MARCO DO PLAN CONCELLOS 2022-2023 (ANUALIDADE 2022) LIÑA 1 – INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “RENOVACIÓN DA REDE DE AUGA POTABLE EN CAMIÑO JUDELA E RÚA PORTELA” (Expte.2023060538)

Do exame do expediente quedan acreditados os seguintes antecedentes:

- No marco do Plan Concellos 2022-2023 (anualidade 2022), a Xunta de Goberno desta Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 23/06/2023 mediante acordo núm. 4.31880 concedeu ao *concello de A Guarda*, CIF P3602300J, unha subvención, por importe de 149.947,70 €, co obxecto do financiamento do investimento “*Acondicionamento de Os Patios do vello Sinde*” (expediente: 2022011571).
- A súa vez, a base 17<sup>a</sup> das reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 Liña 1 – Investimentos, lexítima ós concellos a solicitar o cambio ou modificación dos acordos ou resolucións de concesión pola desistencia total ou parcial da actuación, sempre e cando non se prexudiquen dereitos de terceiros e se solicite antes de que conclúa o prazo para a realización das actividades obxecto de subvención.
- Resultando que, en data 22/09/2023, co núm. de rexistro WEB2023054601 o *concello de A Guarda* solicita que sexa admitida a trámite a desistencia total da subvención arriba referida, polo importe de 149.947,70€.
- En data 06/10/2023, mediante resolución presidencial núm. 2023007545 acéptase a desistencia total do *concello de A Guarda* á subvención concedida co obxecto do financiamento do investimento “*Acondicionamento de Os Patios do vello Sinde*” (expediente: 2022011571), o que deixa en dispoñible na aplicación orzamentaria 2023/942.9425.762.45.2022 e no correspondente proxecto de gasto crédito por importe de 149.947,70 euros para o financiamento das novas propostas que pretende acometer o *Concello*.



- Neste contexto, en data 20/09/2023 e con rexistro WEB2023054313, o *concello de A Guarda* solicita formalmente, que parte do crédito dispoñible por mor da desistencia, poida empregarse na subvención por cambio de finalidade, encadrada na Liña 1 do Plan Concellos 2022-2023 (anualidade 2022), por importe de 131.637,06 €, con destino ao financiamento do investimento “*Renovación da rede de auga potable en camiño Judela e rúa Portela*”, cun orzamento polo mesmo importe, correspondendo 118.060,14€ do orzamento de execución de contrata, IVE engadido e 13.576,92€ dos honorarios técnicos, IVE engadido, quedando configurada a súa petición tal é como reflicte a seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento	Subvención	Achegas doutras administracións/fondos propios
2022	131.637,06	131.637,06	0,00

- En datas posteriores o *Concello* emenda a documentación presentada inicialmente.
- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 e achega a documentación requirida, agás no relativo á dispoñibilidade dos terreos necesarios para a normal execución do investimento por estar pendente, no momento de presentación da solicitude de subvención das autorizacións sectoriais do Servizo de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidade, Instituto de Estudos do Territorio (IET) da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Servizo de Urbanismo de Pontevedra da Consellería de Medio Ambiente, Territorio, Vivenda e do Servizo da Axencia Galega de Infraestruturas da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade. Contando co informe de supervisión favorable do facultativo técnico do Servizo de Cooperación de data 29/09/2023.

## FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Lei 7/2021, de 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética.
- Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020 relativo ao establecemento dun marco para facilitar as inversións sostibles polo que se modifica o Regulamento UE 2019/2088.
- Regulamento Delegado (UE) da comisión de 4 de xuño de 2021, polo que se completa o Regulamento (UE) 2020/852, no cal se establecen os criterios técnicos de selección para determinar as condicións nas que se considera que unha actividade económica contribúe de forma substancial á mitigación do cambio climático ou á adaptación ao mesmo.



- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

## CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

### INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Asemade, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización do Servizo de Intervención.

### PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2021, que indica que as propostas de concesións de subvencións someteranse á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do investimento, no seu caso, e de fiscalización do Servizo de Intervención. Se algunha solicitude non se axusta a estas Bases Reguladoras, e por esta razón é informada desfavorablemente polos facultativos técnicos de Cooperación ou polo Servizo de Intervención, o Concello poderá presentar unha nova solicitude.

### RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.



- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases Reguladoras 1ª e 8ª do Plan Concellos 2022-2023 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Base Reguladora 5ª 7ª do Plan Concellos 2022-2023 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxe e o límite máximo por liña e exercicio, así como os criterios obxectivos de reparto.
- Bases Reguladoras 10ª 1 12ª do Plan Concellos 2022-2023 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.
- Base Reguladora 17ª do Plan Concellos 2022-2023 Liña 1 – Investimentos, que lexítima ós concellos a solicitar o cambio ou modificación dos acordos ou resolucións de concesión pola desistencia total ou parcial da actuación, sempre e cando non se prexudiquen dereitos de terceiros e se solicite antes de conclúa o prazo para a realización das actividades obxecto de subvención.
- Artigo 9 da Carta Europea de Autonomía Local que dispón que na medida do posible, as subvencións concedidas ás entidades locais non han de ser destinadas á financiación de proxectos específicos. A concesión de subvencións non deberá causar prexuízo á liberdade fundamental da política das entidades locais, no seu propio ámbito de competencia.

#### DA XESTIÓN DO CICLO DA AUGA

- No momento de ser aprobadas as Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 estaba pendente de tramitación a lexislación autonómica sobre a xestión integral do ciclo da auga. Ese texto é a Lei 1/2022, de 12 xullo, de mellora da xestión do ciclo integral da auga (DOG núm. 154 de 12 de agosto de 2022), que tal como se prevía de *legem ferendae*, permite acudir a convenios ou instrumentos de colaboración, que distribúen as competencias e as obrigas de financiamento entre Augas de Galicia e os distintos concellos, ademais da propia Deputación Provincial.
- De terse subscrito algún de tales instrumentos de colaboración, de acordo coa Base Reguladora 7ª Bis, o concello interesado deberá comunicalo á Deputación para que esta poida efectuar a retención do importe da achega que por tal concepto lle corresponde ao ente provincial da cantidade asignada ao Concello no Plan Concellos 2022-2023. E de non ser isto factible por terse concedido todas as axudas e iniciados os procedementos de licitación correlativos, a retención farase a cargo do importe das baixas, importe que xa non se poderá reutilizar nin nos proxectos primitivos, nin en novos investimentos ou con cargo a futuros plans de Cooperación.
- O deber do concello de comunicar a adhesión ao convenio ou instrumento de colaboración haberase de realizar no prazo de 10 días naturais desde a súa formalización, e o seu incumprimento é causa de reintegro das subvencións concedidas con cargo a estas bases.



De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes do enxeñeiro xefe do servizo de Cooperación, de data 29/09/2023, e da xefa do servizo de Cooperación, de data 17/10/2023, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 18/10/2023, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder, por cambio de finalidade, ao *concello de A Guarda* CIF P3602300J a cantidade de 131.637,06€, con destino ao financiamento do investimento “*Renovación da rede de auga potable en camiño Judela e rúa Portela*”, (expediente: 2023060538) cun orzamento polo mesmo importe, correspondendo 118.060,14 euros do orzamento de execución de contrata, IVE engadido e 13.576,92 euros dos honorarios técnicos, IVE engadido, quedando configurada a súa petición tal é como reflicte a seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento	Subvención	Achegas doutras administracións/fondos propios
2022	131.637,06	131.637,06	0,00

- A presente concesión queda condicionada a obtención das autorizacións sectoriais do Servizo de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidade, Instituto de Estudos do Territorio (IET) da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Servizo de Urbanismo de Pontevedra da Consellería de Medio Ambiente, Territorio, Vivenda e do Servizo da Axencia Galega de Infraestruturas da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, sendo imprescindible que o *Concello* as remitirá á Deputación coa primeira xustificación da axuda económica.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2023/942.9425.762.45.2022 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto.
- Así mesmo, e de ser o caso, de acordo coa Base Reguladora 18ª do Plan Concellos 2022-2023 o *concello de A Guarda* deberá comunicarlle á Deputación, no prazo de dez (10) días naturais a contar desde da súa formalización, a adhesión ao convenio ou ao instrumento equivalente para a xestión integral da auga, para poder iniciar así a retención da totalidade da achega que por tal concepto lle corresponda á Deputación do Plan Concellos. O incumprimento desta obriga será causa de reintegro da subvención concedida con cargo a este plan.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan de Concellos 2022-2023, aprobadas polo acordo plenario de 26 de novembro de 2021 e publicadas no BOPPO núm. 230 de 27/11/2021 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.





- Asemade, ao abeiro da Base Reguladora 21ª.2 do Plan Concellos 2022-2023, o investimento incluído na anualidade 2022, deberá estar executado o 31 de decembro de 2023 e xustificado na súa totalidade o 31 de marzo de 2024. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado da presente resolución ao *concello de A Guarda*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

4.33094.- CONCESIÓN DE SUBVENCIONS DIRIXIDAS A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO PARA ACTUACIONES NO ÁMBITO SOCIAL PARA O EXERCICIO 2023 (CSX B/23) (Expte. 2022064575)

1º.- Por Acordo da Xunta de Goberno nº 5.32175 de data 3 de febreiro de 2023, aprobouse a convocatoria e bases de subvencións dirixidas a entidades sen fins de lucro para actuacións no ámbito social 2023 (Expediente2022064575), publicadas no BOPPO nº 41 do 28 de febreiro de 2023.

2º.- Segundo o establecido nas bases reguladoras, o obxecto da subvención, tramitada polo procedemento de réxime de concorrencia competitiva, e a financiación de actividades e proxectos de índole social que se desenvolvan na provincia de Pontevedra durante o exercicio 2023, dirixidas a colectivos que polas súas circunstancias persoais, psíquicas, físicas, socioeconómicas ou de natureza análoga se atopen en situación de desvantaxe e vulnerabilidade social.

3º.- As subvencións están dirixidas ás entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro que cumpran os seguintes requisitos (tanto ao momento no que finalizou o prazo de presentación de solicitudes, coma durante todo o período de vixencia da convocatoria):

- Ter a sede social ou unha delegación na provincia de Pontevedra.
- Estar inscritas no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais (RUEPSS) da Xunta de Galicia, regulado no Decreto 254/2011, de 23 de decembro.
- Carecer de fins de lucro e ter obxectivos e finalidades coincidentes co obxecto da subvención, segundo os seus estatutos.
- Estar ao corrente das obrigas coa Axencia Estatal Tributaria, coa Facenda autonómica, coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra.
- Non incorrer nalgunha das prohibición previstas na LXS nin estar incluídas nos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción de axudas ou subvencións públicas.

Todos os requisitos sinalados deberán cumprirse na data na que finalice o prazo de presentación de solicitudes e manterse durante todo o período de vixencia da convocatoria.

4º.- Rematado o prazo de presentación de solicitudes o pasado 28 de marzo de 2023, rexistráronse un total de 124 solicitudes.



5º.- A instrución do procedemento de concesión correspóndelle ao Servizo de Cohesión Social e Xuventude, que realizou de oficio cantas actuacións estimou necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos datos e da documentación, examinando as solicitudes e a documentación presentadas, requirindo ás entidades solicitantes a emenda de defectos ou omisión observados.

6º.- Avaliadas as solicitudes, a Comisión de Avaliación con data 21 de setembro de 2023 emite informe (CSV: YYCX2R5EUKSPE0K2) no que detalla a súa valoración segundo os criterios de concesión establecidos na convocatoria, no que se recolle a relación de entidades para as que se propón a concesión da subvención e a súa contía así como aquelas entidades que quedan excluídas e as súas causas, segundo o seguinte detalle:

“(…)

- 2 solicitudes presentan renuncia a través de instancia xenérica.

EXPEDIENTE	SOLICITUDES QUE PRESENTA RENUNCIA	
2023023226	G27729326	FUNDACIÓN EOMALA
2023024397	G27820182	ARELAS ASOC DE FAMILIAS DE MENORES TRANS*

- 7 solicitudes quedan inadmitidas a trámite.

EXPEDIENTE	SOLICITUDES EXCLUÍDAS POR NON CUMPRIR AS BÁSES QUINTA E SEXTA DA CONVOCATORIA	
2023020767	G02837292	ASOCIACIÓN SOCIAL E CULTURAL RECYCLING (solicita para gastos de investimento)
2023022722	G15775901	ASOCIACIÓN ALAR GALICIA PROXECTOS INSERCIÓN (non acreditan ter sede nin delegación na provincia de Pontevedra)
2023024137	G86780525	FUNDACIÓN PARA LA ACCIÓN SOCIAL POR LA MÚSICA (Non está rexistrada no RUEPSS)
2023024199	G36591832	ASOCIACIÓN SOLIDARIDAD SAN ROQUE (Non presentan proxecto segundo as bases)
2023024374	G42937888	DRAGÓN BOAT GALICIA (Non está rexistrada no RUEPSS)
EXPEDIENTE	SOLICITUDE EXCLUÍDA POR NON ACADAR PUNTUACIÓN MÍNIMA	
2023023229	G27813906	ASOCIACIÓN TRASTORNO ESPECTRO AUTISTA VIGO TEAVI
EXPEDIENTE	SOLICITUDE NON OXECTO DE SUBVENCIÓN	
2023024153	G36796142	ASOCIACIÓN SODINAUTICA



- 115 solicitudes son valoradas segundo os criterios establecidos na Base Décimo Segunda da convocatoria.

Das 115 solicitudes aceptadas por reunir os requisitos establecidos na convocatoria, cabe sinalar que 26 delas presentan variación respecto do orzamento inicial indicado, que son as seguintes:

Nº	Nº EXPTE.	CIF	NOME ENTIDADE
1	2023018681	G36248011	Asociación Lenda de Saúde Mental
2	2023018733	G27727593	Asociación Acción Solidaria Galicia (ASDEGAL)
3	2023019576	G15483498	Asociación Galega para axuda dos enfermos con Demencia tipo Alzheimer AGADEA
4	2023020028	G36021970	ACEESCA Asociación Apoio personas con Diversidade Intelectual
5	2023020049	G27783950	Asociación Diversidades
6	2023020725	G94160355	Asociación CARABELO
7	2023023216	G36626174	Fundación Casa Caridad Vigo
8	2023023217	G36119253	Asociación LAR PRO SALUD Mental de familiares, amigos y enfermos mentales
9	2023023778	G15220577	Asoc Gallega de Hemofilia
10	2023023845	G32187049	ASOCIACIÓN FAMILIARES Y ENFERMEROS MENTALES MOREA
11	2023023865	G15665144	Federación DOWN Galicia
12	2023023867	G36456317	Asociación Parkinson de la Provincia de Pontevedra
13	2023023880	G27753367	Fundación FORMAVIGO
14	2023024094	G36639896	Aldeas Infantiles SOS de Galicia de Vigo
15	2023024107	G36427524	Fundación Igual Arte
16	2023024109	G94089620	Asociación de Enfermos de Artrite Pontevedra
17	2023024118	G36620037	FADEMGGA Plena Inclusión Galicia
18	2023024126	G62090535	Fundación ESPLAI Ciudadanía Comprometida
19	2023024176	G94096088	Asociación ALCER
20	2023024185	G24452435	Fundación Juan Soñador
21	2023024188	G36369494	Asociación Aspadeza
22	2023024378	G36733046	Fundación Tutelar Galega Salvora
23	2023024379	G15859911	Fundación Amigos de Galicia
24	2023024406	R3600377J	Misión Evangélica Urbana de Vigo
25	2023017813	G36254811	Asociación de Alcohólicos Rehabilitados de Pontevedra
26	2023024408	G67116756	Fundación de la Santa Cruz



Así mesmo, consta no expediente que a entidade que se detalla a continuación solicitou a subcontratación con carácter previo de persoas ou entidades vinculadas co beneficiario, por concorrer as circunstancias establecidas na letra d, apartado 7 do artigo 27 da Lei 9/2007 de 13 de xuño de Subvencións de Galicia.

SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN POR VINCULACIÓN			
Nº	Nº EXPTE.	CIF	NOME ENTIDADE
1	2023023867	G36456317	ASOCIACIÓN PARKINSON PROVINCIA DE PONTEVEDRA

O procedemento de concesión das axudas é o de concorrencia competitiva. A contía obterase de aplicarlle un cociente á puntuación que resulte segundo a base décimo segunda. Cada actuación poderá ser valorada con ata un máximo de 100 puntos . (...).”

7º.- Con data 21 de setembro de 2023, Intervención emite informe favorable (CSV: UHH4TH11DW6NWN53) sobre a tramitación do expediente de valoración das 115 solicitudes admitidas a trámite nesta convocatoria e deixa constancia da existencia de crédito dispoñible para facer fronte a este gasto por importe de 470.000,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 23/231.2313.480.02 do vixente orzamento provincial, onde existe crédito autorizado para (A nº 202300024073), e indicando que o órgano competente para a autorización e disposición deste gasto é a Xunta de Goberno, de conformidade co estipulado na Base 13.4 da convocatoria destas subvencións, así como na base 16.2 de execución do vixente orzamento provincial.

8º.- De conformidade co previsto no artigo 24 da Lei xeral de subvencións, o órgano instructor formulou unha proposta de resolución provisional das entidades beneficiarias, das excluídas e da aceptación das renuncias da Convocatoria de subvencións dirixidas a entidades sen fins de lucro para actuacións no ámbito social no ano 2023.

9º.- Con data 28 de setembro de 2023, BOPPO N°188, foi publicado o anuncio da proposta de resolución provisional da convocatoria de subvencións dirixidas a entidades sen fins de lucro para actuacións no ámbito social para o exercicio 2023, de acordo cos termos establecidos no artigo 45 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

10º.- Rematado o prazo outorgado de dez (10) días para formular alegacións á resolución provisional, o resultado é o seguinte:

10.1. 8 entidades presentan solicitude de **reformulación** da proposta de resolución provisional:

- FUNDACIÓN PARA LA PESCA Y EL MARISQUEO (Expte. 2023023804)
- ASANOG (Expte. 2023023821)
- ASOCIACIÓN DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE DAS COMARCAS DO CONDADO E PARADANTA, ADAPTA (Expte. 2023021417)
- ASOCIACIÓN DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE DOS VALES ULLA-UMIA ASDIVALU (expte. 2023022701)



- FUNDACIÓN RESIDENCIA DIVINA PASTORA DE VILAGARCÍA DE AROUSA (expte. 2023022255)
- ASOCIACIÓN DIAGNOSTICADOS DE CANCRO DE MAMA (ADICAM) (Expte. 2023022684)
- DIVERSIDADES (expte. 2023020049)
- FUNDACIÓN AMIGOS DE GALICIA (Expte. 2023024379)

10.1. A entidade MISIÓN EVANGÉLICA URBANA DE VIGO (Expte. 2023024406) presenta renuncia. 11º.- Dado o carácter competitivo desta liña de subvencións, a reformulación de solicitudes deberá respectar o obxecto, condicións, e finalidade da subvención, así coma os criterios de valoración e a documentación avaliable respecto ás solicitudes iniciais, entre os que se atopa o orzamento, os recursos humanos necesarios, a metodoloxía e a temporalización entre outros.

En ningún caso, se poderá autorizar a reformulación cando se danen dereitos de terceiras persoas. A reformulación que, cumprindo os requisitos esixidos, mellorase os aspectos obxecto de valoración poderá ser admitida, sen que a súa aceptación supoña modificación do importe asignado na proposta de resolución provisional.

12º.- Efectuados os axustes derivados das renuncias, alegacións ou reformulacións, formulase a proposta de resolución definitiva, que contén a relación de entidades solicitantes para as que se propón a concesión da subvención e o seu importe, e na que se especifica a avaliación dos proxectos e os criterios de valoración empregados, (CSX\_B/23) para os 114 expedientes propostos, que figuran como anexo a este informe (RELAC/2023000061), e que supoñen o reparto de 470.000,00 euros con cargo á aplicación 23/231.2313.480.02.

13º.- Con data 19 de outubro de 2023 intervención emite informe favorable do expediente (CSV 5HCUHRZC4XTNUZVV).

De acordo có exposto, considerando que o órgano competente para a aprobar a concesión de subvencións é a Xunta de Goberno, de conformidade co establecido na base 13.4 da convocatoria, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1º.- A aprobación da concesión das subvencións dirixidas a 114 entidades sen fins de lucro, para actuacións no ámbito social que se detallan no documento anexo (CSX\_B/23) RELAC/2023000061 (CSV:4TAYXUETF8CYDTPI), por un importe total de 470.000,00 euros con cargo á aplicación 23/231.2313.480.02 do vixente orzamento provincial, para o que existe crédito autorizado (A nº202300024073).

2º.- Admitir as 3 renuncias presentadas:

RENUNCIAS			
Nº	Nº EXTE	CIF	NOME ENTIDADE
1	2023023226	G27729326	FUNDACIÓN EOMAIA
2	2023024397	G27820182	ARELAS ASOC DE FAMILIAS DE MENORES TRANS*
3	2023024406	R3600377J	MISIÓN EVANGÉLICA URBANA DE VIGO



3º.- Desestimar as 7 solicitudes que se detallan a continuación con indicación da súa causa:

SOLICITUDES EXCLUÍDAS PARA ACTUACIÓN NO ÁMBITO SOCIAL (CSX_B/23)			
POR NON CUMPRIR OS REQUISITOS ESTABLECIDOS NAS BASES QUINTA E SEXTA DA CONVOCATORIA			
Nº	Nº EXPTE.	CIF	NOME ENTIDADE
1	2023020767	G02837292	ASOCIACIÓN SOCIAL E CULTURAL RECYCLING (solicita para gastos de investimento)
2	2023022722	G15775901	ASOCIACIÓN ALAR GALICIA PROXECTOS INSERCIÓN (non ten sede nin delegación na provincia de Pontevedra)
3	2023024137	G86780525	FUNDACIÓN PARA LA ACCIÓN SOCIAL POR LA MÚSICA (Non está rexistrada no RUEPSS)
4	2023024199	G36591832	ASOCIACIÓN SOLIDARIDAD SAN ROQUE (Non presentan proxecto segundo as bases)
5	2023024374	G42937888	DRAGÓN BOAT GALICIA (Non está rexistrada no RUEPSS)
POR NON ACADAR A PUNTUACIÓN MÍNIMA			
6	2023023229	G27813906	ASOCIACIÓN TRASTORNO ESPECTRO AUTISTA VIGO TEAVI
POR NON SER OBXECTO DE SUBVENCIÓN			
7	2023024153	G36796142	ASOCIACIÓN SODINÁUTICA

4º.- Autorizar a vinculación de persoal ou servizos externos contratados, segundo o establecido na Base Décimo Sexta, para a subcontratación parcial da actividade subvencionada á seguinte entidade:

SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN POR VINCULACIÓN			
Nº	CIF	ENTIDADE	Nº EXPEDIENTE
1	G36456317	ASOCIACIÓN PARKINSON PROVINCIA DE PONTEVEDRA	2023023867

5º.- Admitir as reformulacións presentadas polas seguintes entidades por cumprir cos requisitos sinalados na base 13.3 da convocatoria:

- Fundación para la Pesca y el Marisqueo NIF G27745397 (Expte.2023023804)
- ASANOG NIF G70349360 (Expte.2023023821)
- Asociación de Persoas con Discapacidade das Comarcas do Condado e Paradanta (ADAPTA) NIF G36453728 (Expte.2023021417)
- Asociación de Persoas con Discapacidade dos Vales Ulla-Umia (ASDIVALU) NIF G36331114 (Expte.2023022701)



- Fundación Residencia Divina Pastora de Vilagarcía de Arousa NIF G36017929 (Expte.2023022255)
- Asociación Diagnosticados De Cancro De Mama (ADICAM) NIF G36380301 (Expte.2023022684)

6º.- Non admitir as reformulacións presentadas polas entidades “Diversidades” (Expte.2023020049) e “Fundación Amigos De Galicia” (Expte.2023024379) porque implican modificación dos criterios de valoración e a documentación avaliable”.

5.33095.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS PARA A SELECCIÓN DAS PERSOAS PARTICIPANTES NAS ACTIVIDADES FORMATIVAS DO PROXECTO “HUB PARA A LOITA CONTRA A FENDA DIXITAL E A SOIDADE NON DESEXADA NO MEDIO RURAL DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA” (Expte. 2023063998)

- ANTECEDENTES E CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS:

1º.- A dixitalización de numerosos servizos e xestións da vida cotiá, incluso das relación e interacción sociais, está a provocar que a fenda dixital entre xeracións e colectivos sociais de persoas maiores vaia en aumento, e que estas últimas sufran unha exclusión involuntaria do sistema, que mingua tanto a súa autonomía como a participación plena na sociedade e acentúa a soidade non desexada.

Co fin de aproveitar as vantaxe que ofrecen as novas tecnoloxías (telemedicina, teleasistencia, etc.) e reducir a fenda interxeracional é necesario promover a participación das persoas maiores na sociedade, obxectivo para o que as Administración públicas deben aproveitar a gran oportunidade que supoñen os avances tecnolóxicos para:

- Contribuír de xeito importante a mellorar a autonomía e a calidade de vida das persoas e a un maior fortalecemento na súa relación administrativa (realización de xestións de carácter administrativo, acceso aos servizos de saúde e asistencia social), rompendo as barreiras á hora de realizar calquera tipo de transacción por medios electrónicos derivados por unha banda, do descoñecemento no seu uso, e por outra da inseguridade que xeran noticias referidas a cibercriminos e ataques a particulares, empresas e institucións.
- Promover o mantemento de relacións e contactos sociais a través de videochamadas e redes sociais, así como fomentar a oportunidade de poder interactuar con persoas con intereses semellantes, creando así canles de comunicación en tempo real con outra xente, para deste xeito, coa adquisición de habilidades dixitais, poder contribuír a que as persoas maiores se sentan máis integradas neste ámbito e mellore a súa calidade de vida.

2º.- Partindo deste contexto, a Deputación de Pontevedra presentou á convocatoria de axudas para o ano 2022 da Orde TED/1358/2021, do 1 de decembro, do Ministerio de Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, para o financiamento de proxectos innovadores para a transformación territorial e loita contra o despoboamento, o proxecto “HUB para a loita contra a fenda dixital e a soidade non desexada no medio rural da provincia de Pontevedra”, resolvéndose favorablemente a concesión da axuda á institución provincial.





3º.- Esta Institución ten entre os seus fins promover a xestión de políticas públicas enfocadas ao reto demográfico, dirixidas en especial a persoas maiores e mocidade.

Nese senso, entre outros, leva a cabo distintos programas e actividades dirixidas ás persoas maiores, cun gran arraigamento na provincia, que teñen como finalidade fomentar o tecido asociativo, a convivencia, e a loita contra a soidade non desexada, e nesa liña, pon en marcha o proxecto *“HUB para a loita contra a fenda dixital e a soidade non desexada no medio rural da provincia de Pontevedra”*.

Este programa desenvolverase inicialmente nos concellos de A Illa de Arousa, As Neves, Cuntis, Moraña e Forcarei, sen prexuízo da posibilidade de escalar nun futuro o proxecto a outros municipios da provincia, en atención aos resultados que se obteñan desta primeira experiencia.

4º.- Dende o punto de vista competencial, este programa está dentro das atribucións conferidas no artigo 36.1.d) da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, que establece como competencias propias da Deputación a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial.

Así mesmo, o artigo 109 letra d) da Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración local de Galicia, establece que serán competencias propias das Deputacións provinciais as que baixo este concepto lles atribúan as leis e en calquera caso, entre outras o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

Por outra banda, a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, establece no seu artigo 3, que os poderes públicos fomentarán o desenvolvemento de actuacións solidarias destinadas a garantir a igualdade de oportunidades no acceso á calidade de vida e á participación social, mediante intervencións que permitan o logro dos obxectivos de proporcionar oportunidades e recursos que garantan a igualdade entre mulleres e homes e posibiliten a conciliación entre a vida persoal, familiar e laboral, así como garantir o apoio ás familias como marco de referencia en que se desenvolven as persoas, e promoverán e dinamizarán a participación comunitaria, o asociacionismo solidario, a axuda mutua e a implicación da cidadanía na posta en marcha de iniciativas de prevención e mellora da cohesión social.

5º.- Con data 5 de setembro 2023, iniciouse o expediente de contratación dun servizo de deseño e impartición da formación e capacitación en competencias dixitais, dentro do proxecto *“Hub para a loita contra a fenda dixital e a soidade non desexada no medio rural da provincia de Pontevedra”* cofinanciado con carácter xeral polo Ministerio para a Transición ecolóxica e o Reto Demográfico.

A contratación deste Servizo de formación require a aprobación das bases reguladoras de selección do alumnado en cada un dos cinco concellos destinatarios da formación.

6º.- En base ao anterior, e cumprindo as directrices fixadas pola Lei 5/2021, de 2 de febreiro de impulso demográfico de Galicia, tramítase esta convocatoria que ten por obxecto regular proceso de selección do alumnado da formación a impartir, nas actividades formativas previstas na base 4, no ámbito do programa *“Hub para a loita contra a fenda dixital e a soidade non desexada no medio rural da provincia de Pontevedra”*.





#### 7º.- Persoas destinatarias e requisitos

O proxecto está dirixido a persoas empadroadas e/ou que presten servizos nos concellos de A Illa de Arousa, As Neves, Cuntis, Forcarei e Moraña.-As persoas interesadas poderán solicitar a súa participación en calidade de alumno/a ou “influencer”, sempre que reúnan os seguintes requisitos:

#### Alumnado:

- Ter nacido con anterioridade ao ano 1973, á data de publicación da presente convocatoria. No se exixirá o requisito de idade ás persoas que acrediten discapacidade e/ou que presten servizos de axuda a domicilio nos Concellos participantes e/ou acrediten a condición de persoa coidadora con maiores a cargo, sempre que sexan maiores de 18 anos e acheguen a documentación recollida na base sexta.

#### Influencer:

Enténdese por “influencer” aquela persoa destacada a nivel municipal e con capacidade de mobilización e influencia sobre outras persoas, grazas á demostración en primeira persoa dos beneficios que lles pode reportar o uso de ferramentas dixitais.

Para participar como “influencer” deberán cumprir os seguintes requisitos:

- Ser maior de 18 anos
- Estar empadroadada nalgún dos concellos participantes.

8º.- A prazas ofertadas serán de ata un máximo de cincuenta (50) por Concello participante. As accións formativas versarán sobre as seguintes temáticas:

ACTIVIDADES FORMATIVAS
1. A Administración electrónica.
2. A sede electrónica da Deputación de Pontevedra .
3. A sede electrónica do meu concello.
4. SERGAS, a súa aplicación electrónica e TELEA.
5. Uso da banca móbil e as compras electrónicas .
6. As redes sociais.
7. ¿Como crear o meu vídeo?.

En cada unha das 7 accións formativas poderán participar un máximo de sete (7) persoas para así garantir unha formación personalizada, adecuada e adaptada ás persoas participantes.



Para impartir a formación deberá acadarse unha participación mínima de catro (4) asistentes por acción formativa.

A formación impartirase de xeito presencial e levarase a cabo nas aulas habilitadas nos concellos participantes, sen prexuízo da súa retransmisión online de xeito simultáneo para que poida seguirse a formación dende outras aulas dos concellos participantes neste programa.

9º.- En cada un dos concellos especificados na base segunda habilitarase un aula de formación que serán dotadas cos medios técnicos necesarios para impartir a formación e para realizar a titorías, de xeito que se permita a gravación, a retransmisión en directo (coa asistencia en remoto de calidade) o almacenamento e reprodución baixo demanda dos eventos formativos, e a subida de novos contidos xerados polo alumnado.

O prazo de presentación de solicitudes comezará a partir do quinto día hábil seguinte ao día seguinte ao da publicación da presente convocatoria no Boletín Oficial da Provincia e na Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra. (Fixarase unha data fixa de presentación de solicitudes).

10º.- Criterios de selección e compromisos das persoas participantes.  
Os criterios de selección e os compromisos das persoas participantes:

Do alumnado. O proceso de selección do alumnado levarase a cabo pola Deputación de Pontevedra actuando cada concello como entidade colaboradora, seguindo os seguintes criterios:

- 1º. Persoas que vivan soas.
- 2º.- Persoas con discapacidade
- 3º. Persoas coidadoras ou que presten servizos de axuda a domicilio no concello
- 4º. Orde de presentación de solicitudes ata cubrir as prazas por curso.

Xerarse unha lista de agarda coas persoas que non obtivesen praza, que se empregará no caso de que se produza algunha vacante.

O alumnado seleccionado está obrigado a:

- Subscribir o documento acreditativo da recepción dos medios e material didáctico preciso para o desenvolvemento das accións formativas.
- Utilizar e conservar os medios técnicos que, no seu caso se poñan á súa disposición, segundo as indicacións do persoal técnico da formación, coa obriga de reintegralos nas mesmas condicións nas que lle foron entregados.
- Cumprimentar diariamente os partes de asistencia á formación.
- Cumprimentar as enquisas de avaliación das actividades formativas que a empresa de formación lles indique.
- Participar na elaboración dos contidos que formarán parte da “pílula formativa”, coa asistencia técnica da empresa adxudicataria da formación, que será subida como contido á Plataforma de Formación.



Persoas co rol de “*Influencers*”.

A selección das persoas “*influencers*” obxecto desta convocatoria realizarase segundo a proposta dunha Comisión de Valoración integrada por representantes dos 5 concellos e da Deputación de Pontevedra.

Axustarán a súa actuación ao disposto para os órganos colexiados na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP). Na súa composición procurarase que haxa unha presenza equilibrada de mulleres e homes, e esta farase pública na páxina web da Deputación de Pontevedra ([www.depo.gal](http://www.depo.gal)) tras rematar o prazo de presentación de solicitudes.

Unha vez visionados os vídeos remitidos polas persoas solicitantes, elixirase ata un máximo de 5 persoas por concello.

Os criterios de valoración serán entre outros os seguintes:

- Coñecementos elementais no uso dos dispositivos dixitais
- Capacidade de comunicación.
- Orixinalidade.
- Motivación e posta en escena.

Finalizada a tramitación das solicitudes, publicarase a relación provisional de persoas admitidas individualizada por Concello participante, reservas, así como das excluídas, facendo referencia ás causa de exclusión.

Esta relación provisional, de acordo co establecido 45 da LPACAP, publicarase no BOPPO e na páxina Web da Deputación de Pontevedra, concedéndose un prazo de 10 días hábiles para emendar os erros da solicitude e achegar a documentación requirida que falte. Transcorrido o mesmo, publicarase a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas no BOPPO e na páxina Web da Deputación de Pontevedra, individualizada por Concellos. As actividades formativas deberán estar rematadas con anterioridade ao 31 de maio de 2024.

11º.- Réxime económico.

A formación é gratuíta para o alumnado, xa que actividade educativa será financiada con cargo ao programa, financiado conxuntamente polo MITECO e a Deputación de Pontevedra. Xa existe documento RC emitido con relación aos expedientes de contratación ligados a esta convocatoria, nº: 2023030012 e 2023047633.

12º.- Con data 20 de outubro de 2023, Intervención emite informe favorable (CSV: K6SCYVHL7THXU50B sobre a tramitación do expediente para a aprobación das bases, deixando constancia de que no proxecto de gasto proxecto de gasto 2210004, HUB PARA A LOITA CONTRA A FENDA DIXITAL E A SOIDADE NON DESEXADA NO MEDIO RURAL, existe crédito para facer fronte ás contratación necesarias para levar a cabo as actividades formativas para cuxa impartición estase a tramitar o correspondente expediente de contratación. O órgano competente para aprobación das bases reguladoras do programa é a Xunta de Goberno, de conformidade co estipulado nas bases de execución do orzamento para 2023.



De acordo có exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobación das bases reguladoras do Programa “HUB PARA A LOITA CONTRA A FENDA DIXITAL E A SOIDADE NON DESEXADA NO MEDIO RURAL DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA”.

Ditas Bases figuran asinadas dixitalmente có (CSV): UG9S71AXLDP30HIV

Pódese verificar a integridade deste documento no enderezo: <https://sede.depo.gal>.

6.33096.- APROBACIÓN DO PROXECTO DE EXECUCIÓN DA OBRA “ACONDICIONAMENTO DE OFICINAS DA SEDE CENTRAL DO ORAL EN PONTEVEDRA” (Expte. 2023035838)

Resultando.- Que derivado da necesidade de reformas na planta primeira nos servizos Centrais do ORAL, situados na Avda de Marín, 9, destinada a dotar a esa planta duns aseos accesibles, así coma duns espazos de circulación e descanso adecuados ós requirimentos actuais, trasladouse ó servizo de Contratación, na data 03/11/2021, informe proposta solicitando que se tramitara o correspondente expediente para a contratación da obra “Reforma parcial no primeiro andar da sede central do ORAL”(Expte 2021053380).

Resultando.- Que por Resolución Presidencial número 2021007088 de data 30.11.2021 aprobouse o proxecto de execución da obra “Reforma parcial na planta primeira da sede central do ORAL, cun orzamento base de licitación de 68.426,21 € IVE incluído IVE incluído.

Resultando.- Que posteriormente á aprobación deste proxecto, dende o ORAL considerouse necesario acometer a reforma dos aseos da planta baixa, debido á numerosa cantidade de traballadores que os utilizan e a necesidade de dotalos de accesibilidade.

Resultando.- Que na súa consecuencia, na data 28.12.2021 emitiu informe Directora de Servizos do ORAL coa conformidade do Deputado Delegado desa área, onde recolle que se considera singularmente necesario que a execución da reforma da planta primeira e dos aseos da planta baixa se leven a cabo de forma simultánea polo mesmo contratista, debido á necesidade de coordinar a execución das diferentes prestacións no mesmo intervalo temporal, como para evitar as dificultades para a correcta execución dende o punta de vista técnico.

Resultando.- Que xunto co informe remitiuse ó Servizo de Contratación o proxecto de execución da obra “Reforma de aseos en planta baixa de Sede Central do Oral.

Resultando.- Que como parte do expediente 2021053380, por Resolución Presidencial número 2022000582 de data 28/01/2022 aprobouse o proxecto de execución da obra “Reforma de aseos en planta baixa de Sede Central do Oral”, redactado polo arquitecto técnico adscrito a Promove Arquitectura, J. Abel Mato Meijome cun orzamento base de licitación de 43.508,89 € IVE incluído e iniciouse o procedemento de licitación da obra “Reforma parcial no primeiro andar e dos aseos da planta baixa da sede central do ORAL”, cun orzamento base de licitación de 111.935,10 € IVE engadido, na que se incluían os dou proxectos antecitados como prego técnico.



Resultando.- Que na data 25.03.2022 o Servizo de Arquitectura informa que, tras consulta ao Concello de Pontevedra, faise imprescindible a execución de obras de ventilación na sede central do ORAL, a fin de legalizar a actividade do ORAL. O ORAL, en coordinación co Servizo de Arquitectura consideran que por razóns de índole técnica e organizativa faise imprescindible a redacción dun novo proxecto único e global que integre as obras de reforma dos aseos da planta baixa e primeira planta da sede central do ORAL e que incorpore, ademais as obras necesarias para a ventilación destes espazos.

Resultando.- Que na súa consecuencia, mediante providencia do Deputado Delegado do ORAL de data 27/09/2023 que consta no expediente con CSV: 8ABWLBBMG3AR99P2, solicítase a tramitación dun novo expediente de contratación para a adxudicación do contrato de obras “Actividade e obras de oficinas da sede central do Oral en Pontevedra.

Resultando.- Que a tal fin, redáctase polo arquitecto José Abel Mato Meijome, adscrito á empresa Promove Arquitectura, o proxecto de “Actividade e obras de oficinas da sede central do Oral en Pontevedra” con orzamento base de licitación de 277.353,63 € IVE incluído. Neste proxecto se integran o proxecto conxunto das obras de reforma da planta baixa e primeira planta así como as instalacións de ventilación na sede central do ORAL en Pontevedra.

Resultando.- Que pola Intervención emitíronse os seguintes documentos RC, acreditando a existencia de consignación orzamentaria para facer fronte a este gasto:

Nº OPERACION	APLICACION ORZAMENTARIA	IMPORTE
202300211488	23/932.9320.632.01	115.939,64 €
202300211490	23/932.9320.632.01.2022	30.000,00 €
202300211491	23/932.9320.632.01.2020	131.413,99 €

Resultando.- Que consta no expediente, informe de supervisión do proxecto, emitido pola xefa do Servizo de Arquitectura Dona María del Carmen Gómez Manzano, que consta no expediente con CSV: G8519BINJK5DPU9G.

Resultando.- Consta no expediente xustificante de presentación ante o Concello de Pontevedra de comunicación previa de obras e apertura para o proxecto de "Actividade e obras de oficinas da sede central do Oral en Pontevedra" na data 03/05/2023.

Resultando.- Que con data 19/10/2023 emitiu informe a xefa do Servizo de Fiscalización recollendo o seguinte: “...*infórmase favorablemente o expediente...*”

Considerando.- Que o artigo 231 da LCSP establece que: “...*a adxudicación dun contrato de obras requirirá a previa elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto que definirá con precisión o obxecto do contrato. A aprobación do proxecto corresponderá ó órgano de contratación...*”



Considerando.- Todo o recollido no Título I, Capítulo I, sección 1ª da LCSP, referente ás actuacións preparatorias do contrato de obras.

Considerando.- Que de conformidade ó sinalado no art. 348 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei do solo de Galicia (RLSG), os actos de construción, edificación e uso do solo requiriran, para o seu lícito exercicio, de licenza ou comunicación previa, de conformidade co establecido no presente regulamento. As actuacións obxecto deste expediente están suxeitas ao réxime de comunicación previa consonte o art. 360 da LSG.

Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta á Ilma. Sra. Presidenta para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras o importe de douscentos mil euros.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar o proxecto de execución da obra ““Actividade e obras de oficinas da sede central do Oral en Pontevedra” redactado polo arquitecto D. José Abel Mato Meijome, adscrito á empresa Promove Arquitectura de cun orzamento base de licitación de 277.353,63 € IVE incluído. A este proxecto asignóuselle o código (CSV) U7RFRWLAB8KDQGZ0.

7.33097.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN, MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO, TRÁMITE DE URXENCIA, DO CONTRATO DE “IMPLANTACIÓN DUNHA PLATAFORMA DE VIDEOACTAS E RETRANSMISIÓN DE PLENOS DOS CONCELLOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA NO MARCO DO PRTR COMPOÑENTE 11, INVERSIÓN 3, E DA ORDE TER/836/2022, LIÑA 2” (FONDOS NEXTGENERATIONEU). (Expte.2023060495)

Mediante Acordo do 27 de abril de 2021, o Consello de Ministros aprobou o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR), que incorpora unha importante axenda de investimentos e reformas estruturais. Para iso, o citado Plan estrutúrase en catro eixos dedicados á transición ecolóxica, transformación dixital, cohesión social e territorial e igualdade de xénero, que á súa vez orientan dez políticas panca e trinta compoñentes. A cuarta política panca é unha Administración para o século XXI, que expón unha modernización da Administración para responder as necesidades da cidadanía e a economía en todo o territorio. O compoñente 11, cifra como obxectivos estratéxicos a dixitalización e modernización das administracións públicas, a transición enerxética e o reforzo das capacidades administrativas.



Neste marco, publicouse a Orde TER/836/2022, do 29 de agosto, pola que se aproban as bases reguladoras e efectúase a convocatoria correspondente a 2022, de subvencións destinadas á transformación dixital e modernización das administracións das entidades locais, no marco do PRTR.

Segundo establece a convocatoria, unha das actuacións subvencionables é a Liña estratéxica 2 –Operacións intelixentes, cuxo fin é a mellora da calidade, cantidade e eficiencia dos servizos e procesos de xestión e tramitación das administracións públicas, a través da utilización de tecnoloxías de automatización intelixente, robotización de procesos (RPA), xestión intelixente de procesos (BPM), intelixencia artificial (IA), etc. A correcta aplicación destas tecnoloxías proporciona beneficios tales como a redución dos tempos de tramitación e a mellora do servizo. Así mesmo, acorde ao artigo 5.5 da Orde, establécese que se as entidades beneficiarias son as deputacións provinciais de réxime común, os proxectos realizados terán como destinatarios os concellos con poboación inferior a 20.000 habitantes.

Por todo o exposto, a Deputación de Pontevedra formula a implantación dun sistema automático intelixente de xestión de órganos colexiados nos concellos que porá á disposición dos concellos de menos de 20.000 habitantes da provincia de Pontevedra (segundo cifras de poboación resultantes da revisión do Padrón municipal referidas ao 1 de xaneiro de 2020) para ser beneficiaria da convocatoria de axudas da Orde TER/836/2022 dentro da liña estratéxica 2; financiando ao 100% polo Ministerio de Política Territorial a través dos fondos NextGenerationEU.

O 1 de xuño de 2023 notificouse a resolución de concesión da convocatoria de axudas, resultando a Deputación de Pontevedra beneficiaria da mesma. Con data 4 de setembro de 2023 o Ministerio de Política Territorial notificou a extensión do período de execución ata o vindeiro 30 de abril de 2024.

Unha das actuacións contempladas na execución do proxecto é a posta en marcha dun sistema automático de xestión de órganos colexiados para que os concellos de menos de 20.000 habitantes da provincia de Pontevedra poidan dispoñer dunha ferramenta que permita a gravación e emisión en vídeo dos plenos de forma automática e que conte con ferramentas de edición que o indexen coas garantías de seguridade e validez que se requiran. Deste xeito a Deputación poderá cumprir co establecido no art. 36 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Visto que a Deputación de Pontevedra non conta con medios humanos nin técnicos suficientes para realizar directamente estes traballos, con data 28 de setembro de 2023, o xefe do servizo de Novas Tecnoloxías emite informe, rectificado con data 10 de outubro de 2023, no que, co visto e prace da deputada, propón contratar a *Implantación dunha plataforma de videoactas e retransmisión de plenos dos concellos da provincia de Pontevedra no marco do PRTR compoñente 11 e da Orde TER/836/2022. Liña 2.*

O contrato proposto ten un prazo de execución de 4 meses, e un orzamento base de licitación de 600.000,00€. Xunto coa proposta, o servizo achega o prego de prescricións técnicas.

Tendo en conta que, con data 2 de outubro de 2023, o xefe do servizo de Contratación emite proxecto de memoria xustificativa para a pretendida contratación, na que informa que o réxime xurídico aplicable é o propio dun contrato administrativo de subministración. O procedemento a aplicar é o procedemento aberto,



sendo este o procedemento ordinario, segundo o artigo 131.2 LCSP. A versión definitiva do documento asinase con data 18 de outubro de 2023.

Visto que o servizo de Contratación elabora o borrador de prego de cláusulas económico-administrativas particulares, e, con data 2 de outubro de 2023, solicita o preceptivo informe á Secretaría.

Tendo en conta o informe favorable da Secretaría Xeral, de data 6 de outubro de 2023, complementado con data 17 de outubro de 2023.

Visto que con data 16 de outubro de 2023, o servizo de Contratación solicita o preceptivo informe de fiscalización á Intervención, nos termos previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria.

Tendo en conta o informe favorable da Intervención, de data 18 de outubro de 2023, coas seguintes observacións e recomendacións:

*“1.- Na declaración de ausencia de conflito de interese (DACI), a data de hoxe falta pro asinar algunha das persoas participantes no procedemento de execución.*

*2.- (\*) Respecto dos apartados 6, 7 e 8 dos aspectos específicos PRTR: O subproxecto correspondente á actuación proposta non establece fitos e obxectivos, nin obrigas referidas ao etiquetado verde ou dixital de aplicación, mais alá das referidas á propia adxudicación e execución do contrato segundo recolle a ficha de definición do subproxecto, o que xustifica a non inclusión destas referencias nos pregos nin na documentación anexa.*

*En relación cós condicionantes específicos de DNSH, recóllense nos pregos os mecanismos establecidos para o seu control así como o réxime de penalidades no caso de incumprimento.*

*Sinalar asemade que na Ficha de definición de subproxecto veñen recollidos condicionantes DNSH que deben ser repercutidos aos concellos destinatarios do contrato.*

*3.- Na cláusula 10.1 do apartado I. “Cláusulas particulares” do prego de cláusulas económico-administrativas particulares recóllense varios criterios avaliábeis mediante un xuízo de valor. A este respecto sinalar que, con carácter xeral deben, sempre e cando sexa posible, primar os criterios obxectivos e dar preponderancia a aqueles que fagan referencia a características do obxecto do contrato que se poidan valorar mediante cifras ou porcentaxes obtidos mediante a mera aplicación das fórmulas establecidas nos pregos, de acordo co recollido no artigo 146.2 da LCSP.*

*No informe técnico de valoración das ofertas, deben recollerse de forma clara as razóns nas que se fundamentan as puntuacións acadadas por cada licitador, sen que se poidan incluír aspectos que non figuren recollidos previamente no prego de cláusulas económico-administrativas particulares dentro de cada criterio/subcriterio.*

*4.- Recordar que, en todo caso, con carácter previo á adxudicación deberá acreditarse o cumprimento das esixencias en materia de análises de risco de conflito de intereses, nos termos definidos na Orde HFP/55/2023, de 24 de xaneiro, relativa á análise sistemática do risco de conflito de intereses nos procedementos que executan o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, de maneira que ademais da sinatura dos DACI, se incorpore o resultado da análise correspondente á aplicación MINERVA.”*





Visto que con data 22 de setembro de 2023, a Intervención emite documento de retención de crédito número 202300197141 polo importe de 600.000,00 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 23/926.4910.65299 do vixente orzamento provincial.

Tendo en conta o artigo 16 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo o cal calificáanse como contratos de subministración os que teñan por obxecto a adquisición, o arrendamento financeiro, o arrendamento, con ou sen opción de compra, de produtos ou bens mobles. Dentro destes, serán contratos de subministración, en todo caso, os que teñan por obxecto a adquisición e o arrendamento de equipos e sistemas de telecomunicacións ou para o tratamento da información, os seus dispositivos e programas, e a cesión do dereito de uso destes últimos, en calquera das súas modalidades de posta a disposición, fóra dos contratos de adquisición de programas de computador desenvolvidos a medida, que se considerarán contratos de servizos.

Tendo en conta os artigos 116 e 117 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establecen que a celebración de contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade y que deberá ser publicado no perfil do contratante. Completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto.

Tendo en conta o artigo 122.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establece que os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente coa mesma, e sempre antes da licitación do contrato, ou, de non existir esta, antes da súa adxudicación.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16<sup>a</sup>.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de subministración cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Declarar a urxencia do expediente para contratar a *“Implantación dunha plataforma de videoactas e retransmisión de plenos dos concellos da provincia de Pontevedra no marco do PRTR compoñente 11 e da Orde TER/836/2022. Liña 2”* (Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia - Financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU), motivada no informe do servizo de Novas Tecnoloxías, de data 10 de outubro de 2023 (CSV: 7QLP8BKCAU4N05KS).



Dito informe xustifica que os prazos dados polo Ministerio de Política Territorial para a execución da Orde TER son moi curtos (ata o 30 de abril de 2024), e estímase unha execución da presente contratación duns 4 meses. Cuns prazos ordinarios quedaría un prazo de execución moi reducido para levar a cabo as tarefas de reformulo (necesarias para adaptar a solución a cada entidade local) nos concellos conveniados. O equipamento necesario para a presente contratación xa existe no mercado, polo que o seu subministro non debería presentar un problema, en canto á configuración para cada entidade local está perfectamente acoutada, polo tanto pese a redución de tempo as empresas interesadas en presentar oferta terán tempo material para presentar as súas ofertas non limitándose a concorrencia e axustándose aos principios de liberdade de acceso ás licitacións.

De conformidade co establecido no 50 RD-L36/2020, de 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, e o 119 da Lei 9/2027, de 8 de novembro, o expediente gozará de preferencia para o seu despacho, e os prazos fixados na LCSP para a tramitación do procedemento aberto reduciranse a metade por exceso, coas salvidades sinaladas en dito artigo.

O prazo de inicio da execución do contrato non poderá exceder dun mes, contado desde a súa formalización.

2.- Aprobar o expediente para a adxudicación, mediante procedemento aberto, do contrato de “*Implantación dunha plataforma de videoactas e retransmisión de plenos dos concellos da provincia de Pontevedra no marco do PRTR compoñente 11 e da Orde TER/836/2022. Liña 2*” (Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia - Financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU)

O prazo máximo de execución será de 4 meses, contados a partir da formalización do contrato. Unha vez realizada, comezará o período de garantía da solución.

O orzamento base de licitación (límite máximo de gasto, incluído o IVE) ascende á cantidade de 600.000,00€. O valor estimado é de 495.867,7€.

3.- Aprobar os pregos de cláusulas económico-administrativas particulares (CSV: TUSOIQW2WE5FU5E) e de prescricións técnicas (CSV: TAE0SUHQ0MAUEFTX) que rexerán dita contratación.

4.- Autorizar o gasto polo importe máximo de 600.000,00 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 23/926.4910.65299 do vixente orzamento provincial.

5.- Nomear responsable do contrato a Juan Gabriel Fernández García de la Rocha, xefe do servizo de Novas Tecnoloxías da Deputación de Pontevedra.

6.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación, concedendo un prazo para a presentación de proposicións que rematará ás 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 17 días naturais, contados desde a data de envío do anuncio de licitación á Oficina de Publicacións da Unión Europea.



8.33098.-

APROBACIÓN DO EXPEDIENTE PARA A CONTRATACIÓN, MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO, DA “SUBMINISTRACIÓN DE ILLAS ECOLÓXICAS E DISPOSITIVOS PARA O RECICLAXE DE RESIDUOS ESPECIAIS DO PROXECTO “DA TÚA MAN” (RURAL) PRESENTADO Á CONVOCATORIA DE AXUDAS 2022 PARA O APOIO DA ACTIVIDADE COMERCIAL EN ZONAS RURAIS COFINANCIADO POLO MINISTERIO DE INDUSTRIA, COMERCIO E TURISMO NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA – NEXTGENERATIONEU”. (Expte. 2023060336)

A Deputación de Pontevedra, a través do servizo de Promoción do Emprego e Desenvolvemento Local e nesta actividade en concreto, basease na cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial tal e como sinala o art. 36.1.d da Lei de Bases de Réxime local. A tal efecto os obxectivos desta institución están en liña co Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia así como coa convocatoria e proxecto que se pretende executar.

Neste sentido, a Deputación de Pontevedra aprobou un Plan de Reactivación con motivo da pandemia COVID-19 ca finalidade de fortalecer e impulsar a actividade de sectores estratéxicos da nosa provincia prestando especial atención ao produto e comercio local. Dito Plan centrouse en tres tipos de actuacións: asesorar e mellorar as habilidades dixitais dos pequenos negocios (especialmente o comercio e hostalaría), fomentar o consumo no comercio local, así como os produtos de km 0 e reparto de material publicitario nos municipios de menos de 20.000 habitantes.

O 5 de xullo de 2022 publicouse no Boletín Oficial do Estado número 160 o Extracto da Resolución da Secretaría de Estado de Comercio de 30 de xuño de 2022, pola que se aproba a convocatoria 2022 da liña de axudas para o apoio da actividade comercial en zonas rurais, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia cuxas bases reguladoras recóllense na Orde ICT/950/2021, de 10 de setembro (BOE núm. 218 de 11 de setembro de 2021), modificada pola Orde ICT/566/2022 de 15 de xuño (BOE núm. 148 de 22 de xuño de 2022) e a Orde ICT/185/2023 de 22 de febreiro (BOE núm. 49 de 27 de febreiro de 2023). As axudas que se financian conforme a esta Orde enmárcanse na inversión 4.2.2, apoio ao comercio, do compoñente 13, impulso á Pyme, do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia do Goberno de España. En consecuencia, a Deputación de Pontevedra presentou o proxecto “Da Túa Man” á citada convocatoria.

O 27 de febreiro de 2023 a Dirección Xeral de Política comercial do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo notificou a resolución de concesión da citada axuda solicitada pola Deputación de Pontevedra para o proxecto “Da Túa Man” cun orzamento financiable de 624.965,00 € e 499.972,00 euros de subvención proposta. En consecuencia, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra na súa sesión ordinaria do día 10 de marzo de 2023 adoptou, entre outros, o acordo (nº 40.32418) de aprobación e xeración de crédito do citado proxecto.



Polo que para a consecución dos fitos e obxectivos marcados na convocatoria e na memoria do proxecto presentada e polo menos executar os requisitos sinalados no art. 25.2.b da Orde citada financiada pola Unión Europea – NextGenerationEU, lévase a cabo a contratación das actuacións relativas á instalación de illas ecolóxicas e dispositivos para a reciclaxe de residuos especiais para o fomento da economía circular e a sustentabilidade.

Por tanto, o sistema consiste nun colector de residuos municipais de pequeno formato para os distintos tipos de residuos (pilas, lámpadas, baterías, residuos electrónicos, ...) e que incorporarán paneis informativos sobre a xestión e concienciación da cidadanía e das actividades comerciais.

Por todo anterior, é necesario a tramitación do correspondente expediente de contratación para execución das actuacións relativas á instalación de illas ecolóxicas e dispositivos para a reciclaxe de residuos especiais do proxecto “Da túa man” (rural) presentado á convocatoria de axudas 2022 para o apoio da actividade comercial en zonas rurais cofinanciado polo Ministerio de Industria, Comercio e Turismo no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU.

En base ao exposto, con data 22 de setembro de 2023, o vicepresidente segundo, dita providencia na que propón a contratación da Subministración de illas ecolóxicas e dispositivos para o reciclaxe de residuos especiais do proxecto “Da túa man” (rural) presentado á convocatoria de axudas 2022 para o apoio da actividade comercial en zonas rurais cofinanciado polo Ministerio de Industria, Comercio e Turismo no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU. Xunto coa proposta, o servizo achega o prego de prescricións técnicas.

Vista a solicitude de tramitación pola vía da urxencia por parte do servizo xestor, non procede admitila neste caso polos seguintes motivos:

*Considerando o artigo 50.1 apartado b) do RD 36/2020, que establece o mantemento dos prazos sen cambios sinalados no artigo 159 apartados 3 e 4 da Lei 9/2017, en especial o prazo de presentación de proposicións que será dun máximo de 15 días naturais. De conformidade co apartado 5, que sinala que en caso de declaración de emerxencia non se producirá redución de prazos. E tendo en conta que unicamente se contempla no RD 36/2020, unha redución do prazo na valoración das ofertas nos técnicos en 3 días, enténdese que non é unha razón definitiva nin transcendente en si mesma para xustificar a excepcionalidade da declaración de urxencia.*

Tendo en conta o anterior, xustifícase igualmente a prioridade na tramitación do expediente polos seguintes motivos:

*O artigo 50.2 Real Decreto-lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, e a Resolución Presidencial, nº 2023001137, de data 10 de febreiro de 2024, establece a preferencia dos contratos e acordos marco que se vaian a financiar con fondos europeos para o seu despacho sobre calquera outro polos distintos órganos que interveñan na súa tramitación. Así mesmo, os prazos para emitir os respectivos informes quedarán reducidos a cinco días naturais, sen que caiba prórroga algunha deste prazo.*



Visto que con data 03/10/2023, a Intervención emite documento de retención de crédito número 202300202825 polo importe de 183.799,00 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 23/240.4315.652.99 do vixente orzamento provincial.

Tendo en conta que, con data 23/10/2023, o xefe do servizo de Contratación emite memoria xustificativa para a pretendida contratación, na que informa que o réxime xurídico aplicable é o propio dun contrato administrativo de subministración. O procedemento a aplicar é o procedemento aberto, sendo este o procedemento ordinario, segundo o artigo 131.2 LCSP.

Tendo en conta o informe favorable da Secretaría Xeral, de data 06/10/2023, e as observacións contidas no mesmo.

Vistas as aclaracións e emendas realizada na documentación preparatoria do expediente, polo servizo de Promoción do Emprego e Desenvolvemento Local, reflectida no informe de data 19/10/2023.

Tendo en conta o informe favorable da Intervención, de data 19/10/2023, coas seguintes observacións e recomendacións:

*“1.- (\*) Respecto dos apartados 6, 7 e 8 dos aspectos específicos PRTR: O subproxecto correspondente á actuación proposta non establece fitos e obxectivos, nin obrigas referidas ao etiquetado verde ou dixital de aplicación, o que xustifica a non inclusión destas referencias nos pregos nin na documentación anexa.*

*2.- Os pregos de prescricións técnicas particulares deben contar coa conformidade dunha persoa técnica do Servizo de Arquitectura (ou outra competente na materia) e, respecto do recollido na cláusula 8 (Condicións de seguridade, permisos e licenzas) sobre a obtención dos permisos, licenzas e autorizacións que foran necesarias para a execución dos traballos que correrán a cargo dos concellos beneficiarios do proxecto Da Túa Man (Rural), sinalar que debe verificarse que esta condición se cumpra por parte dos concellos, debendo estar a disposición da Deputación antes da realización da prestación por parte da empresa que resulte adxudicataria.*

*3.- A duración do contrato estímase en 5 meses desde a súa formalización e, en todo caso, ata o 31 de maio de 2024. Tendo en conta a data na que nos atopamos, a fase na que se atopa o expediente e que a totalidade do financiamento se establece con cargo á respectiva aplicación do exercicio 2023, sinalar que debe terse en conta o principio de temporalidade dos créditos, polo que a súa duración debería establecerse ata o 31 de decembro de 2023 ou imputar ao exercicio orzamentario 2024 a parte de gasto correspondente.*

*4.- Recordar que, en todo caso, con carácter previo á adxudicación deberá acreditarse o cumprimento das esixencias en materia de análises de risco de conflito de intereses, nos termos definidos na Orde HFP/ 55/ 2023, de 24 de xaneiro, relativa á análise sistemática do risco de conflito de intereses nos procedementos que executan o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, de maneira que ademais da sinatura dos DACI, se incorpore o resultado da análise correspondente á aplicación MINERVA.”*

Tendo en conta o artigo 16 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo o cal calificanse como contratos de subministración os contratos que teñen por obxecto a adquisición, o arrendamento financeiro, con o sen opción de compra, de produtos ou bens mobles.



Tendo en conta os artigos 116 e 117 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establecen que a celebración de contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade y que deberá ser publicado no perfil do contratante. Completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto.

Tendo en conta o artigo 122.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establece que os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente coa mesma, e sempre antes da licitación do contrato, ou, de non existir esta, antes da súa adxudicación.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16<sup>a</sup>.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de subministracións cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto, da *“Subministración de illas ecolóxicas e dispositivos para o reciclaxe de residuos especiais do proxecto “Da túa man” (rural) presentado á convocatoria de axudas 2022 para o apoio da actividade comercial en zonas rurais cofinanciado polo Ministerio de Industria, Comercio e Turismo no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU”*.

O prazo máximo de duración será de 5 meses contados a partires da formalización do en todo caso, antes do 31 de maio de 2024.

No suposto de que o Ministerio de Industria, Comercio e Turismo conceda prórrogas no marco da convocatoria do proxecto Da túa Man presentada pola Deputación de Pontevedra poderá ampliarse a data límite prevista para a execución do contrato ata un máximo de 2 meses e medio adicionais.

No obstante, a Deputación de Pontevedra resérvase a facultade de renunciar ao contrato no caso de que non sexa posible a súa adxudicación antes do 31 de decembro do 2023, agás que o Ministerio de Política Territorial aprobe unha nova ampliación do prazo de execución do proxecto antes da data indicada.

O orzamento base de licitación (límite máximo de gasto, incluído o IVE) ascende á cantidade de 183.799,00€. O valor estimado é de 151.900,00€.



En todo caso, a adxudicación quedará condicionada a acreditación do cumprimento das esixencias en materia de análises de risco de conflito de intereses, nos termos definidos na Orde HFP/55/2023, de 24 de xaneiro, relativa á análise sistemática do risco de conflito de intereses nos procedementos que executan o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, de maneira que ademais da sinatura dos DACI, se incorpore o resultado da análise correspondente á aplicación MINERVA.

2.- Aprobar os pregos de cláusulas económico-administrativas particulares (CSV: JHGNETPXZ4J3L5UW) e de prescricións técnicas (CSV: N4EOTCBLTAFIRB9U) que rexerán dita contratación.

3.- Autorizar o gasto polo importe máximo de 130.438,00 € (lote 1), con cargo á aplicación orzamentaria 240.4315.652.99 e o importe máximo de 53.361,00 € (lote 2) , con cargo á aplicación orzamentaria 240.4315.652.99 ; do vixente orzamento provincial.

4.- Nomear responsable do contrato a Manuel Corujo Castro, Xefe do Servizo de Promoción de emprego da Deputación de Pontevedra.

5.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación, concedendo un prazo para a presentación de proposicións que rematará ás 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 15 días naturais, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación do contrato no perfil do contratante.

9.33099.- APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN Nº 5 DO CONTRATO DO “SERVIZO DE LIMPEZA NOS DIFERENTES CENTROS E SEDES DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA, PARA DAR DE BAIXA A ESCOLA DE CANTEIROS NO LOTE 1: SERVIZOS CENTRAIS”. (Expte. 2018058000)

O Pleno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria do día 28 de febreiro de 2020, adxudicou o *Lote 1: Servizos Centrais*, do contrato de *Servizo de limpeza nos diferentes centros e sedes da Deputación de Pontevedra*, á empresa Limpiezas Cíes, S.L., con CIF: B-36631935, polo prezo total de 1.331.000,00 euros, para dous anos (1.100.000,00 € máis 231.000,00 € correspondente ao 21% IVE).

O contrato formalizouse en documento administrativo de data 29 de maio de 2020, cun prazo de duración de dous anos, contado desde o 1 de xuño de 2020, e a posibilidade de tres prorrogas anuais. Na actualidade atópase prorrogado ata o 31 de maio de 2024, unha vez aprobada a segunda prórroga do contrato mediante acordo do Pleno do día 28 de abril de 2023.

Asemade, o referido *Lote 1, Servizos Centrais*, modificouse mediante acordos da Xunta de Goberno, adoptados en sesión ordinaria dos días 19 de febreiro de 2021 (modificado núm. 2), 9 de xullo de 2021 (modificado núm. 3) e 17 de marzo de 2023 (modificado núm. 4), para, respectivamente, incrementar o tempo de limpeza na Finca Mouriscade; cesar a prestación do servizo nos parques comarcais de maquinaria de Codeseda (A Estrada) e de Pontearreas; e realizar un axuste organizativo nos centros Imprenta Provincial e Parque Central de Maquinaria.





Os prezos de adxudicación modificados, desagregados por centros, son os seguintes:

	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	PREZO MENSUAL (sen IVE)	IVE (21%)	PREZO MENSUAL (co IVE)
PAZO PROVINCIAL	920.9200.227.00	12.570,08 €	2.639,72 €	15.209,80 €
EDIFICIO ADMINISTRATIVO	920.9200.227.00	6.119,74 €	1.285,15 €	7.404,89 €
SEDE VIGO	920.9200.227.00	2.791,81 €	586,28 €	3.378,09 €
E.F. AREIRO	413.4123.227.00	5.471,78 €	1.149,07 €	6.620,85 €
EDIFICIO APEROS SOUTOMAIOR	410.4100.227.00	1.628,59 €	342,00 €	1.970,59 €
ESCOLA CANTEIROS	324.3243.227.00	2.107,58 €	442,59 €	2.550,17 €
IMPRESA PROVINCIAL (Modificado núm. 4)	924.9240.227.00	730,77 €	153,46 €	884,23 €
PARQUE MAQUINARIA (Modificado núm. 4)	456.4530.227.00	1.088,15 €	228,51 €	1.316,66 €
PARQUES COMARCAIS (Modificado núm. 3)	456.4530.227.00	613,86 €	128,91 €	742,77 €
OFICINAS REVITALIZA	923.1623.227.00	734,64 €	154,27 €	888,91 €
ARQUIVO PROVINCIAL	411.4120.227.00	3.582,53 €	752,33 €	4.334,86 €
FINCA MOURISCADE (Modificado núm. 2)	332.3322.227.00	2.485,42 €	521,94 €	3.007,36 €
VIVEIRO EMPRESAS BARRO-MEIS	942.4330.227.00	2.259,53 €	474,50 €	2.734,03 €
CSAE (VIVEIRO BARRO)	942.4331.227.00	660,55 €	138,71 €	799,26 €
VIVEIRO EMPRESAS LALÍN	942.4330.227.00	1.634,45 €	343,23 €	1.977,68 €

Visto que o Pleno da Deputación, na súa sesión ordinaria do día 28 de abril de 2023, aprobou inicialmente o expediente de transferencia da Escola de Cantería desta Deputación á Xunta de Galicia, o cal entendeuse elevado a definitivo unha vez transcorrido o prazo de exposición pública sen reclamacións.

Con data 31 de agosto de 2023, asinouse acta de entrega dos bens, dereitos e recursos persoais e materiais da Escola de Cantería de Poio á Xunta de Galicia, polo que a partir desa data a Xunta asume plenamente a xestión, organización e funcionamento regular do centro, incluíndo o relativo á limpeza das instalacións.

Polo exposto, mediante escrito de data 20 de setembro de 2023 (Registro saída NOT2023021918, de 20/09/2023), comunicóuselle a Limpiezas Cíes, S.L. o cese da prestación do servizo na Escola de Canteiros, con efectos desde o 1 de outubro de 2023.





Tendo en conta que a cláusula 22 do prego administrativo regulador do contrato de limpeza previu a posibilidade de modificalo en determinadas circunstancias.

Así, establece que, de acordo co disposto no artigo 204 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, poderá modificarse o contrato, sendo obrigatorias estas modificacións para o contratista, cando por razóns de interese público sexa necesario aumentar o reducir o servizo previsto nos pregos técnicos.

A modificación do contrato tramitarase e formalizarase nos termos previstos nos artigos 203 e seguintes, e no artigo 153 da LCSP, e publicarase de conformidade cos artigos 63 e 207 da LCSP. No expediente deberá xustificarse debidamente a necesidade polo responsable do contrato.

Entre as causas obxectivas que poderían dar lugar á tramitación dun modificado, prevé a baixa de instalacións e/ou dependencias vinculadas á Deputación de Pontevedra, circunstancia concorrente no presente caso, ao ser transferida a Escola de Canteiros á Xunta de Galicia o pasado 31 de agosto de 2023.

O cambio supón unha minoración no prezo do contrato de 2.550,17 euros mensuais (2.107,58 €, máis 442,59 € correspondentes ao 21% IVE), na aplicación orzamentaria 324.3243.227.00, que se aplicaría nos oito meses que van desde o 1 de outubro de 2023 ao 31 de maio de 2024, sen prexuízo das eventuais prórrogas, o que se traduce nunha variación de 20.401,36 euros menos no prezo de adxudicación anual (minoración do 3,06%).

Esta modificación, unida ás anteriores, estaría dentro do límite do 20% do prezo inicial que marca a devandita cláusula do prego administrativo.

Tendo en conta o informe do responsable do contrato, de 20 de setembro de 2023, que, coa conformidade da Secretaría Xeral de data 4 de outubro de 2023, conclúe o seguinte:

*“Coa transferencia da Escola de Canteiros á Xunta de Galicia, formalizada o pasado 31 de agosto de 2023 mediante a sinatura da correspondente acta de entrega, esta asume plenamente a xestión, organización e funcionamento regular do centro, incluíndo todo o relativo á limpeza das instalacións.*

*Dita circunstancia, prevista como causa de modificación do contrato na cláusula 22 do prego administrativo regulador do Servizo de limpeza nos diferentes centros e sedes da Deputación de Pontevedra, motiva a necesidade de suprimir a prestación do servizo na Escola de Canteiros, o que xa foi comunicado á empresa, con efectos desde o día 1 de outubro de 2023.*

*Polo exposto, visto que a citada modificación cumpriría o alcance, límite e natureza previsto nos pregos, sen alterar en ningún caso a natureza global do contrato, considérase procedente que sexa acordada, nestes termos, polo órgano de contratación, se así o estima oportuno, e previos os preceptivos informes da Secretaría e da Intervención.”*

Tendo en conta a dilixencia de fiscalizado e conforme da Intervención, de data 17 de outubro de 2023.



Tendo en conta os artigos 203 e seguintes da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que regulan a modificación dos contratos en base ao principio de igualdade de trato entre os licitadores.

Como corolario do devandito principio, a Lei contempla unicamente dúas posibilidades para poder realizar unha modificación do contrato: que estea previstas de forma clara, precisa e inequívoca na documentación da licitación; ou, en caso contrario, que concorra algún dos supostos establecidos no artigo 205 LCSP, e a modificación non afecte a ningunha condición esencial ou substancial da licitación.

Tendo en conta que a cláusula 22 do prego administrativo deste contrato previu como causa obxectiva de modificación a “*baixa ou incorporación de novas instalacións e/ou dependencias vinculadas á Deputación de Pontevedra e non incluídas no Anexo I do PPT*”, e que as instalacións afectadas e o custe a diminuír na facturación están determinados de xeito claro nos pregos.

Tendo en conta o artigo 109.3 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establece que cando, como consecuencia dunha modificación do contrato, experimente variación o seu prezo, deberase reaxustar a garantía para que garde a debida proporción co novo prezo modificado, no prazo de quince días contados desde a data en que se notifique o acordo de modificación.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e do acordo do Pleno da Corporación Provincial número 3.7349, adoptado na súa sesión extraordinaria do día 5 de novembro de 2019, que, por razóns de celeridade, delega na Xunta de Goberno a aprobación das modificacións previstas no prego regulador do presente contrato.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar a modificación número 5 do contrato de “*Servizo de limpeza nos diferentes centros e sedes da Deputación de Pontevedra. Lote 1: Servizos Centrais*”, subscrito coa empresa *Limpiezas Cies, S.L.* (CIF: B36631935), para cesar a prestación deste servizo na Escola de Canteiros, con efectos desde o 1 de outubro de 2023.

O cambio supón unha minoración no prezo do contrato de 2.550,17 € mensuais (2.107,58€, máis 442,59€ correspondentes ao 21% IVE), na aplicación orzamentaria 324.3243.227.00, a aplicar nos oito meses que van desde o 1 de outubro de 2023 ao 31 de maio de 2024, sen prexuízo das eventuais prórrogas, o que se traduce nunha variación de 20.401,36 € menos no prezo da prórroga anual (minoración do 4,74 %), que pasa ao seguinte:

Prezo sen IVE (1 ano): ..... 508.462,80 €  
IVE (21%): ..... 106.776,96 €  
Prezo co IVE (1 ano): ..... 615.239,76 €



2.- Liberar 20.401,36 euros do crédito comprometido para esta contratación (7.650,51 € do documento ADRC núm. operación 202300095210, de 09/05/2023, e 12.750,86 € do documento ADRCFUT1 núm. operación 202300095396, de 10/05/2023, emitidos con cargo á aplicación orzamentaria 23/324.3243.227.00).

3.- A empresa *Limpiezas Cíes, S.L.* (CIF: B36631935), poderá, no prazo de quince días naturais, contados desde o día seguinte á notificación deste acordo, proceder a minorar a garantía definitiva constituída para este contrato ao importe de 50.846,28 euros, para gardar a debida proporción co novo prezo modificado.

10.33100.- APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN Nº 1 DO CONTRATO DE “SERVIZO INTEGRAL DDD E CONTROL DA LEXIONELOSIS NOS CENTROS E SERVIZOS DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA, LOTES 1 E 2”.  
 (Expte.2021047872)

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria do día 27 de maio de 2022, adjudicou os Lotes 1 (Servizo integral DDD) e 2 (Control e tratamento da Lexionelosis) do contrato de *Servizo integral de DDD (Desinsectación, Desratización e Desinfección) e control da lexionelosis nos centros e servizos da Deputación de Pontevedra*, á empresa Tragal, S.L. (CIF: B 36028231), polos prezos e valores ofertados nos respectivos lotes, conforme ao seguinte:

- Prezo Lote 1 (*Servizo integral DDD*): 9.438,00 € (7.800,00 € máis 1.638,00 € do 21% IVE).
- Prezo Lote 2 (*Control e tratamento da Lexionelosis*): 4.598,00 € (3.800,00€ máis 798,00 € do 21% IVE).

O contrato formalizouse en documento administrativo de data 2 de xuño de 2022, cun prazo de duración de 1 ano, contado desde a formalización, e a posibilidade de tres prorrogas anuais. Na actualidade atópase prorrogado ata o 1 de xuño de 2024, unha vez aprobada a primeira prórroga do contrato mediante acordo da Xunta de Goberno do día 12 de maio de 2023.

Os prezos de adjudicación, desagregados por centros, son os seguintes:

Lote 1 (Servizo integral DDD):

Centros lote 1	Aplicación orzamentaria	Importe total (IVE incluído)	Importe factura trimestral
COHESION SOCIAL (Instalacións Tempo Libre. La Lanzada)	231.3370.227.10	726,00 €	181,50 €
CENTRO PRINCIPE FELIPE (Cidade Infantil)	232.2312.227.10	3.630,00 €	907,50 €
PATRIMONIO DOCUMENTAL E BIBLIOGRAFICO	332.3322.227.10	580,80 €	145,20 €
MUSEO PROVINCIAL	333.3330.227.10	968,00 €	242,00 €
MEDIO AMBIENTE (Finca Mouriscade)	410.4120.227.10	242,00 €	60,50 €
ESCOLA DE CANTERÍA	324.3243.227.10	242,00 €	60,50 €
MEDIO AMBIENTE (Edificio Apeiros Soutomaior)	410.4190.227.06	242,00 €	60,50 €



EF AREEIRO	413.4123.227.10	242,00 €	60,50 €
TURISMO RIAS BAIXAS (Castelo Soutomaio)	433.3360.227.10	145,20 €	36,30 €
TURISMO RIAS BAIXAS (Palacete e Oficinas)	433.4320.227.10	145,20 €	36,30 €
INFRAESTRUCTURAS E VIAS PROVINCIAIS (Parque Central, Gondomar y Lalín)	456.4530.227.10	484,00 €	121,00 €
SERVICIOS CENTRALES (Pazo, Edif. Adtvo. e Sede Vigo)	920.9200.227.10	242,00 €	60,50 €
COMUNICACIÓN INSTITUCIONAL (Imprenta Provincial)	924.9240.227.10	145,20 €	36,30 €
ORAL	932.9320.227.10	145,20 €	36,30 €
ORAL (Oficinas Periféricas)		484,00 €	121,00 €
COOPERACION (Viveiros)	942.4330.227.10	580,80 €	145,20 €
COOPERACION (CSAE)	942.4331.227.10	96,80 €	24,20 €
SERVIZO ASISTENCIA INTERMUNICIPAL (CAAN Armenteira)	923.1705.227.10	96,80 €	24,20 €

Lote 2 (Control e tratamento da Lexionelosis):

Centros lote 2	Aplicación orzamentaria	Importe total (IVE incluído)	Importe correspondente ao ano 2022
COHESION SOCIAL (Instalacións Tempo Libre. La Lanzada)	231.3370.227.06	968,00 €	484,00 €
CENTRO PRINCIPE FELIPE (Cidade Infantil)	232.2312.227.06	968,00 €	484,00 €
MUSEO PROVINCIAL	333.3330.227.06	302,50 €	151,25 €
MEDIO AMBIENTE (Finca Mouriscade)	410.4120.227.06	242,00 €	121,00 €
ESCOLA DE CANTERÍA	324.3243.227.06	181,50 €	90,75 €
MEDIO AMBIENTE (Edificio Apeiros Soutomaio)	410.4190.227.06	181,50 €	90,75 €
EF AREEIRO	413.4123.227.06	181,50 €	90,75 €
TURISMO RIAS BAIXAS (Palacete e Oficinas)	433.4320.227.06	181,50 €	90,75 €
INFRAESTRUCTURAS E VIAS PROVINCIAIS (Parque Central, Gondomar y Lalín)	456.4530.227.06	363,00 €	181,50 €
SERVICIOS CENTRALES (Pazo, Edif. Adtvo. e Sede Vigo)	920.9200.227.06	242,00 €	121,00 €
COMUNICACIÓN INSTITUCIONAL (Imprenta Provincial)	924.9240.227.06	181,50 €	90,75 €
COOPERACION (Viveiros)	942.4330.227.06	242,00 €	121,00 €
COOPERACION (CSAE)	942.4331.227.06	181,50 €	90,75 €
SERVIZO ASISTENCIA INTERMUNICIPAL (CAAN Armenteira)	923.1705.227.06	181,50 €	90,75 €



Visto que o Pleno da Deputación, na súa sesión ordinaria do día 28 de abril de 2023, aprobou inicialmente o expediente de transferencia da Escola de Cantería desta Deputación á Xunta de Galicia, o cal entendeuse elevado a definitivo unha vez transcorrido o prazo de exposición pública sen reclamacións.

Con data 31 de agosto de 2023, asinouse acta de entrega dos bens, dereitos e recursos persoais e materiais da Escola de Cantería de Poio á Xunta de Galicia, polo que a partir desa data a Xunta asume plenamente a xestión, organización e funcionamento regular do centro, incluíndo o relativo ao DDD e control da lexionelosis das instalacións.

Polo exposto, mediante escrito de data 20 de setembro de 2023 (Registro saída NOT2023021876, de 20/09/2023), comunicóuselle a Tragal, S.L. o cese da prestación do servizo na Escola de Canteiros, con efectos desde o 1 de outubro de 2023.

Tendo en conta que a cláusula 18 do prego administrativo regulador do contrato previu a posibilidade de modificalo en determinadas circunstancias.

Así, establece que, de acordo co disposto no artigo 204 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, poderá modificarse o contrato, sendo obrigatorias estas modificacións para o contratista, cando por razóns de interese público sexa necesario aumentar ou reducir o servizo previsto nos pregos técnicos.

A modificación do contrato tramitarase e formalizarase nos termos previstos nos artigos 203 e seguintes, e no artigo 153 da LCSP, e publicarase de conformidade cos artigos 63 e 207 da LCSP. No expediente deberá xustificarse debidamente a necesidade polo responsable do contrato.

Entre as causas obxectivas que poderían dar lugar á tramitación dun modificado, prevé a baixa ou incorporación de novas instalacións e/ou dependencias vinculadas á Deputación de Pontevedra e non incluídas no Anexo I do PPT, circunstancia concorrente no presente caso, ao ser transferida a Escola de Canteiros á Xunta de Galicia o pasado 31 de agosto de 2023.

O cambio supón unha minoración no prezo do contrato no lote 1 de 242 euros anuais na aplicación orzamentaria 324.3243.227.10, que se aplicaría nos oito meses que van desde o 1 de outubro de 2023 ao 1 de xuño de 2024, sen prexuízo das eventuais prórrogas, o que se traduce nunha variación de 161,33 euros menos no prezo de adxudicación anual (133,33 €, máis 28,00 € correspondentes ao 21% IVE, que supón unha minoración do 1,71 %).

Polo que respecta ao lote 2, o cambio supón unha minoración no prezo do contrato de 181,50 euros anuais na aplicación orzamentaria 324.3243.227.06, que se aplicaría nos oito meses que van desde o 1 de outubro de 2023 ao 1 de xuño de 2024, sen prexuízo das eventuais prórrogas, o que se traduce nunha variación de 121,00 euros menos no prezo de adxudicación anual (100,00 €, máis 21,00 € correspondentes ao 21% IVE, que supón unha minoración do 2,63 %).



Estas modificacións estarían dentro do límite do 20% do prezo inicial que marca a devandita cláusula do prego administrativo.

Tendo en conta o informe do xefe do servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio, e a xefa do servizo de Medio Ambiente e responsable do contrato, de 28 de setembro de 2023, que, conformado con data 5 de outubro de 2023 pola Secretaría Xeral, conclúe o seguinte:

*“Coa transferencia da Escola de Canteiros á Xunta de Galicia, formalizada o pasado 31 de agosto de 2023 mediante a sinatura da correspondente acta de entrega, esta asume plenamente a xestión, organización e funcionamento regular do centro, incluíndo todo o relativo ao DDD e control da lexicionelosis das instalacións.*”

*Dita circunstancia, prevista como causa de modificación do contrato na cláusula 18 do prego administrativo regulador do Servizo integral de DDD (Desinsectación, Desratización e Desinfección) e control da lexicionelosis nos centros e servizos da Deputación de Pontevedra, motiva a necesidade de suprimir a prestación do servizo na Escola de Canteiros, o que xa foi comunicado á empresa, con efectos desde o día 1 de outubro de 2023.*

*Polo exposto, visto que as citadas modificacións cumprirían o alcance, límite e natureza previsto nos pregos, sen alterar en ningún caso a natureza global do contrato, considérase procedente que sexa acordada, nestes termos, polo órgano de contratación, se así o estima oportuno, e previos os preceptivos informes da Secretaría e da Intervención.”*

Tendo en conta a dilixencia de fiscalizado e conforme da Intervención, de data 17 de outubro de 2023.

Tendo en conta os artigos 203 e seguintes da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que regulan a modificación dos contratos en base ao principio de igualdade de trato entre os licitadores.

Como corolario do devandito principio, a Lei contempla unicamente dúas posibilidades para poder realizar unha modificación do contrato: que estea previstas de forma clara, precisa e inequívoca na documentación da licitación; ou, en caso contrario, que concorran algún dos supostos establecidos no artigo 205 LCSP, e a modificación non afecte a ningunha condición esencial ou substancial da licitación.

Tendo en conta que a cláusula 22 do prego administrativo deste contrato previu como causa obxectiva de modificación a *“baixa ou incorporación de novas instalacións e/ou dependencias vinculadas á Deputación de Pontevedra e non incluídas no Anexo I do PPT”*, e que as instalacións afectadas e o custe a diminuír na facturación están determinados de xeito claro nos pregos.

Tendo en conta o artigo 109.3 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establece que cando, como consecuencia dunha modificación do contrato, experimente variación o seu prezo, deberase reaxustar a garantía para que garde a debida proporción co novo prezo modificado, no prazo de quince días contados desde a data en que se notifique o acordo de modificación.



Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e do acordo do Pleno da Corporación Provincial número 3.7349, adoptado na súa sesión extraordinaria do día 5 de novembro de 2019, que, por razóns de celeridade, delega na Xunta de Goberno a aprobación das modificacións previstas no prego regulador do presente contrato.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar a modificación número 1 do contrato de “*Servizo integral de DDD (Desinsectación, Desratización e Desinfección) e control da lexiellosis nos centros e servizos da Deputación de Pontevedra. Lotes 1 e 2*”, subscrito coa empresa Tragal, S.L. (CIF: B 36028231), para cesar a prestación deste servizo na Escola de Canteiros, con efectos desde o 1 de outubro de 2023.

O cambio supón unha minoración no prezo do contrato no lote 1 de 242 euros anuais na aplicación orzamentaria 324.3243.227.10, que se aplicaría nos oito meses que van desde o 1 de outubro de 2023 ao 1 de xuño de 2024, sen prexuízo das eventuais prórrogas, o que se traduce nunha variación de 161,33 euros menos no prezo de adjudicación anual (133,33 €, máis 28,00 € correspondentes ao 21% IVE, que supón unha minoración do 1,71 %), que pasa ao seguinte:

Prezo sen IVE (prórroga 1): 7.666,67 €

IVE (21%): 1.610,00 €

Prezo co IVE (prórroga 1): 9.276,67 €

Para eventuais prórrogas:

Prezo sen IVE (1 ano): 7.600,00 €

IVE (21%): 1.596,00 €

Prezo co IVE (1 ano): 9.196,00€

Polo que respecta ao lote 2, o cambio supón unha minoración no prezo do contrato de 181,50 euros anuais na aplicación orzamentaria 324.3243.227.06, que se aplicaría nos oito meses que van desde o 1 de outubro de 2023 ao 1 de xuño de 2024, sen prexuízo das eventuais prórrogas, o que se traduce nunha variación de 121,00 euros menos no prezo de adjudicación anual (100,00 €, máis 21,00 € correspondentes ao 21% IVE, que supón unha minoración do 2,63 %), que pasa ao seguinte:

Prezo sen IVE (prórroga 1): 3.700,00 €

IVE (21%): 777,00 €

Prezo co IVE (prórroga 1): 4.477,00 €

Para eventuais prórrogas:

Prezo sen IVE (1 ano): 3.650,00 €

IVE (21%): 766,50 €

Prezo co IVE (1 ano): 4.416,50 €



2.- Liberar 282,33 euros do crédito comprometido para esta contratación (60,50 € do documento ADRC núm. operación 202300117706, de 07/06/2023; 100,83 € do documento ADRCFUT1 núm. operación 202300118150, de 08/06/2023, emitidos con cargo á aplicación orzamentaria 23/324.3243.227.10; e 45,37 € do documento ADRC núm. operación 202300117724, de 07/06/2023, e 75,63 € do documento ADRCFUT1 núm. operación 202300117840, de 08/06/2023, emitidos con cargo á aplicación orzamentaria 23/324.3243.227.06).

3.- A empresa Tragal, S.L. (CIF: B 36028231), poderá, no prazo de quince días naturais, contados desde o día seguinte á notificación deste acordo, proceder a minorar as garantías definitivas constituídas para este contrato ao importe de 380,00 euros para o lote 1 e 182,50 € para o lote 2, para gardar a debida proporción co novo prezo modificado.

11.33101.- APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN Nº 1 DO CONTRATO DO “SERVIZO DE MANTEMENTO DAS INSTALACIÓNS DE PROTECCIÓN CONTRA INCENDIOS EN DIVERSOS EDIFICIOS DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA, LOTE 1”. (Expte.2022043534)

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria do día 4 de novembro de 2022, adjudicou o *Lote 1* do contrato de *Servizo de mantemento das instalacións de protección contra incendios en diversos edificios da Deputación de Pontevedra*, á empresa Segurlem, S.L. (CIF: B-36.262.053), polo prezo total de 18.638,23€ (15.403,50 € máis 3.234,73 € do 21% IVE).

O contrato formalizouse en documento administrativo de data 19 de decembro de 2022, cun prazo de duración de 1 ano, contado desde o 1 de xaneiro de 2023, e a posibilidade de tres prorrogas anuais.

Os prezos de adjudicación, desagregados por centros, son os seguintes:

LOTE 1	Aplicación orzamentaria	Importe total (co IVE)
Pazo Provincial, Edificio Administrativo e Sede de Vigo	920.9200.213.00	4.240,45 €
Turismo Rías Baixas (Palacete das Mendoza e Mosteiro de Armenteira)	433.4320.213.00	1.479,23 €
Turismo Rías Baixas (Castelo de Soutomaio)	433.3360.213.00	631,14 €
Turismo Rías Baixas (Castelo de Sobroso)	433.3363.213.00	1.025,60 €
Patrimonio documental e bibliográfico (arquivo provincial)	332.3322.213.00	1.025,60 €





Cohesión social e Xuventude(Centro Vacacional A Lanzada)	231.3370.213.00	355,01 €
Escola de Canteiros	324.3243.213.00	1.873,69 €
Medio Ambiente (Laboratorio Finca Mouriscade)	410.4120.213.00	1.617,29 €
Estación Fitopatolóxica Areiro	413.4123.213.00	1.203,10 €
O.R.A.L .Oficina Central e Periféricas (Pontevedra, A Cañiza, A Estrada, Arbo, Caldas de Reis, Cambados, Cangas, Lalín, Nigrán, Moaña, O Rosal, Pontearreas, O Porriño, Sanxenxo, Tui e Vilanova de Arousa)	932.9320.213.00	2.169,53 €
Asistencia Intermunicipal (CAAN)	923.1705.213.00	335,29 €
Asistencia Intermunicipal (Oficina de Revitaliza)	923.1623.213.00	177,51 €
Infraestruturas e Vías Provinciais (Parque Maquinaria Lalín e Gondomar)	456.4530.213.00	591,69 €
Cooperación cos Municipios (Viveiro de empresas de Lalín e Viveiro empresas Barro-Meis)	942.4330.213.00	1.538,39 €
Cooperación cos Municipios (Centro de Apoio Empresarial)	942.4331.213. 00	374,74 €

Visto que o Pleno da Deputación, na súa sesión ordinaria do día 28 de abril de 2023, aprobou inicialmente o expediente de transferencia da Escola de Cantería desta Deputación á Xunta de Galicia, o cal entendeuse elevado a definitivo unha vez transcorrido o prazo de exposición pública sen reclamacións.

Con data 31 de agosto de 2023, asinouse acta de entrega dos bens, dereitos e recursos persoais e materiais da Escola de Cantería de Poio á Xunta de Galicia, polo que a partir desa data a Xunta asume plenamente a xestión, organización e funcionamento regular do centro, incluíndo o relativo á protección contra incendios das instalacións.

Polo exposto, mediante escrito de data 22 de setembro de 2023 (Rexistro saída NOT2023022103, de 22/09/2023), comunicóuselle a Segurlem, S.L. o cese da prestación do servizo na Escola de Canteiros, con efectos desde o 1 de outubro de 2023.

Tendo en conta que a cláusula 18 do prego administrativo regulador do contrato previu a posibilidade de modificalo en determinadas circunstancias.



Así, establece que, de acordo co disposto no artigo 204 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, poderá modificarse o contrato, sendo obrigatorias estas modificacións para o contratista, cando por razóns de interese público sexa necesario reducir o servizo previsto nos pregos técnicos.

A modificación do contrato tramitarase e formalizarase nos termos previstos nos artigos 203 e seguintes, e no artigo 153 da LCSP, e publicarase de conformidade cos artigos 63 e 207 da LCSP. No expediente deberá xustificarse debidamente a necesidade polo responsable do contrato.

Entre as causas obxectivas que poderían dar lugar á tramitación dun modificado, prevé a baixa de instalacións debido a un cambio de titularidade na propiedade ou a baixa da instalación nalgunha das edificacións relacionadas no PPT, circunstancia concorrente no presente caso, ao ser transferida a Escola de Canteiros á Xunta de Galicia o pasado 31 de agosto de 2023.

O cambio supón unha minoración no prezo do contrato de 1.873,69 euros anuais (1.548,50 €, máis 325,19 € correspondentes ao 21% IVE), na aplicación orzamentaria 324.3243.213.00, que se aplicaría no último trimestre de 2023, sen prexuízo das eventuais prórrogas, o que se traduce nunha variación de 468,42 euros menos no prezo de adxudicación anual (387,13 €, máis 81,30 € correspondentes ao 21% IVE, que supón unha minoración do 2,51 %).

Esta modificación estaría dentro do límite do 20% do prezo inicial que marca a devandita cláusula do prego administrativo.

Tendo en conta o informe do xefe do servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio, e a xefa do servizo de Arquitectura e responsable do contrato, de 27 de setembro de 2023, que, coa conformidade da Secretaría Xeral de data 5 de outubro de 2023, conclúe o seguinte:

*“Coa transferencia da Escola de Canteiros á Xunta de Galicia, formalizada o pasado 31 de agosto de 2023 mediante a sinatura da correspondente acta de entrega, esta asume plenamente a xestión, organización e funcionamento regular do centro, incluíndo todo o relativo á protección contra incendios das instalacións.*

*Dita circunstancia, prevista como causa de modificación do contrato na cláusula 18 do prego administrativo regulador do Servizo de limpeza nos diferentes centros e sedes da Deputación de Pontevedra, motiva a necesidade de suprimir a prestación do servizo na Escola de Canteiros, o que xa foi comunicado á empresa, con efectos desde o día 1 de outubro de 2023.*

*Polo exposto, visto que a citada modificación cumpriría o alcance, límite e natureza previsto nos pregos, sen alterar en ningún caso a natureza global do contrato, considérase procedente que sexa acordada, nestes termos, polo órgano de contratación, se así o estima oportuno, e previos os preceptivos informes da Secretaría e da Intervención.”*

Tendo en conta a dilixencia de fiscalizado e conforme da Intervención, de data 17 de outubro de 2023.



Tendo en conta os artigos 203 e seguintes da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que regulan a modificación dos contratos en base ao principio de igualdade de trato entre os licitadores.

Como corolario do devandito principio, a Lei contempla unicamente dúas posibilidades para poder realizar unha modificación do contrato: que estea previstas de forma clara, precisa e inequívoca na documentación da licitación; ou, en caso contrario, que concorra algún dos supostos establecidos no artigo 205 LCSP, e a modificación non afecte a ningunha condición esencial ou substancial da licitación.

Tendo en conta que a cláusula 22 do prego administrativo deste contrato previu como causa obxectiva de modificación a “*baixa de instalacións debido a un cambio de titularidade na propiedade ou a baixa da instalación nalgunha das edificacións relacionadas no PPT*”, e que as instalacións afectadas e o custe a diminuír na facturación están determinados de xeito claro nos pregos.

Tendo en conta o artigo 109.3 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establece que cando, como consecuencia dunha modificación do contrato, experimente variación o seu prezo, deberase reaxustar a garantía para que garde a debida proporción co novo prezo modificado, no prazo de quince días contados desde a data en que se notifique o acordo de modificación.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e do acordo do Pleno da Corporación Provincial número 3.7349, adoptado na súa sesión extraordinaria do día 5 de novembro de 2019, que, por razóns de celeridade, delega na Xunta de Goberno a aprobación das modificacións previstas no prego regulador do presente contrato.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar a modificación número 1 do contrato de “*Servizo de mantemento das instalacións de protección contra incendios en diversos edificios da Deputación de Pontevedra. Lote 1*”, subscrito coa Segurlem, S.L. (CIF: B-36.262.053), para cesar a prestación deste servizo na Escola de Canteiros, con efectos desde o 1 de outubro de 2023.

O cambio supón unha minoración no prezo do contrato de 1.873,69 euros anuais (1.548,50 €, máis 325,19 € correspondentes ao 21% IVE), na aplicación orzamentaria 324.3243.213.00, que se aplicaría no último trimestre de 2023, sen prexuízo das eventuais prórrogas, o que se traduce nunha variación de 468,42 euros menos no prezo de adxudicación anual (387,13 €, máis 81,30 € correspondentes ao 21% IVE, minoración do 2,51 %), que pasa ao seguinte:

Prezo sen IVE (2023): 15.016,37 €

IVE (21%): 3.153,44 €

Prezo co IVE (2023): 18.169,81 €



Para eventuais prórrogas:

Prezo sen IVE (1 ano): 13.854,99 €

IVE (21%): 2.909,55 €

Prezo co IVE (1 ano): 16.764,54 €

2.- Liberar 468,42 euros do crédito comprometido para esta contratación (1.873,69 € do documento ADFUT1 núm. operación 202200262592, de 27/12/2022, emitido con cargo á aplicación orzamentaria 324.3243.213.00).

3.- A empresa Segurlem, S.L. (CIF: B-36.262.053), poderá, no prazo de quince días naturais, contados desde o día seguinte á notificación deste acordo, proceder a minorar a garantía definitiva constituída para este contrato ao importe de 1.389,28 euros, para gardar a debida proporción co novo prezo modificado.

12.33102.- RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN PRESIDENCIAL RELATIVA Á CORRECCIÓN DE ERROS E ADXUDICACIÓN DE 2 PRAZAS PARA A PARTICIPACIÓN NO PROGRAMA “DEPO TERMAL 2023” (Expte.2022063051)

1º.- A Xunta de Goberno aprobou, na sesión de data 2 de decembro de 2022, as bases reguladoras do programa “Depo Termal” 2023, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 62, de 29 de marzo de 2023.

2º.- A Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 11 de agosto de 2023, adoptou o acordo de adxudicación de prazas do programa “Depotermal” 2023, de acordo co seguinte detalle:

o Programa Diurno:

Desglose de prazas e subvención	Importe subv/praza	Subtotais
PRAZAS NON SUBVENCIONADAS 62 PRAZAS	0,00 €	0,00 €
FINANCIACIÓN DEPUTACIÓN 69 PRAZAS	51,43 €	3.548,67 €
FINANCIACIÓN DEPUTACIÓN 129 PRAZAS	77,14 €	9.951,06 €
FINANCIACIÓN DEPUTACIÓN 400 PRAZAS	128,57 €	51.428,00 €
FINANCIACIÓN DEPUTACIÓN 4 PRAZAS SOCIALES	180,00 €	720,00 €
N.º total de prazas 664	Importe total a subvencionar:	65.647,73 €

o Programa Pernoita:

Desglose de prazas e subvención	Importe Subv/Praza	Subtotais
PRAZAS NON SUBVENCIONADAS 1.769 PRAZAS	0,00 €	0,00 €
FINANCIACIÓN DEPUTACIÓN 2 PRAZAS S. SOC	280,00 €	560,00 €
FINANCIACIÓN DEPUTACIÓN 3 PRAZAS S.SOC	325,00 €	975,00 €
FINANCIACIÓN DEPUTACIÓN 5 PRAZAS S.SOC	365,00 €	1.825,00 €
FINANCIACIÓN DEPUTACIÓN 4 PRAZAS S.SOC	370,00 €	1.480,00 €
N.º total de prazas 1.783	Importe total a subvencionar:	4.840,00 €



3º.- Con data 25 de setembro de 2023 e con número de rexistro WEB2023054895, D<sup>a</sup>. Paula García Pérez presenta instancia xenérica na que expón: “(...) *Que tras comprobar os solicitantes, Ovidio Busto Romay e María Luisa Castaño Conde, o estado do expediente de solicitude de praza no programa depotermal, se lles informa que non están admitidos por presentar a solicitude fóra de prazo. Comprobado que a solicitude foi presentada en tempo e forma se envía adxunto os xustificantes de presentación no rexistro coa data e hora na que se rexistrou a fin de subsanar o erro.(...)*”.

O prazo de presentación de solicitudes para participar na convocatoria de 2023 rematou o 8 de maio de 2023. O día 9 de maio de 2023, con números de rexistro 2023011220 e 2023011221, recíbense no rexistro da Deputación as solicitudes de participación no programa “Depo Termal” 2023 de D. Ovidio Busto Romay (NIF número 35.424.639-Q) e D<sup>a</sup>. María Luisa Castaño Conde (NIF número 35.438.271-D), respectivamente, polo que ambos foron incluídos no listado de persoas excluídas do réxime de pernoita (CSV: QF2NFM0OKMOE7LM2), por presentar a solicitude fóra de prazo.

O día 25 de setembro de 2023, con número de rexistro WEB2023054895, apórtanse as minutas do rexistro de saída asinadas polo Concello de Catoira, de data 8 de maio de 2023, que non se axuntaron coas solicitudes iniciais. Polo tanto, compróbase que as dúas solicitudes foron presentadas no rexistro dese Concello o día 8 de maio de 2023, dentro do prazo de presentación de solicitudes do programa.

Feitas as comprobacións oportunas polo Servizo de Cohesión Social e Xuventude, as persoas solicitantes anteriormente mencionadas reúnen os requisitos para participar no programa “Depo Termal” 2023, dentro do programa termal con pernoita en réxime de pensión completa.

As persoas solicitantes son beneficiarias de prazas do réxime xeral, polo que terán que aboar a cantidade total resultante para o establecemento solicitado, sen subvención da Deputación.

3º.- Con data 16 de outubro de 2023, Intervención emite dilixencia de “fiscalizado e conforme” do expediente, deixando constancia que “ (...) *o órgano competente para a adxudicación destas prazas é a Xunta de Goberno, e excepcionalmente e debido a razóns de urxencia xustificada, como se reflexa neste caso no expediente, autorizarase mediante unha resolución da deputada delegada de área que lle dará conta con posterioridade á Xunta de Goberno, tal como se recolle na Base 14.1 das bases reguladoras desta convocatoria. (...)*”.

4º.- Debido a motivos xustificadas de urxencia, e de conformidade co establecido na normativa vixente, por Resolución Presidencial de 19 de outubro de 2023, número 2023007807 apróbase:

- Proceder á corrección de erros no referido á exclusión das solicitudes presentadas por D. Ovidio Busto Romay (NIF nº 35.424.639-Q) e D<sup>a</sup>. María Luisa Castaño Conde (NIF nº 35.438.271-D), por considerarse presentadas fóra de prazo.
- Adxudicar prazas no Programa Depo Termal 2023, no réxime de pernoita, a D. Ovidio Busto Romay e D<sup>a</sup>. María Luisa Castaño Conde, o que supón a modificación da lista de persoas admitidas do réxime de pernoita (CSV: KIORJZ6I6ERE5E), pasando de 1.783 a 1.785 persoas admitidas.



## NORMATIVA APLICABLE

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia
- Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas
- R.D. 203/2021 de 30 de marzo polo que se aproba o regulamento de actuación e funcionamento do sector público por medios electrónicos.
- Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia
- Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia
- Bases de execución do Orzamento provincial
- Orzamento provincial

Considerando que o órgano competente para a adxudicación das prazas, é a Xunta de Goberno, e de conformidade coa lexislación aplicable, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade ratificar a RP número 2023007807 (CSV: BQ29NC8FESOTSSOV), de 19 de outubro de 2023, pola que se resolve:

1º.- Proceder á corrección de erros no referido á exclusión das solicitudes presentadas por D. Ovidio Busto Romay (NIF nº 35.424.639-Q) e D.ª María Luisa Castaño Conde (NIF nº 35.438.271-D), por considerarse presentadas fóra de prazo.

2º.- Adxudicar prazas no Programa Depo Termal 2023, no réxime de pernoita, a D. Ovidio Busto Romay e D.ª María Luisa Castaño Conde, o que supón a modificación da lista de persoas admitidas do réxime de pernoita (CSV: KIORJZ6I6EREBY5E), pasando de 1.783 a 1.785 persoas admitidas, tal e como se detalla:

### ● Programa Pernoita:

Desglose de prazas e subvención	Importe subv/praza	Subtotais
PRAZAS NON SUBVENCIONADAS 1.771 PRAZAS	0,00 €	0,00 €
FINANCIACIÓN DEPUTACIÓN 2 PRAZAS S. SOC	280,00 €	560,00 €
FINANCIACIÓN DEPUTACIÓN 3 PRAZAS S.SOC	325,00 €	975,00 €
FINANCIACIÓN DEPUTACIÓN 5 PRAZAS S.SOC	365,00 €	1.825,00 €
FINANCIACIÓN DEPUTACIÓN 4 PRAZAS S.SOC	370,00 €	1.480,00 €
N.º total de prazas 1.785	Importe total	4.840,00 €



13.33103.- RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS (Expte. 2023065067)

Vista a relación de facturas con número 2023065067, que contén vinte e unha facturas e por un importe de 59.252,40€ e con CSV: L9USR1MZ3BTO0L0J, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 20/10/2023, e os xefes de servizo ou responsables dos centros Xestores no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas e que necesitan a súa aprobación polo sistema de recoñecemento extraxudicial de créditos, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total.....	59.330,65€
Descontos do IRPF.....	900,00€
Descontos do IVE soportado deducible.....	900,00€
Descontos do honorarios técnicos externos.....	0,00 €
Outros descontos.....	0,00 €
Total líquido.....	59.252,40€

14.33104.- VALIDACIÓN DE EXPEDIENTES.(Expte. 2023065066)

Vista a relación de facturas con número 2023065066, que contén dúas facturas e por un importe de 1.706,31€ e con CSV: KFAQQ34FV0AXSIL, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 20/10/2023,e o/os xefe/s de servizo ou responsables dos centros Xestores, no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican anulabilidade das obrigas, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de validación, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total .....	1.706,31€
Descontos do IRPF.....	0,00 €
Descontos do IVE soportado deducible .....	0,00 €
Descontos do honorarios técnicos externos .....	0,00 €
Outros descontos .....	0,00 €
Total líquido .....	1.706,31€



15.33105.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA A ASOCIACIÓN VECIÑAL E CULTURAL DE VALLADARES PARA “II TORNEO XADREZ CVC VALLADARES”, APROBADA EN XUNTA DE GOBERNO DE 28/09/2023 (Expte.2023017576)

Aprobada pola Xunta de Goberno desta Deputación provincial de data 28 de xullo de 2023 unha subvención a favor da *Asociación Centro Veciñal e Cultural de Valladares*, con NIF: G36805158 do concello de Vigo, por un importe de 347,46€, para o “*III torneo xadrez CVC Valladares*”, co CSV: K1SUHCG4W71YPK9K e con cargo á aplicación 23/340.3410.489.04, e recibido escrito, presentado no Rexistro Web nº 2023057787 con data 13/10/2023 do citado club renunciando á subvención concedida pola non celebración de dito evento, e vista a dilixencia de fiscalizado e conforme da Intervención de 24 de outubro de 2023 co CSV: O61PSCA1V6R782D4 e polo que, a Xunta de Goberno queda informada e acepta dita renuncia, de acordo co artigo 94.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

16.33106.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA Ó CONCELLO DO GROVE PARA A “SINALIZACIÓN DO PATRIMONIO HISTÓRICO-CULTURAL INMATERIAL DO GROVE”, APROBADA Ó SEU FAVOR EN XUNTA DE GOBERNO DE DATA 01/07/2022 (Expte. 2022033166)

Aprobada pola Xunta de Goberno desta Deputación provincial, na súa sesión do día 1 de xullo de 2022, unha subvención a favor do *Concello do Grove*, con CIF: P3602200B, para a “*Sinalización do patrimonio histórico-cultural inmaterial do Grove*”, por un importe de 5.838,25 €, con cargo á aplicación 23/332.3322.762.00.2022, e recibido escrito do concello interesado na sede electrónica, de 11 de outubro de 2023, co número de rexistro WEB2023057611, a través do cal renuncia á subvención concedida no seu día por motivos técnico administrativos coa imposibilidade de execución da actuación no prazo establecido, e vista a dilixencia de fiscalizado e conforme da Intervención provincial, de 16 de outubro de 2023, con CSV: QBUUS3I87VEEVW7B, a Xunta de Goberno queda informada e acepta a dita renuncia e declara concluso o citado procedemento, de acordo co disposto no artigo 94.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

17.33107.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA Ó CONCELLO DA LAMA PARA O PROXECTO “A PEDREIRA. REVISTA TURÍSTICA E CULTURAL DO CONCELLO DA LAMA 2022”, DENTRO DO PROGRAMA DE SUBVENCIÓNS DIRIXIDAS AOS CONCELLOS, PARA AS ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA DO ANO 2022 (Expte. 2022018963)

Aprobada pola Xunta de Goberno desta Deputación provincial, na sesión do 10 de xuño de 2022, unha subvención a favor do *Concello da Lama* con CIF: P3602500E, por un importe de 3.092,43 €, para o programa “*A Pedreira. revista turística e cultural do concello da Lama 2022*” con cargo á aplicación 23/334.3340.462.04.2022, e recibido escrito presentado, no Rexistro xeral, con data 11/10/2023 do citado concello renunciando á





subvención concedida no seu día e vista a dilixencia de fiscalizado e conforme da área de Intervención, de 18 de outubro de 2023, a Xunta de Goberno queda informada e acepta dita renuncia, de conformidade co establecido no art. 94.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

18.33108.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA Ó CONCELLO DA GUARDA PARA O PROXECTO “A GUARDA DÁLLE Á LINGUA, NO CINEMA TAMÉN”, DENTRO DO PROGRAMA DE SUBVENCIÓNS DIRIXIDAS AOS CONCELLOS, PARA AS ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA DO ANO 2023 (Expte.2023022696)

Aprobada pola Xunta de Goberno desta Deputación provincia, na sesión do 9 de xuño de 2023, unha subvención a favor do *Concello da Guarda* con CIF: P3602300J, por un importe de 5.038,86 €, para o programa “*A Guarda dálle á lingua, no cinema tamén*” con cargo á aplicación 23/330.3340.462.04, e recibido escrito presentado, no Rexistro xeral, con data 17/10/2023 da citada Entidade renunciando á subvención concedida no seu día e vista a dilixencia de fiscalizado e conforme da área de Intervención, de 19 de outubro de 2023, a Xunta de Goberno queda informada e acepta dita renuncia, de conformidade co establecido no art. 94.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

19.33109.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA COVISAM NORTE, S.L., PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO CONTRATO CORRESPONDENTE Á “REPARACIÓN DA CUBERTA E FACHADA DO AUDITORIO DO CENTRO PRÍNCIPE FELIPE” (Expte. 2019039839) (Devogarán 2021004415)

Por acordo da Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria de data 24 de xaneiro de 2020 (CSV.-MLEHHH2ASC4ST0IX), adjudicouse, mediante procedemento aberto, a contratación da obra de “*Reparación da cuberta e fachada do auditorio do Centro Príncipe Felipe*”. (Expte. 2019039839).

Para responder da realización desta obra, a empresa *Covisam Norte, S.L.* (B-70416011), adxudicataria de dito lote, constituíu na Tesourería desta Deputación, unha garantía definitiva polo importe equivalente ao 5% do prezo de adjudicación, polo seguinte importe:

EMPRESA	IMPORTE	CARTA PAGO	DATA
COVISAM NORTE, S.L. (B-70416011)	9.494,00€	202000010269	14/01/2020

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido polo Servizo de Arquitectura no cal informa que unha vez transcorrido o período de garantía e unha vez examinada a obra polos técnicos da Deputación de Pontevedra comprobouse que a empresa, salvo vicios ocultos, cumpriu o obxecto do contrato, polo que se informe favorablemente á devolución da garantía.



Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da entidade mercantil COVISAM NORTE, S.L. (B-70416011), dunha garantía con ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “*Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución*”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade co establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a liquidación do contrato de obra de “*Reparación da cuberta e fachada do auditorio do Centro Príncipe Felipe*” (Expte. 2019039839), sen que existan obrigas pendentes.

Segundo.- Proceder á devolución da garantía definitiva constituída pola entidade mercantil COVISAM NORTE, S.L., mediante aval de CAIXABANK, con número de REA 9340.03.2098699-92, por importe de 9.494,00€, para responder de dito contrato, que foi depositada na Tesourería Provincial o 14/01/2020, segundo mandamento de ingreso con número de operación 202000010269.

20.33110.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA PROQUINORTE, S.A., PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DOS LOTES 1 E 3 DO CONTRATO CORRESPONDENTE A “SUBMINISTRACIÓN DE MATERIAL TÉCNICO PARA OS LABORATORIOS DA ESTACIÓN FITOPATOLÓXICA AREEIRO” (Expte. 2019025853) (Devogarán 2023018622)

Por acordo da Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria de data 13 de setembro de 2019 (CSV.- N7PIE85CDUBANNU5), adxudicouse, mediante procedemento aberto, a contratación da obra de “*Subministración de material técnico para os laboratorios da Estación Fitopatolóxica Areeiro*”. (Expte. 2019025853)

Para responder da realización dos lotes 1 e 3 deste subministro, a empresa PROQUINORTE, S.A. (A-48202451), adxudicataria de dito lote, constituíu na Tesourería desta Deputación, unhas garantías definitivas polos importes equivalentes ao 5% dos prezos de adxudicación, polos seguintes importes:

EMPRESA	IMPORTE	CARTA PAGO	DATA
PROQUINORTE, S.A. (A-48202451)	410,64€	201900164683	05/09/2019
	1.597,50€	201900164685	05/09/2019



Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido polo Servizo de Contratación no cal informa que finalizado o contrato referido e transcorridos os prazos legalmente establecidos das garantías esixidas sen que o servizo correspondente comunicara ningún vicio ou defecto na realización do obxecto ao que fai referencia o contrato dos que puideran derivarse responsabilidade algunha por parte do contratista, o que procede é a devolución das mesmas a fin de evitar futuras reclamacións por parte do adxudicatario dos intereses legais correspondentes no caso de non ser devoltas xustificadamente.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención no cal indica que existen na caixa da Deputación a constitución por parte da entidade mercantil PROQUINORTE, S.A. (A-48202451), dunhas garantías con eses conceptos e por eses importes, e no que igualmente informa favorablemente á devolución das mesmas.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “*Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución*”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade co establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

PRIMEIRO.- Aprobar a liquidación dos lotes 1 e 3 do contrato de “Subministración de material técnico para os laboratorios da Estación Fitopatolóxica Areeiro” (Expte. 2019025853), sen que existan obrigas pendentes.

SEGUNDO.- Proceder á devolución das garantías definitivas constituídas pola entidade mercantil PROQUINORTE, S.A., por resultar adxudicataria de ditos LOTES que son os seguintes:

- o A garantía definitiva constituída por *Proquinorte, S.A.*, mediante aval de *BANCO SABADELL*, con número de REA 10001165147, por importe de 410,64 €, para responder do *LOTE 1* de dito contrato, que foi depositada na Tesourería Provincial o 05/09/2019, segundo mandamento de ingreso con número de operación 201900164683.
- o A garantía definitiva constituída por *Proquinorte, S.A.*, mediante aval de *BANCO SABADELL*, con número de REA 10001165171, por importe de 1.597,50 €, para responder do *LOTE 3* de dito contrato, que foi depositada na Tesourería Provincial o 05/09/2019, segundo mandamento de ingreso con número de operación 201900164685.



21.33111.- MODIFICACIÓN DO ACORDO REGULADOR DO PREZO PÚBLICO POLA TRANSFERENCIA DE EMBRIÓNS DA FINCA MOURISCADÉ.  
(Expte.2023058106)

A Deputación Provincial de Pontevedra co obxectivo de potenciar e mellorar o sector gandeiro conta cun acordo regulador do prezo público pola prestación de servizos de preparación e implantación de embrións na Finca Mouriscadé que foi aprobado pola Xunta de Goberno na sesión ordinaria que tivo lugar o día 30 de marzo de 2012 e que figura publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra número 68 de data, 9 de decembro de 2012.

O tempo transcorrido xunto cos cambios normativos vividos durante o tempo de vixencia deste acordo regulador, implican a necesidade de contar con procedementos electrónicos que deben automatizarse e simplificarse. Así mesmo, os cambios socioeconómicos, implican a necesidade de proceder a unha actualización de prezos xa que os custes de produción sufriron un importante incremento desde a data de entrada en vigor do mesmo.

Resultando que a Xefa do Servizo de Medio Ambiente e o Deputado Delegado de Reto Demográfico, Xuventude e Desenvolvemento Rural, asinan con datas 6 e 7 de setembro de 2023, respectivamente, unha proposta para modificación da denominación, articulado e cadro de tarifas do acordo regulador do prezo público pola prestación dos servizos de preparación e implantación de embrións e outros de carácter complementario ou accesorio na Finca Mouriscadé. No articulado desta proposta figura que a prestación rexerese polo disposto no Regulamento para a prestación do servizo de venda de embrións e outros servizos complementarios (artigo 1), condicionándose a eficacia do acordo de aprobación do prezo público á entrada en vigor do regulamento do servizo (disposición final).

Resultando que na memoria económica xustificativa dos prezos propostos elaborada pola Xefa do Servizo de Medio Ambiente (CSV; P1B2BTOT9FUB6YYH), figura o desglose dos custes do servizo así como que prezos propostos garanten a cobertura do custe de prestación dos servizos.

Resultando que no expediente figuran informes de Secretaría de data 19-09-2023, da Viceinterventora de data 28-09-2023, da Tesorería de data 4/10/2023 e un informe complementario da Xefa do Servizo de Medio Ambiente de data 11-10-2023, en relación a proposta de modificación da denominación, articulado e cadro de tarifas do acordo regulador do prezo público pola prestación dos servizos de preparación e implantación de embrións na Finca Mouriscadé.

Resultando que o Pleno da Deputación de Pontevedra na sesión ordinaria que tivo lugar o día 29 de setembro de 2023 aprobou inicialmente o Regulamento para a prestación do servizo de venda de embrións bovinos pola Finca Mouriscadé e outras prestación de carácter accesorio e que o anuncio de exposición pública publicouse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra número 195 de data 9 de outubro de 2023.



Considerando que de conformidade co disposto no artigo 47 do Real decreto legislativo 2/2004 polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais corresponde ao Pleno da Corporación o establecemento ou modificación dos prezos públicos, sen prexuízo das facultades de delegación na Xunta de Goberno tal como figura no acordo de delegación de competencias plenarias na Xunta de Goberno Provincial de data 30/12/1992 (BOPPO nº 14, 22/01/1993).

A Xunta de Goberno, de conformidade co ditame favorable da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, acorda por unanimidade:

Primeiro. Aprobar a modificación do acordo regulador do prezo público pola prestación de servizos de preparación e implantación de embrións na Finca de Mouriscade que afecta a súa denominación (*Acordo regulador do prezo público por prestación do servizo de venda de embrións bovinos pola Finca de Mouriscade e outras prestacións de carácter accesorio*), articulado e cadro de tarifas, de conformidade co seguinte detalle:

Acordo regulador do prezo público por prestación do servizo de venda de embrións bovinos pola Finca de Mouriscade e outras prestacións de carácter accesorio.

#### 1. Obxecto

Constitúe obxecto deste prezo público o establecemento dos prezos ou tarifas correspondentes á prestación do servizo de venda de embrións e prestacións accesorias conforme ao disposto no “Regulamento para a prestación do servizo de venda de embrións bovinos pola Finca de Mouriscade e outras prestacións de carácter accesorio”.

#### 2. Obrigados ao pago

Están obrigados ao pago do prezo público aquí regulado as persoas físicas ou xurídicas que soliciten e resulten beneficiarias do servizo de venda de embrións e/ou prestacións complementarias segundo o procedemento previsto no “Regulamento para a prestación do servizo de venda de embrións bovinos pola Finca de Mouriscade e outras prestacións de carácter accesorio”.

#### 3. Contía

O prezo público esixirase de conformidade co cadro de tarifas previsto no anexo. Sobre estes prezos aplicarase o IVE correspondente.

#### 4. Normas de xestión

O prezo correspondente á prestación do servizo de venda de embrións ingresarase en calidade de depósito previo no prazo de 5 días naturais a contar desde o seguinte á xeración do documento de pago obtido coa solicitude.

Unha vez ingresado o importe correspondente e formalizada a reserva dos embrións pola entidade solicitante, aprobarase a liquidación correspondente. O importe abonado por este concepto, só poderá ser obxecto de devolución, por imposibilidade da retirada do embrión por causas imputables ao Servizo. A perda do dereito á retirada por causas imputables ao interesado, isto é, por incumprimento dos requisitos e prazos previstos no Regulamento, non conleva dereito á devolución.



O prezo correspondente aos servizos distintos da venda previstos no cadro de tarifas, liquidaranse unha vez prestado o servizo, con notificación ao interesado do documento de pago, resultando de aplicación os prazos para o pagamento previstos no artigo 62 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria.

O pago destes prezos poderase realizar en calquera sucursal, por banca electrónica e nos caixeiros habilitados de ABANCA. A través da internet (<http://www.abanca.com/es/pago-de-recibos>) poderase realizar o pago con tarxeta, sen necesidade de ser cliente da entidade, e introducindo os datos identificativos que figuran no documento de pago.

Os medios de pago e entidades colaboradoras poderán ser modificados ou ampliados, incluíndo a información actualizada no documento de pago.

Disposición final. Entrada en vigor

A entrada en vigor deste acordo regulador condiciónase á publicación do texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia, así como á aprobación e entrada en vigor do Regulamento para a prestación do servizo de venda de embrións bovinos pola Finca de Mouriscade e outras prestacións de carácter accesorio.

#### ANEXO: CADRO DE TARIFAS

	Conceptos	Tarifa XERAL	Tarifa gandarías da provincia de Pontevedra	Período
1	Venda de embrións propios	220,00 €	165,00 €	Ata o día 45 desde á saída á venda.
		200,00 €	140,00 €	Do día 46 ao día 120
		150,00 €	105,00 €	A partir do día 121
2	Servizo de preparación receptora	17,00 €	17,00 €	-
3	Servizo de transferencia de embrión.	25,00 €	25,00 €	-
4	Servizo de preparación de donante	160,00 €	160,00 €	-
5	Servizo de recolleita de embrións (Flushing)	150,00 €	150,00 €	-
6	Servizo conxelación embrións	10,00 €	10,00 €	-
7	Servizo de aspiración transvaxinal de ovocitos (OPU)	60,00 €	60,00 €	-

Segundo. Dispor a publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra do texto íntegro do Acordo regulador coa incorporación das modificacións aprobadas.






22.33112.- DESESTIMACIÓN DE SOLICITUDE DE INDEMNIZACIÓN POR RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR LESIÓN PRODUCIDAS POR CAÍDA COA BICICLETA NO CONCELLO DE PONTEVEDRA. (Expte.2022073137)

Dada conta que con data de rexistro de entrada 09/12/2022 (rex. núm. 2022027506), recibíuse nesta Deputación instancia en solicitude de indemnización por responsabilidade patrimonial formulada por D<sup>a</sup>. Silvia Piñeiro Filgueira, por lesións producidas en accidente coa bicicleta, o día 24/02/2021, a consecuencia dun socavo na estrada E.P. 0011 Gatomorto-As Augas (Pontillón-Castro), no Concello de Pontevedra, e que cuantificou economicamente en 43.367,42 €.

Resultando.- Que con data 29/12/2022, e con fundamento nos artigos 79, 80 e 81.1 da Lei 39/2015 e 172.2, último inciso, do R.d. 2568/86, solicitouse informe ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación, o cal foi emitido na data 18/01/2023, co seguinte contido literal:

*PRIMEIRO.- A estrada provincial E.P. 0011 GATOMORTO-AS AUGAS (PONTILLÓN DO CASTRO) forma parte do inventario da rede provincial.*



*Unha vez rephantexado o lugar obxecto da reclamación este correspóndese o punto situado á marxe dereita do quilométrico 1+400 do vial provincial.*





*SEGUNDO.- Non se tiveron coñecementos de ningún dano nese lugar namentres se executaron as obras. Non existen escritos rexistrados nin partes de incidencias en ningún caso por tal motivo.*

*Desde o ano 2021 aparecen tan só dúas incidencias na estrada provincial pero noutros puntos quilométricos (achéganse os partes rexistrados).*

**Parte de Vías e Obras**

Ano  Parte  Finalizado

**Datos Rexistro**

Data

Comunica

Incidencia

Concello  Estrada

Ubicación  K.M.

Brigada  Zona

**Seguimento**

	<input type="text" value="14/08/2021"/>	<input type="text" value="14:35"/>	<input type="text" value="Juan"/>	Horas Normal	<input type="text" value="0"/>	Minutos	<input type="text" value="0"/>
Comunicado	<input type="text" value="14/08/2021"/>	<input type="text" value="14:35"/>	<input type="text" value="Juan"/>	Horas Normal	<input type="text" value="0"/>	Minutos	<input type="text" value="0"/>
Finalizado	<input type="text" value="14/08/2021"/>	<input type="text" value="16:30"/>	<input type="text" value="Terceiro"/>	Horas Extra	<input type="text" value="0"/>		<input type="text" value="0"/>

Notas

Categoría	Apellido1	Apellido2	Nome	Plantilla
Capataz	Riveiro	Chacón	Roberto	01713
Peón	Conles	Fuentes	Jesús	01698
Peón	Piana	Porto	Sebastián	033333
Peón	Portela	Mouco	Francisco Gabriel	02236

O Vixiante  Recibido



Parte de Vias e Obras

Ano  Parte  Finalizado

Datos Rexistro

Data	<input type="text" value="22/04/2022"/>	<input type="text" value="16:23"/>	<input type="text" value="Alberto"/>
Comunio	<input type="text" value="112 - SOS GALICIA"/>		
Incidencia	<input type="text" value="ACEITE EN LA CALZADA"/>		
Concello	<input type="text" value="PONTEVEDRA"/>	Estrada	<input type="text" value="0011 - Gato Morto - Las Aguas (Pontillón - Castro)"/>
Ubicación	<input type="text"/>	K.M.	<input type="text" value="3.0"/>
Brigada	<input type="text" value="Bacariza"/>	Zona	<input type="text" value="Centro"/>

Seguimento

				Horas	Minutos
Comunicado	<input type="text" value="22/04/2022"/>	<input type="text" value="16:25"/>	<input type="text" value="Alberto"/>	Horas Normal	<input type="text" value="0"/>
Finalizado	<input type="text" value="22/04/2022"/>	<input type="text" value="18:45"/>	<input type="text" value="Alberto"/>	Horas Extra	<input type="text" value="0"/>
Notas	<input type="text" value="EMPRESA TABOADA RAMOS."/>				

O Vixiante

Recibido

TERCEIRO.- Nas datas sinaladas, no tramo onde se produciu o accidente, estaba a realizarse unha canalización de saneamento dentro do proxecto: "REDE DE SUMIDOIROS NA PARROQUIA DE VERDUCIDO-FASE I. SUR".

O promotor desta obra foi o Concello de Pontevedra a través da empresa adxudicataria da obra VIAQUA, GESTIÓN INTEGRAL DE AGUAS DE GALICIA, S.A.U.

Estas obras tiñan autorización por parte deste organismo con número de expediente 2019000583.



EXPEDIENTE:	2019000583
INTERESADO:	GESTION INTEGRAL DE AGUAS DE GALICIA, S.A.U. - A66141185 PADRE SOBREIRANº 2 BAIXO 36002 PONTEVEDRA
ASUNTO:	CANALIZACIÓNS SUBTERRANEAS
ESTRADA:	E.P. 0011 GATOMORTO - AS AGUAS (P.K. 1+200 AO 2+300 M.D)
CONCELLO:	PONTEVEDRA

### A U T O R I Z A C I Ó N

O Servizo de Infraestruturas informa que procede a autorización do solicitado, de acordo coas seguintes condicións:

1. Autorízase **CANALIZACIÓN DE SANEAMENTO FÓRA DO CARRIL PAVIMENTADO, EN CASO DE SER NECESARIO TOCAR O FIRME, DEBERÁN REPOÑER O ANCHO COMPLETO DO CARRIL AFECTADO.**
2. A reposición do pavimento da calzada farase de acordo co plano que se achega. A parte superior da canalización quedará situada a unha profundidade mínima dun (1) metro desde a rasante da calzada.
3. Para a execución da obra e calidade dos materiais aplicarase o disposto no Prego de prescricións técnicas xerais para obras de estradas e portos (PG-3).
4. A apertura da gabia nos cruces de calzada farase en dúas metades de sección transversal de forma que en ningún momento se poida interromper o tráfico. Cando o firme da estrada sexa de mestura bituminosa en quente, antes de facer a apertura da gabia, cortaranse os bordos da capa de aglomerado cunha serra circular metálica.
5. Durante a execución das obras colocaranse os sinais de acordo co Regulamento xeral de circulación, e durante as horas nocturnas disporase de elementos luminosos, debendo solicitar do Servizo de Infraestruturas a información necesaria para o cumprimento desta condición.
6. As obras iniciaranse no do prazo de catro (4) meses e finalizarán no tempo máximo de oito (8) meses. Transcorridos catro (4) meses sen comezar a obra ou oito (8) meses sen finalizar, a autorización entenderase caducada coa perda correspondente dos dereitos adquiridos.
7. Non poderán depositarse na zona de dominio público da estrada materiais ou cascallos de ningunha natureza, nin estacionar maquinaria.
8. O pavimento da estrada manterase limpo en todo momento de barro, terra e materiais estraños a esta.
9. As obras executaranse baixo a inspección e vixilancia do persoal deste Servizo, que lle poderá esixir a presentación deste documento. Antes de comezar as obras procederase ó seu replanteo con persoal técnico deste Servizo, que poderá modificar o trazado destas no caso de que algún elemento da estrada resultase prexudicado.
10. Serán por conta do peticionario todos os gastos de reparación dos danos e perdas que, como consecuencia das obras autorizadas, se poidan producir na zona de dominio público da estrada, dos terreos anexos a esta e a terceiros.



11. Esta autorización outórgase deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.
12. O incumprimento de calquera das condicións mencionadas será causa de anulación desta autorización e procederase á incoación do correspondente expediente sancionador.
13. O outorgamento desta autorización non exime ó petionario da obtención de cantas licenzas e permisos regulamentarios proceda.
14. Segundo o artigo 8 da Ordenanza reguladora da taxa por autorización de obras e outros aproveitamentos situados nas zonas contiguas ás estradas provinciais:
  1. Percíbese a taxa e nace a obriga de contribuír cando se inicie a actividade provincial, que constitúe o seu feito imponible. Esta actividade entenderase como iniciada na data de presentación da oportuna solicitude de autorización de obra ou aproveitamento se o suxeito pasivo formulase expresamente esta última.
  2. No caso de que as obras ou os aproveitamentos se iniciasen ou se executasen sen obter a autorización, a taxa percibirase unha vez iniciada de forma efectiva a actividade provincial conducente a determinar se a obra en cuestión é ou non autorizable, independentemente da iniciación do expediente por infracción tributaria.

E de acordo co artigo 39.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, "A eficacia quedará demorada cando así o esixa o contido do acto...", co cal esta autorización queda supeditada ao ingreso das taxas que se achegan.

Pontevedra, 20 de marzo de 2019

O ENXEÑEIRO XEFE DA ZONA,



Vº Bº

A DIRECCIÓN DE MOBILIDADE,



DE ACORDO CO DISPOSTO NA ORDENANZA REGULADORA DO USO E DEFENSA DAS ESTRADAS PROVINCIAIS E CO INFORME EMITIDO POLO SERVIZO DE INFRAESTRUTURAS PROCEDE A AUTORIZACIÓN NAS CONDICIÓN S IMPOSTAS.

CONTRA A PRESENTE RESOLUCIÓN, QUE PON FIN Á VÍA ADMINISTRATIVA, PODERÁ INTERPOÑER Á SÚA ELECCIÓN:

RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICIÓN ANTE O MESMO ÓRGANO QUE A DITOU, NO PRAZO DUN MES, CONTADO A PARTIR DO DÍA SEGUINTE Ó DA RECEPCIÓN DESTA NOTIFICACIÓN (ARTIGOS 112 E 124 DA LEI 39/2015, DE 1 DE OUTUBRO, DE PROCEDemento ADMINISTRATIVO COMÚN DAS ADMINISTRACIÓN S PÚBLICAS) OU BEN DIRECTAMENTE RECURSO CONTENCIOSO- ADMINISTRATIVO ANTE O XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO DE PONTEVEDRA, NO PRAZO DE DOUS MESES, CONTANDO DESDE O DÍA SEGUINTE Ó DA DATA DE RECEPCIÓN DESTA RESOLUCIÓN (ARTIGOS 8 E 46 DA LEI 29/1998, DE 13 DE XULLO, REGULADORA DA XURISDIÇÃO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVA).

TUDO ISO SEN PREXUÍZO DA POSIBILIDADE DE INTERPOÑER O RECURSO QUE ESTIME PROCEDENTE.


Pontevedra, 20 de marzo de 2019  
O DEPUTADO DELEGADO







*Como se pode observar nas fotos que se achegan co atestado realizado pola garda civil, naquel momento a obra non tiña a pavimentación definitiva e estaba coa reposición provisional feita durante a execución da obra, incumprindo os condicionantes establecidos na autorización notificada para garantir a seguridade viaria do tramo.*

*CUARTO.- O día 10/01/2023 e tras realizar visita de inspección por parte do vixiante, comprobouse que o tramo autorizado (desde o pk-1+200 ao pk-2+300), actualmente atópase totalmente repostado coa nova capa de rodaxe perfectamente executada.*





*María Belén Pampín Camino*  
*Enxeñeiro*

---

Resultando.- Que xunto con este informe achegan o plano ó que se refire a autorización coas instrucións para a reposición do firme, no que se contén, na súa páxina 12 (*Cruce en calzada con reposición de firme*) que “a capa de rodadura fresarase e reporase nas seguintes condicións, no caso de paralelismo coa calzada: Se afectan a algún carril, no ancho da beiravía e do carril completo”.

Resultando.- Que, á vista do recollido no informe de Infraestruturas e Vías Provinciais, con data 02/02/2023, e con fundamento no artigo 4.1, apartados b) e c) da Lei 39/2015, e 76.1 da mesma Lei, conferiuse ó Concello de Pontevedra e a Viaqua un prazo de dez días para que puideran comparecer como interesados e realizar as alegacións que tiveran por convenientes, sendo reiterados ditos emprazamentos, dada a ausencia de resposta, na data 08/03/2023.

Resultando.- Que con data 11/03/2023, recibíuse escrito de Viaqua, Gestión Integral de Augas de Galicia, SAU, no que solicitan copia do atestado da Garda Civil e da reclamación presentada pola afectada para poder valorar e emitir un informe, sendo remitidos ditos documentos na data 14/03/2023.

Resultando.- Que con data 17/03/2023, recibíuse escrito de Viaqua, Gestión Integral de Augas de Galicia, SAU no que solicitan o resto dos documentos obrantes no expediente, sendo remitida na data 20/03/2023 copia das testemuñas aportadas.



Resultando.- Que con data 28/03/2023, recibíuse escrito de Viaqua, Gestión Integral de Augas de Galicia, SAU no que alegan o seguinte:

*Previa. Trasládase a Viaqua o expediente da reclamación antedita. Achégase a reclamación e testemuñas de Dona Concepción Ruibal Hermida, Dona Olga Castro Iglesias e D. José Manuel Fontán Dios que refiren que o día 24 de febreiro de 2021 ás 10.30h da mañá, a reclamante sofre unha caída na bicicleta ó chocar contra unha fochanca profunda sita na marxe dereita do carril polo que circulaba. Adxunta fotografía da fochanca e di que días despois do accidente se procedeu ó seu recheo, fotografías e atestado policial.*

*Primeira. Viaqua é a concesionaria do servizo de abastecemento e saneamento do Concello de Pontevedra. Na súa virtude, e coa promoción dese Concello, realizou na EP0011 | GATOMORTO - AS AUGAS (PONTILLON DO CASTRO) no tramo dende o P.K. 01+200 ao P.K. 02+300 M.D as obras correspondentes ó proxecto “Rede de sumidoiros na parroquia de Verducido-Fase I. Sur”.*

*Para a realización das citadas obras, Viaqua contou coa preceptiva autorización da Deputación de Pontevedra no ámbito da estrada da súa propiedade.*

*Os traballos no tramo (I.5.1 do Proxecto) obxecto da incidencia comezaron o día 02/11/2020 e remataron o día 02/12/2020 entre os PK 01+250 ao PK 1+650 carril dereito, realizándose nesta última fecha a reposición do pavimento asfáltico da gabia executada.*

*Polo tanto, e dado que os feitos ocorreron en data 24 de febreiro de 2021, é necesario indicar que no PK 1+400 da EP0011 Viaqua xa rematara os traballos de instalación da canalización do saneamento polo carril dereito de dito vial, procedendo á reposición do pavimento da zanja que quedou totalmente repostado, perfectamente transitábel e sen ningunha fochanca o 2 de decembro de 2020. Achégase como DOCUMENTO N° 1, reportaxe fotográfico do estado da vía no momento de finalización das obras, antes, como dicimos, da ocorrencia dos feitos.*

*Como se pode comprobar na FOTO 02/12/20 ESTADO GABIA E PAVIMENTO ADXACENTE NA ZOA DO ACCIDENTE anexa como documento 1, obsérvase que o pavimento da gabia atópase, nesa data, en bo estado e sen embargo o pavimento existente está completamente deteriorado e agretado e tal e como consta nas alegacións da reclamante, e cito “La causa de la caída en bicicleta en la que se produjeron los daños personales cuya indemnización se reclama fue la existencia e un bache peligroso en la calzada de la carretera EP 0011 por falta de mantenimiento...”. A fochanca prodúcese a uns 6 metros deste punto aproximadamente, do que se pode deducir que a fochanca non se produciu como consecuencia da actuación de Viaqua senón do mal estado no que se atopaba o firme.*

*A maiores convén indicar que a bicicleta tropezou na zona perimetral da gabia pero NON afectada pola mesma, tal e como se observa na fotografía incluída no expediente.*







*Partindo da base de que se produciu un accidente a consecuencia dun fochanca na vía, entendemos que se debería proceder á comunicación inmediata para os únicos efectos da súa rápida reparación e evitar así elas ou parecidas consecuencias ulteriores. Sorprende por tanto esa falta de comunicación, xa que, senón se comunica o perigo, o perigo segue estando aí. Esta concesionaria non tivo coñecemento de aviso de reparación nin nesa data nin nos meses posteriores.*

*A maiores tamén indicamos que, segundo consta nas testemuñas incorporadas ó expediente a fochanca foi reparada días despois, pero non foi reparado por Viaqua xa que como dicimos, nin se nos comunicou o accidente, nin no momento da súa ocorrencia nin despois, nin tampouco comunicouse a necesidade da reparación da fochanca, xa que este foi reparado por persoal da Deputación de Pontevedra, asumindo polo tanto, aínda que sexa de xeito implícito, que Viaqua non ten responsabilidade.*

*Segunda. A maior abundamento interesa por de manifesto que, segundo consta no atestado policial incorporado ó expediente, os feitos ocorreron as 10.30h. da mañá dun día despechado, soleado e con boa visibilidade, cun nivel branco de circulación e cun firme seco e limpo.*

*Segundo consta no dito atestado e se pode apreciar nas fotografías incorporadas ó expediente tratábase dun tramo recto e polo tanto, insistimos, con boa visibilidade.*

*Polo tanto tratase dunha vía con boa visibilidade, nun tramo recto, na que poden observarse, de existir calquera anomalía ou deficiencia. Examinados os feitos, resulta que neste caso, a deficiencia existente non era unha traba oculta, inapreciable para a reclamante, senón que se trataba dunha irregularidade apreciable a simple vista, de xeito que, existindo unha certa exteriorización do risco, este podería ser detectado empregando unha especial dilixencia no control da propia circulación, que, de ser observada, posiblemente se podería ter evitado o dano padecido. De este xeito, cunha atención adecuada podería ser evitado introducir a roda na fochanca.*

*Hai que pensar tamén, é isto é innegable, que a circulación en bicicleta esixe a máxima atención, de tal xeito que, mantendo a velocidade correcta, podan sortearse sen problema os posibles obstáculos dunha vía.*





*Por todo cuanto antecede, SOLICITO, que, tendo por interpostas en tempo e forma as presentes alegacións se admitan xunto ca documentación que as acompañan e na súa virtude se acorde eximir de calquera responsabilidade que se derive ou se poda derivar dos feitos, a Viaqua acordando o arquivo das actuacións.*

DOCUMENTO N° 1

*FOTO 24/02/21 LUGAR E LOCALIZACIÓN DA FOCHANCA DO ACCIDENTE onde observase a reposición correcta da gabia por parte de Viaqua e a fochanca causante do sinistro á dereita, fora da gabia.*



*FOTO 25/11/20 EXECUCIÓN DA OBRA CANALIZACIÓN, á altura aproximada do lugar dos feitos.*



*FOTO 02/11/20 GABLA PREVIA REPOSICIÓN DE ASFALTO DA MESMA (observase que non existe ningunha rotura adxacente nesa zona.)*



*FOTO 02/12/20 ESTADO DA GABLA REPOSTA CERCA DA ZOA DO ACCIDENTE na que se observa a sinalización correspondente durante a fase de obras que se retiraron unha vez finalizados e ó non observarse ningún perigo.*



*FOTO 02/12/20 ESTADO GABIA E PAVIMENTO ADXACENTE NA ZOA DO ACCIDENTE na que se observa que o pavimento da gabia atopase en bo estado e o pavimento existente está completamente deteriorado e agretado. A fochanca prodúcese a uns 6 metros deste punto aproximadamente.*




Resultando.- Que con data 30/03/2023, solicitouse informe complementario ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación, para que á vista do alegado por Viaqua na data 28/03/2023, ratificaran ou rectificaran o seu informe de 18/01/2023.

Resultando.- Que con data 08/05/2023, o Servizo de Infraestruturas remite informe complementario co seguinte contido:

*(...) TERCEIRO.- Reiteramos que tal que como se pode ver nas fotos que se achegan no escrito de alegacións e como se afirmaba no informe inicial, na data sinalada a obra non tiña a reposición definitiva condicionada coa autorización notificada.*

*A reposición provisional da gabia durante a execución da obra quedaba suxeita á reposición definitiva do ancho do carril afectado segundo esta autorización. Foi con esta reparación parcial cando aconteceron os feitos obxecto da reclamación.*

*De feito, a capa de firme do carril onde caeu a ciclista actualmente atópase totalmente repostado e perfectamente executado. Esta reposición foi a cargo da empresa que executou o contrato tal e como se manifestaba na autorización emitida.*



Resultando.- Que mediante Resolución Presidencial nº RP2023004474, de data 06/06/2023, e en virtude do artigo 32.1 da Lei 39/2015, ampliouse o prazo para resolver o procedemento por desprenderse do mesmo, naquel intre, a necesidade de realizar unha serie de trámites para a súa resolución, circunstancia esta que aconsellou a ampliación do prazo para resolver.

Resultando.- Que con data 28/07/2023, e en virtude do artigo 82 da Lei 39/2015, concedeuse á interesada un prazo de dez días para audiencia e vista do expediente, podendo alegar e presentar os documentos e xustificacións que estimase pertinentes como trámite previo á resolución do mesmo, formulando na data 11/08/2023 as seguintes alegacións:

*PRIMERA. Informe de Servicio de Infraestructuras Vías Provinciales de la Diputación de Pontevedra de fecha 18/01/2023. Lo que dice este informe es en síntesis lo siguiente:*

*Apartado primero. El informe reconoce que la carretera provincial E.P. 0011 en la que se produjo el accidente (Gatomorto-As Augas), forma parte del inventario de la red provincial. Por ello, como propietaria de la vía, corresponde la conservación, y mantenimiento de la carretera, a la Diputación Provincial de Pontevedra.*

*Pero además este informe dice que, una vez replanteado el lugar objeto de reclamación, este corresponde con el punto situado al margen derecho del quilométrico 1+400 del vial provincial, e introduce dos fotografías, una aérea, y otra de superficie en donde acota el espacio en donde se produjo el accidente.*

*En este aspecto, tenemos que señalar que el lugar en el que se produjo el accidente es anterior al que se señala en el informe. El bache contra el que chocó la que suscribe estaba situado antes del portal de la vivienda nº 25, tal y como se puede comprobar con la fotografía aportada al expediente (DOC.2 de la reclamación), y que fue tomada por la Guardia Civil de Tráfico el mismo día del accidente.*

*Apartado segundo. En este apartado el informe dice que: "No se tuvieron conocimientos de ningún daño en ese lugar mientras se ejecutaron las obras. No existen escritos registrados ni partes de incidencias en ningún caso por tal motivo. Desde el año 2021 aparecen tan solo dos incidencias en la estrada provincial pero en otros puntos kilométricos (se allegan los partes registrados).*

*Esta parte del informe nos causa perplejidad. Consta en el expediente que la Diputación de Pontevedra tiene conocimiento de este siniestro desde días después del accidente ya que, tal y como consta en el informe del accidente elaborado por la Guardia Civil de Tráfico, y que está incorporado al expediente, la Guardia Civil envió a la Diputación un "Informe de Corrección de Incidencia Vial" para que taponara el bache. De hecho, días después del accidente sufrido por Doña Silvia Piñeiro Filgueira, la Diputación Provincial de Pontevedra procedió a tapar el bache.*

*Apartado tercero. Dice el informe que, en la fecha en la que se produjo el accidente, se estaba realizando una canalización de saneamiento dentro del proyecto "REDE DE ALCANTARILLADO EN EL PARROQUIA DE VERDUCIDO-FASE ISUR", que el promotor de esta obra fue el Ayuntamiento de Pontevedra a través de la empresa adjudicataria Viaqua, Gestión Integral de Aguas de Galicia, SAU, y que, tal y como se puede observar con las fotos que se adjuntan con el atestado realizado por la guardia civil, cuando se produjo*





*el accidente la obra no tenía la pavimentación definitiva y estaba con la reposición provisional hecha durante la ejecución de la obra, y que Viaqua incumplió con las condiciones establecidas en la autorización para garantizar la seguridad viaria del tramo.*

*El informe incorpora la autorización de la Diputación a Viaqua para la ejecución de las obras de fecha 20 de marzo de 2019 en la que se establecen las condiciones a las que está sujeta dicha autorización.*

*Cuando se produjo el accidente, el día 24 de febrero de 2021, no se estaban ejecutando ningún tipo de obras sobre la calzada, ni existía ningún tipo de señalización de que se hubiesen ejecutado y de que se fuesen a ejecutar. La zanja ejecutada sobre la calzada por Viaqua para la canalización, tal y como se puede apreciar en las fotografías tomadas por la Guardia Civil de Tráfico, ya tenía repuesto el pavimento asfáltico, y, tal y como en el informe de la guardia civil, el bache contra el que chocó la bicicleta conducida por Doña Silvia Piñeiro Filgueira (que tenía una anchura de 0'50 metros, una longitud de 0'52 metros, y una profundidad de 0,07 metros), a pesar de su notoria peligrosidad, estaba sin señalizar.*

*Por otra parte, si analizamos las condiciones de la autorización para la ejecución de las obras, de fecha 20 de marzo de 2019, que se acompañan en el Informe, y con independencia de que Viaqua haya incumplido las condiciones de la misma entre ellas la de que estaba obligada a reponer el ancho completo del carril afectado por la obra (condición nº 1 de la autorización), la responsabilidad de la Diputación es clara. Así:*

*1º) En la condición nº 6 de la autorización se establece que: "Las obras se iniciarán en el plazo de cuatro (4) meses y finalizarán en el tiempo máximo de ocho (8) meses. Transcurridos cuatro meses (4) sin comenzar la obra u ocho (8) meses sin finalizar, la autorización se entenderá caducada con la pérdida correspondiente de los derechos adquiridos.*

*¡La autorización estaba caducada desde el día 20/11/2019, y el accidente se produjo el día 24/02/2021, es decir, cuando ya había transcurrido más de un año desde la caducidad de la autorización y la pérdida de los derechos adquiridos!*

*2º) En la condición nº 9 de la autorización, se establece que: "Las obras se ejecutarán bajo la inspección y vigilancia del personal de este Servicio, que le podrá exigir la presentación de este documento. Antes de comenzar las obras se procederá a su replanteo con personal técnico de este Servicio, que podrá modificar el trazado de estas en el caso de que algún elemento de la carretera resultase perjudicado".*

*Por ello, aún de ser cierto lo que dice el Informe del Servicio de Infraestructuras y Vías Provinciales de la Diputación de Pontevedra en cuanto a que Viaqua incumplió con las condiciones establecidas en la autorización para garantizar la seguridad viaria del tramo, la responsabilidad de la Diputación es clara, ya que habría incumplido con su obligación de inspección y vigilancia de las obras ejecutadas por la empresa adjudicataria.*

*3º) En la condición nº 12 de la autorización, se establece que: "El incumplimiento de cualquiera de las condiciones mencionadas será causa de anulación de esta autorización y se procederá a la incoación del correspondiente sancionador".*

*A pesar de los incumplimientos alegados por la Diputación, no nos consta que la Diputación haya anulado la autorización ni que haya incoado el correspondiente sancionador a la empresa adjudicataria.*



*Apartado cuarto. Dice el informe que el día 10/01/2023 tras la visita de inspección por parte del vigilante, se comprueba que el tramo autorizado para la ejecución de las obras por Viaqua ya se encuentra totalmente repuesta con nueva capa de rodaje perfectamente ejecutada. Se aportan dos fotografías que reflejan que el tramo de la carretera en la que sufrió el accidente Doña Silvia Piñeiro Filgueira está perfectamente estado.*

*Las fotografías son tomadas, como dice el informe, un año y once meses más tarde del accidente sufrido por Doña Silvia Piñeiro Filgueira al chocar contra un bache que tenía una anchura de 0'50 metros, una longitud de 0'52 metros, y una profundidad de 0,07 metros. Lo que parece claro es que si en la fecha del accidente (el día 24 de febrero de 2021), la carretera estuviera en el estado que presentaba en la fecha en la que fueron tomadas las fotografías del informe (el 10 de enero de 2023) el grave accidente que sufrió la que suscribe no se habría producido, de ahí la responsabilidad del titular de la vía, tanto que a ella corresponde la conservación y mantenimiento como propietaria del vial, como por el incumplimiento de su obligación de inspección y vigilancia de las obras ejecutadas por Viaqua.*

*SEGUNDA. Escrito de alegaciones presentado por Viaqua, Gestión Integral de Aguas de Galicia, SAU, de fecha 28/03/2023.*

*El escrito de alegaciones que presenta Viaqua, a la que le da traslado de nuestra reclamación la Diputación de Pontevedra como parte interesada, consta de dos alegaciones. En alegación primera, atribuye la responsabilidad exclusiva de la existencia del bache sobre la calzada, sin señalizar, a la Diputación de Pontevedra, alegando que, cuando se produjo el accidente, hacía más de dos meses que había concluido todas las obras de reposición del pavimento asfáltico en el lugar del accidente, y que, para la realización de tales obras, contaba con la preceptiva autorización de la Diputación Provincial de Pontevedra.*

*En la alegación segunda, atribuye una parte de la responsabilidad del accidente a la víctima, ya que según entiende, al tratarse de un accidente en bicicleta, con una adecuada diligencia, siempre se pueden sortear sin problema los posibles obstáculos de la vía. Pero Viaqua, en sus dos alegaciones, falta a la verdad.*

*Alegación Primera. Viaqua atribuye la responsabilidad exclusiva de la existencia del bache sobre la calzada (que tenía una anchura de 0'50 metros, una longitud de 0'52 metros, y una profundidad de 0,07 metros) a la Diputación de Pontevedra, alegando que los trabajos sobre la calzada, que contaban con la preceptiva autorización de la Diputación Provincial de Pontevedra, se habían iniciado 02/11/2020 y habían finalizado el día 02/12/2020, mientras que el accidente se había producido el día 24/02/2021, es decir, dos meses y veintidós días más tarde de la finalización total de las obras.*

*A la vista del documento por el que la Diputación de Pontevedra autoriza a Viaqua la ejecución de las obras, de fecha 20 de marzo de 2019, Viaqua no habría cumplido las condiciones que se contienen en la autorización para la ejecución de las obras. Así:*

*1º) En la condición no 6 de la autorización, se establece que: " Las obras se iniciaran en el plazo de cuatro (4) meses y finalizaran en el tiempo máximo de ocho (8) meses. Transcurridos cuatro meses (4) sin comenzar la obra u ocho (8) meses sin finalizar, la autorización se entenderá caducada con la pérdida correspondiente de los derechos adquiridos.*



*Por lo tanto, cuando Viaqua inicia la ejecución de las obras, el día 02/11/2020, la autorización de la Diputación Provincial de Pontevedra llevaba un año caducada.*

*2º) En la condición nº 1 de la autorización, se establece que: "...En caso de ser necesario tocar el firme, deberán reponer el ancho completo del carril afectado".*

*Por lo tanto, si bien es cierto que cuando se produjo el accidente Viaqua había repuesto el pavimento asfáltico de la zanja que había ejecutado sobre la calzada, también estaba obligada a reponer el ancho completo del carril afectado y, de acuerdo con el Informe del Servicio de Infraestructuras y Vías Provinciales de la Diputación de Pontevedra de fecha 18/01/2023, se deduce que las obras de reposición definitiva del ancho del carril, a las que estaba obligada por la autorización concedida, no las habría hecho Viaqua hasta pasados año y medio desde la fecha del accidente.*

*Alegación Segunda. En la alegación segunda Viaqua, atribuye cierta responsabilidad a la propia víctima en base a que "empleando una especial diligencia en el control de la propia circulación se podría haber evitado el daño padecido", y de entiende que, al tratarse de un accidente en bicicleta, con una adecuada diligencia, siempre se pueden sortear sin problema los posibles obstáculos de la vía. Esta atribución de responsabilidad a la víctima, en base al razonamiento de que, al tratarse de un accidente de bicicleta, siempre se le puede atribuir alguna falta de diligencia a la propia víctima, es especialmente injusto, en el caso que nos ocupa, y revela un total desconocimiento por parte de Viaqua de lo que es la circulación en bicicleta. Así:*

*1º) La lesionada, que tiene su domicilio en Pontevedra, era la primera vez que circulaba en bicicleta por el lugar en el que se produjo el accidente.*

*2º) Tal y como consta en el informe de la Guardia Civil de Tráfico, el bache contra el que chocó la bicicleta conducida por Doña Silvia Piñeiro Filgueira (que tenía una anchura de 0'50 metros, una longitud de 0'52 metros, y una profundidad de 0,07 metros), a pesar de su notoria peligrosidad, estaba sin señalizar.*

*3º) No existían en la calzada ningún tipo de señalización de que se estuviesen ejecutando obras sobre la calzada.*

*4º) La lesionada circulaba reglamentariamente, a velocidad moderada, con casco, y por el margen derecho de su carril de circulación, tal y como es preceptivo.*

*5º) Tal y como se puede apreciar en las fotografías incorporadas al atestado de la Guardia Civil de Tráfico, el bache estaba justo en el borde de la zona de reposición del pavimento asfáltico de la zanja ejecutada por Viaqua, por lo que no era previsible que en una calzada que estaba recién reparada existiese un hoyo de 7 centímetros de profundidad, sin reparar y sin señalizar.*

*6º) Tal y como se puede apreciar en las fotografías de la Guardia Civil de Tráfico, el fondo del hoyo tenía un color gris claro idéntico al del asfalto en medio del cual se encontraba. por lo que se confundía con este, y pasaba desapercibido.*



7º) La Guardia Civil de Tráfico, en su informe del accidente, considera, textualmente, como causa del siniestro: "Presencia de bache sobre la calzada sin señalizar".

TERCERA. Informe Complementario del Servicio de Infraestructuras y Vías Provinciales de la Diputación de Pontevedra de fecha 08/05/2023.

*A la vista de las alegaciones formuladas por Viaqua, atribuyendo la responsabilidad del accidente a la Diputación Provincial de Pontevedra, el Servicio de Infraestructuras y Vías Provinciales de la Diputación de Pontevedra, presenta un nuevo informe, complementario al de fecha 18/01/2023, reiterando que, cuando se produjeron los hechos, Viaqua solo había reparado parcialmente el carril, ya que, de acuerdo con la autorización, la reposición provisional de la zanja durante la ejecución de la obra quedaba sujeta a la reposición definitiva del ancho del carril afectado. Como novedad, en este nuevo informe complementario, se hace constar que: "De hecho, la capa del firme del carril en donde cayó el ciclista actualmente se encuentra totalmente repuesto y perfectamente ejecutado. Esta reposición fue a cargo de la empresa que ejecutó el contrato tal y como se manifestaba en la autorización emitida".*

*Como hemos dicho anteriormente, con independencia de que Viaqua haya incumplido las condiciones para la ejecución de la obra, entre ellas la de que estaba obligada a reponer el ancho completo del carril afectado por la obra (condición nº 1 de la autorización), existe una responsabilidad grave de la Diputación Provincial de Pontevedra en la causación del accidente, ya que incumplió, totalmente, con su obligación de inspección y vigilancia de las obras ejecutadas por la empresa adjudicataria. De hecho, cuando se produjo el accidente, el día 24/02/2021 Viaqua tenía caducada la autorización desde hacía más de un año.*

*Pero es que, según se deduce de los dos informes del Servicio de Infraestructuras y Vías Provinciales de la Diputación de Pontevedra, aún después del accidente de Doña Silvia Piñeiro Filgueira, Viaqua tardó más de un año y medio para la reposición del ancho completo del carril afectado, ante la pasividad de la Diputación Provincial de Pontevedra titular de la vía.*

Resultando.- Que con data 04/10/2023, e en virtude do establecido no artigo 12, letra j), da Lei 3/2014, solicitouse ditame ó Consello Consultivo de Galicia, o cal foi emitido na data 18/10/2023, co seguinte contido esencial:

*(...) Das fotografías incorporadas ao atestado da Garda Civil depréndese que a fochanca causante da caída da reclamante se atopaba nun tramo recto e con boa visibilidade, tendo lugar o accidente ás 10:30 horas no mes de febreiro e un día despechado e con luz solar natural. Tampouco hai constancia de ningún dato engadido que singularice a deficiencia ou poña de manifesto un risco superior aos estándares de seguridade esixibles conforme coa conciencia social, como sería a existencia de sinistros previos naquel punto (...) Finalmente, non consta que a reclamante tivera limitacións, dificultades ou impedimentos sensoriais ou de mobilidade que lle impedisen advertir a presenza do obstáculo co fin de adecuar a circulación ás condicións da vía (...) Non constituía unha trampa oculta nin un obstáculo sorpresivo, inopinado ou perigoso, non superable co nivel de atención e dilixencia esixibles socialmente para circular polas vías públicas (...)*





## CONCLUSIÓN

Por todo anteriormente exposto, a Sección de Ditames do Consello Consultivo de Galicia, por unanimidade dos seus membros, ditamina:

*“Que informa favorablemente a proposta de resolución desestimatoria á que o presente expediente se refire, procedendo á desestimación da reclamación presentada nos termos sinalados no corpo deste ditame”.*

Considerando.- Que no presente procedemento seguiuuse o cauce legal descrito nos artigos 65, 67, 81 e 91 da Lei 39/2015 e na Sección 1ª do Título IV, da Lei 40/2015, referida á responsabilidade patrimonial das Administracións Públicas, así como o relativo ó procedemento administrativo xeral, agás no relativo ó prazo para resolver, debido á súa complexidade subxectiva e á obxectiva derivada da necesidade de solicitar varios informes, incluso complementarios, por causa de imprecisións ou omisións.

Considerando.- Que a instancia se presenta cumprimentando os requisitos de capacidade, lexitimación activa e pasiva e temporalidade (sen ter transcorrido o prazo de prescrición), descritos nos artigos 66, 3, 4.1 a) e 67.1 da Lei 39/2015.

Considerando.- Que non quedou acreditada a relación de causalidade (artigo 32.1 da Lei 40/2015 e 91.2 da Lei 39/2015) co material probatorio aportado ó expediente, antes ó contrario, queda demostrada a non responsabilidade desta Deputación, pois do instruído no expediente despréndense os seguintes argumentos que a eximen de responsabilidade:

- No informe do Servizo de Infraestruturas da Deputación, de data 18/01/2023, recóllese que “Nas datas sinaladas, no tramo onde se produciu o accidente, estaba a realizarse unha canalización de saneamento dentro do proxecto: “REDE DE SUMIDOIROS NA PARROQUILA DE VERDUCIDO-FASE I. SUR”.
- O promotor desta obra foi o Concello de Pontevedra a través da empresa adjudicataria da obra VIAQUA, GESTIÓN INTEGRAL DE AGUAS DE GALICIA, S.A.U.
- Segundo o citado informe, e como se pode observar nas fotos que se achegan co atestado realizado pola Garda Civil, naquel momento a obra non tiña a pavimentación definitiva e estaba coa reposición provisional feita durante a execución da obra, incumprindo os condicionantes establecidos na autorización notificada para garantir a seguridade viaria do tramo.
- Esta autorización contén un plano cos condicionantes da reposición do firme, referíndose na súa páxina 12 a que a capa de rodadura reporase e fresarase no ancho da beiravía e do carril completo, cousa que non fixo a empresa.
- O día 10/01/2023, e tras realizar visita de inspección por parte do vixiante, compróbase que o tramo actualmente se atopa totalmente repostado coa nova capa de rodaxe perfectamente executada.



- Nas alegacións realizadas por Viaqua, recóllese o seguinte: *“Trátase dunha vía con boa visibilidade, nun tramo recto, na que poden observarse, de existir, calquera anomalía ou deficiencia. Resulta que a deficiencia existente non era unha traba oculta, inapreciable para a reclamante, senón que se trataba dunha irregularidade apreciable a simple vista, de xeito que, existindo unha certa exteriorización do risco, este podería ser detectado empregando unha especial dilixencia no control da propia circulación que, de ser observada, posiblemente podería ter evitado o dano padecido. Deste xeito, cunha atención adecuada podería ser evitado introducir a roda na fochanca. Hai que pensar tamén, e isto é innegable, que a circulación en bicicleta esixe a máxima atención, de tal xeito que, mantendo a velocidade correcta, podan sortearse sen problema os posibles obstáculos dunha vía”*.
- No informe complementario do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais reitérase, tal e como se recollía no informe inicial, que na data sinalada a obra non tiña a reposición definitiva condicionada coa autorización notificada.
- A reposición provisional da gambia durante a execución da obra quedaba suxeita á reposición definitiva do ancho do carril afectado segundo esta autorización. Así se contén no plano achegado coa mesma, que na páxina 12 se refire ós condicionantes da reposición do firme (*a capa de rodadura repórase e fresarase no ancho da beiravía e do carril completo*). Foi con esta reparación parcial cando aconteceron os feitos obxecto da reclamación, probablemente por unha cuestión de aforro de custes allea á Deputación.
- Actualmente, a capa de firme do carril onde caeu a ciclista atópase totalmente repostado e perfectamente executado. Esta reposición foi a cargo da empresa que executou o contrato tal e como se esixía na autorización emitida.
- A citada rede é de competencia municipal e pertence ó Concello de Pontevedra, pois así o establece o artigo 25.2.c) da Lei 7/1985, de 2 de abril, “Reguladora das Bases do Réxime Local: *“O municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias: c) Abastecemento de auga potable a domicilio e evacuación e tratamento de augas residuais”*, sendo que o citado Concello non respondeu ó emprazamento realizado como interesado no expediente, constando as notificacións realizadas nas datas 03/02/2023 e 08/03/2023 (*Nome: Mónica Pardo Lázara, Documento 36117934E*) sen que ata a data de adoptarse o presente acordo, tiveran realizado alegacións ó mesmo.
- Non houbo mais accidentes pola mesma causa, o que, de xeito subsidiario, induce a pensar, racional e razoablemente, nunha hipotética conducción desatenta cun vehículo que, precisamente pola súa natureza, implica un plus de atención.

Considerando.- Que non pode a Deputación facerse cargo dos danos ocasionados aínda que sexa a titular da vía sobre a que se atopa o socavo, toda vez que promotor da obra foi o Concello de Pontevedra a través da empresa adxudicataria Viaqua, Gestión Integral de Aguas de Galicia, S.A.U., non podendo imputárselle responsabilidade a esta Administración pola mera detentación material dunha infraestrutura, o que a convertería nunha especie de aseguradora universal de todos os riscos.



Considerando.- Que a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, recolle no seu artigo 25.2, letra c) como competencias propias do Municipio o abastecemento de auga potable a domicilio e a evacuación e tratamento de augas residuais, e este servizo, á súa vez, pode ser prestado a través dunha concesión por una empresa. Así o artigo 288, letra c), da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público establece como obriga do concesionario a de indemnizar os danos que se causen a terceiros como consecuencia das operacións que requira o desenvolvemento do servizo, excepto cando o dano sexa producido por causas imputables á Administración. Por iso, no presente caso a responsabilidade recae sobre o Concello de Pontevedra ou sobre a empresa concesionaria do servizo, motivo polo cal a solicitude de indemnización debe ser rexeitada.

Considerando.- Que o expresado no apartado inmediatamente anterior atopa apoiatura nunha Sentenza que é considerada pola doutrina xurídica punto de inflexión entre a escueta referencia feita na Lei do Réxime Xurídico da Administración do Estado do ano 1957 e a regulación moito mais minuciosa e detallada das Leis 30/1992 e 40/2015, que dedicaron xa un capítulo específico á responsabilidade patrimonial e ás causas que quebraban a relación de causalidade, das que no presente suposto cabe destacar a atribución da responsabilidade a terceiros contratistas ou concesionarios. Así, con linguaxe meridianamente claro, veu dicir o Tribunal Supremo na súa Sentenza de data de data 31/07/1989 (RJ 1989,6193) (Sala 3ª, Sección 1ª), *“Cuando los daños y perjuicios se derivan de una actividad técnica no cumplida directamente por la organización administrativa, sino por organizaciones privadas no integradas en la Administración, con las que ésta contrata atribuyéndoles la gestión de un servicio público o la ejecución de una obra pública, se interfiere entre Administración y particulares una empresa privada a la que materialmente le son atribuibles sus causas”*.

Considerando.- Que, a maior abundamento, a xurisprudencia sentada polo T.S. fai descansar o título de imputación da responsabilidade á Administración -entre outros motivos-, na inoperancia, inacción, renuencia ou retardo na reposición da vía máis aló dos 45-60 minutos a partir da chamada ou aviso para a súa reposición, feito de modo real e probado, o que non se produce no presente suposto xa que non houbo chamada por causa do accidente polo que de nada se pode responsabilizar a esta Deputación, podendo neste sentido invocarse “ad exemplum” as seguintes sentenzas: Sentenza do T.S. Sala 3ª de 11/02/87; sentenza do T.S. Sala 3ª de 07/10/97; sentenza do T.S. Sala 6ª de 03/12/02; sentenza do T.S. Sala 3ª de 24/02/03 F.X.1º; sentenza do T.S. Sala 3ª de 11/12/07 F.X.2º; sentenza do TSXG de 24/12/03 F.X.5º; sentenza do TSXG do 27/12/07; sentenza do TSXG de 04/10/07; ditame do Consello de Estado de 26/04/07; Sentenza da sección 8ª da Sala do contencioso-administrativo da Audiencia Nacional de 23/06/98; do Xulgado do contencioso-administrativo nº1 de Pontevedra, sentenzas números 121/04; 20/07; 140/08; 114/09; 123/11; 77/12; 68/13 e 185/13; do Xulgado do contencioso-administrativo nº2 de Pontevedra, sentenzas números 170/04; 2/05; 183/06; 74/09; 112/14 e 264/14; e do Xulgado do contencioso-administrativo nº3 de Pontevedra, sentenzas números 179/04; 74/08; 250/13, 112/14 e 220/20.

Considerando.- Que non houbo mais accidentes pola mesma causa o que incide nun comportamento pouco atento ou distraído da reclamante, que a pesares de posuír o control da situación, non foi quen de evitar a caída, o que a introduciría se non na negligencia, si na falta de dilixencia predicable á condución dun vehículo de dúas rodas.



Considerando.- Que en supostos con identidade de razón, foron desestimadas as solicitudes de indemnización, sen que os reclamantes tiveran acudido á vía xudicial, conscientes de que hai accidentes que dependen unicamente da dilixencia e atención de quen os sofre, e que, atendendo á fundamentación e razoamentos do acordo notificado, declinaron interpoñer, xa non recurso na vía administrativa, senón nin sequera na orde contenciosa o que, por outra banda e cinguíndonos ó presente suposto, obrigaría, de recorrer a esta última vía, a solicitar as costas procesuais. Tales precedentes constan na Asesoría Xurídica. Así, a sentenza 111/2012 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra recolle o seguinte: *“...Resulta un obtáculo visible y, además, evitable para un ciclista aficionado como el demandante, ya sea pasando con cierto cuidado por encima para mantener el equilibrio, o y asea evitándolo por cualquiera de los dos márgenes que quedaban a derecha y a izquierda (...) ante la característica del resalte y la velocidad que debería llevar el ciclista, debería haber estado en condiciones de apreciarla con tiempo y espacio suficiente como para sortearla de forma eficaz (...) El hecho de que no pudiera salvar el obstáculo y evitar la caída lleva lógicamente a entender la existencia de una conducción inadecuada, ya sea por exceso de velocidad, que hubiera impedido la percepción del obstáculo con tiempo y espacio suficiente para salvarlo, o ya sea por desatención o distracción de las circunstancias de la vía (...) El hecho de no haber evitado la caída, tal y como se alega por las demandadas, sólo puede considerarse debido a su propia falta de diligencia o desatención a la circulación”.*

Na mesma liña argumental se pronuncia a sentenza 65/2010 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra: *“Cuestión distinta es que fuese la irregularidad del firme la que hiciese perder el control al niño, pero esa posibilidad se estima que habría de ser prevista por persona de diligencia media que, al ver las señales de peligro por obra y gravilla suelta, necesariamente habría de acomodar su conducción, en vehículo y todavía más en bicicleta por la fragilidad e inestabilidad que supone, y cuando, además, como ocurre en este caso, se trata de un usuario habitual de la vía que tenía conocimiento del estado en el que se encontraba la carretera; por tanto, no puede considerarse que en este supuesto se haya adoptado la prudencia necesaria, ya sea por el menor, ya sea por sus padres, pues no ha de obviarse que se indica que el niño fue despedido varios metros hacia la cuneta, de forma que probablemente su velocidad no fuese la adecuada. (...) Tampoco cabe atribuir la responsabilidad a la Diputación Provincial de Pontevedra por el mero hecho de ser titular de una vía que se encuentra en obras necesarias para su mantenimiento en condiciones apropiadas, pues no se acredita la relación causal entre el funcionamiento del servicio público competencia de ésta y el accidente sufrido por el menor”.*

Considerando.- Que o accidente tivo lugar o 24 de febreiro ás 10:30 horas, a plena luz do día, coa superficie seca e limpa e con boa visibilidade, polo que o socavo debería ter sido percibido con antelación de manterse a atención necesaria na vía e a debida precaución na conducción da bicicleta, pois resulta perfectamente visible a superficie correspondente a unha gabia co asfalto de cor diferente resultante das obras. Así, o artigo 45 do R.d. 1428/03, de 21 de novembro, que aprobou o Regulamento Xeral de Circulación, recolle o seguinte: *“Todo conductor está obligado a respetar los límites de velocidad establecidos y a tener en cuenta sus propias condiciones físicas y psíquicas, las características y el estado de la vía, del vehículo y de su carga, las condiciones meteorológicas, ambientales y de circulación y, en general, cuantas circunstancias concurren en cada momento, a fin de adecuar la velocidad de su vehículo a las mismas, DE MANERA QUE SIEMPRE PUEDA DETENERLO DENTRO DE LOS LÍMITES DE SU CAMPO DE VISIÓN Y ANTE CUALQUIER OBSTÁCULO QUE PUEDA PRESENTARSE”.*



Por la súa parte, a Lei 18/1989 de 25 de xullo, de Bases sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial, no artigo 3.3 da base cuarta recolle o seguinte:

*“...los conductores quedarán especialmente obligados a circular de manera diligente...”*

En idénticos termos se expresa o xa referido R.d. 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación, que no seu articulado recolle:

Artigo 3.1 *“...Se deberá conducir con la diligencia y precaución necesarias para evitar todo daño propio o ajeno, cuidando de no poner en peligro, tanto al mismo conductor como a los demás ocupantes del vehículo y al resto de usuarios de la vía. Queda terminantemente prohibido conducir de modo negligente o temerario”.*

Todo elo sen que isto presupóna prexulgamento da responsabilidade que, en todo caso e ao abeiro do artigo 1.902 do Código Civil, podería esixirse no eido da xurisdición civil á devandita empresa adxudicataria.

Considerando.- Que o Consello Consultivo de Galicia, no seu Ditame CCG 325/2023, de data 18/10/2023, informa favorablemente a proposta de resolución de desestimación da reclamación.

Considerando.- Que as Administracións Públicas réxense en materia de responsabilidade patrimonial polos artigos 106.2 da Constitución Española, 32 e seguintes da Lei 40/2015, 54 da Lei 7/85 e 223 do R.d. 2568/86.

Considerando.- Que o presente acordo cumprimenta o establecido nos artigos 88.1 e 35.1 b) e h) da Lei 39/2015 referidos á desestimación argumentada da reclamación.

Considerando.- Os preceptos invocados e demais de xenérica e pertinente aplicación.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade desestimar a reclamación.

23.33113.- DESESTIMACIÓN DE SOLICITUDE DE INDEMNIZACIÓN POR RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS EN VEHÍCULO NO CONCELLO DE AS NEVES. (Expte. 2022043304)

Dada conta que con data de rexistro de entrada 16/06/2022 (rex. núm. WEB2022035968), recibíuse nesta Deputación instancia en solicitude de indemnización por responsabilidade patrimonial formulada por D. Francisco Javier Varela González en representación de D. Antonio Fernández Lucio, por danos en vehículo, producidos o día 29/11/2021, a consecuencia dunha tapa de arqueta fóra da súa ubicación sobre a calzada da estrada E.P. 4202 Tortoreos-Rubiós-Carrasqueira, no Concello de As Neves, e que cuantificou economicamente en 2.263,28 €.

Resultando.- Que con data 18/07/2022, e con fundamento nos artigos 79, 80 e 81.1 da Lei 39/2015 e 172.2, último inciso, do R.d. 2568/86, solicitouse informe ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación, o cal foi emitido na data 22/11/2022 co seguinte contido literal:



PRIMEIRO.- O sinistro localízase na EP-4202 TORTOREOS – RUBIOS - CARRASQUEIRA, na marxe dereita do p.q. 4+600. Dito punto pertence á Rede de Estradas da Deputación Provincial.



SEGUNDO.- Segundo describe o atestado da Garda Civil, o camión atópase cunha tapa fóra do seu sitio e impacta con ela producíndose danos no vehículo.

A tapa coa que bateu o vehículo pertence a un pozo de rexistro da rede de saneamento. Dita rede é de competencia municipal e pertence ó Concello de As Neves.

Na Lei 7/1985, de 2 de abril, “Reguladora das Bases do Réxime Local”, establécese, no seu artigo 25.2.c) que “O municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado y das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias: c) Abastecemento de auga potable a domicilio e evacuación e tratamento de augas residuais.

Segundo o artigo 172.1 do Regulamento Xeral de estradas de Galicia: “As persoas propietarias ou, de ser o caso, ocupantes ou arrendatarias de terreos, construcións, instalacións, especies vexetais e calquera outro elemento que incida, directa ou indirectamente, sobre o dominio público viario ou sobre as súas zonas de protección deberán mantelos nas debidas condicións de funcionamento, seguridade e salubridade para a estrada e as súas persoas usuarias”.

TERCEIRO.- Tras consultar na zona sobre o accidente, unha veciña comentou que previamente ó accidente un operario estivera facendo labores no pozo, debendo quedar a tapa mal colocada.

CUARTO.- Neste servizo non hai coñecemento do acontecido, xa que ninguén se puxo en contacto co servizo de conservación, nin co vixiante da zona.





*QUINTO.- Non había sinalización advertindo do perigo con anterioridade ó sinistro, por non ter constancia do mesmo neste servizo. Non hai constancia de sinistros similares no mesmo punto en datas anteriores e posteriores.*

*María Elena Pérez Alonso*

*Enxeñeiro*

*Daniel Romay Díaz*

*Director de Infraestruturas e Vías Provinciais-----*

Resultando.- Que, á vista do recollido no informe de Infraestruturas e Vías Provinciais respecto da citada tapa de arqueta que pertence a un pozo de rexistro da rede de saneamento de competencia municipal, con data 01/12/2022, e con fundamento no artigo 4.1, apartados b) e c) da Lei 39/2015, e 76.1 da mesma Lei, conferiuse ó Concello de As Neves un prazo de dez días para que puidera comparecer como interesado e realizar as alegacións que tivera por convenientes, remitindo escrito na data 05/12/2022 no que dito Concello solicita copia íntegra do expediente e ampliación do prazo conferido na dilixencia remitida.

Resultando.- Que con data 13/12/2022, remitíronse ó citado Concello os enlaces nos que consultar os documentos do expediente, salvo os de mera impulsión, conferíndolle un novo prazo de dez días para realizar as alegacións que tivera por convenientes.

Resultando.- Que mediante Resolución Presidencial nº RP2022008897, de data 14/12/2022, e en virtude do artigo 32.1 da Lei 39/2015, ampliouse o prazo para resolver o procedemento por atoparse naquel intre o expediente pendente da remisión das alegacións por parte do Concello de As Neves, circunstancia esta que aconsellou a ampliación do prazo para resolver.

Resultando.- Que con data 18/01/2023, e ante a ausencia de resposta trala remisión da documentación obrante no expediente, reiterouse o emprazamento ó Concello de As Neves, conferíndolle un novo prazo de cinco días para facer as alegacións que tivera por convenientes, constando no expediente acuse de recibo da notificación practicada na data 01/12/2022, Documento 34870659Z, Nome: José Manuel Rodríguez Méndez, sen que se tivera recibido resposta ningunha do citado Concello.

Resultando.- Que con data 12/07/2023, solicitouse ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación informe complementario en relación coa data da última revisión periódica da vía antes de producirse o sinistro, remitindo o mesmo na data 09/08/2023 e co seguinte contido:

*Respecto da aclaración solicitada da data da última revisión periódica da vía antes de producirse o sinistro que aconteceu o día 29/11/2021, cabe sinalar que dito recorrido foi feito polo persoal de vixilancia o día 22/11/2021 en toda a lonxitude da estrada referida e non houbo incidencias detectadas nesa estrada.*

*Posteriormente volvense a percorrer toda a estrada o día 30/11/2021 e non se atoparon novas incidencias.*

*Daniel Romay Díaz*

*Director de Infraestruturas e Vías Provinciais*

*María Elena Pérez Alonso*

*Enxeñeiro*



Resultando.- Que con data 14/09/2023, solicitouse informe complementario ó Servizo de infraestruturas da Deputación para que remitise o nome e dirección postal da veciña que sinalan no informe de 22/11/2022, remitindo informe técnico complementario na data 13/10/2023, no que se contén o seguinte:

*Respecto dos datos solicitados: nome e dirección postal da veciña que indicou que previamente ó accidente un operario estivera facendo labores no pozo, una vez recollido o testimonio do capataz de conservación da zona que falara con ela no momento dos informes previos, este indica que no domicilio da señora no se atopa ninguén, polo que unicamente podemos dar a dirección exacta da vivenda.*

LG MILLAXENDO-TABOEXA 14 Polígono 85 Parcela 183. MILAXENDO.

AS NEVES

(PONTEVEDRA)

REFERENCIA CATASTRAL: 36034A085001830000HQ

Comprobando os datos existentes no catastro a titularidade de dita vivenda corresponde a:

- ALONSO ARAUJO JUAN, con DNI \*\*\*0729\*\*
- ÁLVAREZ ESTÉVEZ MARIA DEL CARMEN, con DNI \*\*\*5109\*\*

Considerando.- Que no presente procedemento seguiuuse o cauce legal descrito nos artigos 65, 67, 81 e 91 da Lei 39/2015 e na Sección 1ª do Título IV, da Lei 40/2015, referida á responsabilidade patrimonial das Administracións Públicas, así como o relativo ó procedemento administrativo xeral, agás no referido á cumprimentación do prazo para resolver, e isto debido á tardanza na emisión dos informes técnicos e á acumulación de tarefas nos servizos participantes na súa tramitación.

Considerando.- Que a instancia se presenta cumprimentando os requisitos de capacidade, lexitimación activa e pasiva e temporalidade (sen ter transcorrido o prazo de prescrición), descritos nos artigos 66, 3, 4.1 a) e 67.1 da Lei 39/2015.

Considerando.- Que non quedou acreditada a relación de causalidade (artigo 32.1 da Lei 40/2015 e 91.2 da Lei 39/2015) co material probatorio aportado ó expediente, antes ó contrario, queda demostrada a non responsabilidade desta Deputación, pois do instruído no expediente despréndense os seguintes argumentos que a eximen de responsabilidade:

- No informe do Servizo de Infraestruturas da Deputación, de data 22/11/2022, recóllese que a tapa coa que bateu o vehículo pertence a un pozo de rexistro da rede de saneamento.
- A citada rede é de competencia municipal e pertence ó Concello de As Neves.
- Asemade, no artigo 25.2.c) da Lei 7/1985, de 2 de abril, “Reguladora das Bases do Réxime Local”, establécese, que “O municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias: c) Abastecemento de auga potable a domicilio e evacuación e tratamento de augas residuais.



- Do mesmo xeito, o artigo 172.1 do Regulamento Xeral de Estradas de Galicia: “As persoas propietarias ou, de ser o caso, ocupantes ou arrendatarias de terreos, construcións, instalacións, especies vexetais e calquera outro elemento que incida, directa ou indirectamente, sobre o dominio público viario ou sobre as súas zonas de protección deberán mantelos nas debidas condicións de funcionamento, seguridade e salubridade para a estrada e as súas persoas usuarias”.
- Tras consultar na zona sobre o accidente, unha persoa do lugar comentou que previamente ó accidente un operario estivera facendo labores no pozo, debendo quedar a tapa mal colocada.
- Na última revisión periódica realizada uns días antes do accidente, non se detectou ningunha incidencia en toda a lonxitude da estrada, así como tampouco na seguinte revisión da vía, realizada dous días despois do sinistro que nos ocupa.
- Non se tivo coñecemento do acontecido, xa que ninguén se puxo en contacto co servizo de conservación de estradas nin co vixiante da zona.
- Non houbo mais accidentes pola mesma causa.

Considerando.- Que non pode a Deputación facerse cargo dos danos ocasionados aínda que sexa a titular da vía sobre a que se atopa a arqueta, toda vez que o obxecto da reclamación é un defecto dun elemento pertencente á rede de saneamento municipal do cal non se tivo constancia, non podendo imputárselle responsabilidade a esta Administración pola mera detención material dunha infraestrutura, o que a convertería nunha especie de aseguradora universal de todos os riscos.

Considerando.- Que a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, recolle no seu artigo 25.2, letra c) como competencias propias do Municipio o abastecemento de auga potable a domicilio e a evacuación e tratamento de augas residuais, por iso, no presente caso a responsabilidade recae sobre o Concello de As Neves, motivo polo cal a solicitude de indemnización debe ser rexeitada.

Considerando.- Que, a maior abundamento, a xurisprudencia sentada polo T.S. fai descansar o título de imputación da responsabilidade á Administración -entre outros motivos-, na inoperancia, inacción, renuencia ou retardo na reposición da vía máis aló dos 45-60 minutos a partir da chamada ou aviso para a súa reposición, feito de modo real e probado, o que non se produce no presente suposto xa que non houbo chamada por causa do accidente polo que de nada se pode responsabilizar a esta Deputación, podendo neste sentido invocarse “ad exemplum” as seguintes sentenzas: Sentenza do T.S. Sala 3ª de 11/02/87; sentenza do T.S. Sala 3ª de 07/10/97; sentenza do T.S. Sala 6ª de 03/12/02; sentenza do T.S. Sala 3ª de 24/02/03 F.X.1º; sentenza do T.S. Sala 3ª de 11/12/07 F.X.2º; sentenza do TSXG de 24/12/03 F.X.5º; sentenza do TSXG do 27/12/07; sentenza do TSXG de 04/10/07; ditame do Consello de Estado de 26/04/07; Sentenza da sección 8ª da Sala do contencioso-administrativo da Audiencia Nacional de 23/06/98; do Xulgado do contencioso-administrativo nº1 de Pontevedra, sentenzas números 121/04; 20/07; 140/08; 114/09; 123/11; 77/12; 68/13 e 185/13; do Xulgado do contencioso-administrativo nº2 de Pontevedra, sentenzas números 170/04; 2/05; 183/06; 74/09; 112/14 e 264/14; e do Xulgado do contencioso-administrativo nº3 de Pontevedra, sentenzas números 179/04; 74/08; 250/13, 112/14 e 220/20.



Considerando.- Que as Administracións Públicas réxense en materia de responsabilidade patrimonial polos artigos 106.2 da Constitución Española, 32 e seguintes da Lei 40/2015, 54 da Lei 7/85 e 223 do R.d. 2568/86.

Considerando.- Que o presente acordo cumprimenta o establecido nos artigos 88.1 e 35.1 b) e h) da Lei 39/2015 referidos á desestimación argumentada da reclamación.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade desestimar a reclamación.

24.33114.- MODIFICACIÓN DO PROXECTO NO ACORDO ADOPTADO NA XUNTA DE GOBERNO DO DÍA 16 DE XUÑO DE 2023 (Nº4.32753), POLO QUE SE CONCEDEU UNHA AXUDA AO CONCELLO DE MORAÑA AO ABEIRO DA CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS PARA A SUPRESIÓN DA SIMBOLOXÍA FRANQUISTA NOS ESPAZOS PÚBLICOS E A REHABILITACIÓN E SINALIZACIÓN DO PATRIMONIO HISTÓRICO-CULTURAL DIRIXIDAS AOS CONCELLOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA O ANO 2023 (Expte.2023032195)

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra aprobou, na súa sesión ordinaria do 10 de marzo de 2023 (acordo núm. 2.32380), as Bases de subvencións para a supresión da simboloxía franquista nos espazos públicos e a rehabilitación e sinalización do patrimonio histórico-cultural dirixidas aos concellos da provincia de Pontevedra para o ano 2023, publicadas no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* o 20 de marzo de 2023 (BOPPO núm. 55).

A Xunta de Goberno acordou, na súa sesión ordinaria do 16 de xuño de 2023 (acordo núm. 4.32753), concederlle ao Concello de Moraña, con CIF: P3603200A, unha achega de 11.739,26 euros (sobre un orzamento de 23.337,25 euros) para o desenvolvemento do proxecto *Recuperación e posta en valor do camiño empedrado Costa do Cura*, con cargo á liña B da mencionada convocatoria e á aplicación 23/332.3322.762.00 do vixente Orzamento provincial.

Con data 13 de outubro de 2023 (núm. de rexistro WEB2023057761) recibíuse escrito do Concello de Moraña solicitando a modificación do referido proxecto, a teor de resolución da Dirección Xeral de Patrimonio da Xunta de Galicia (exp. 1578/23), segundo a cal se autorizan as actuacións de conservación do camiño empedrado en Santa Xusta pero non as obras inicialmente previstas de iluminación e mobiliario urbano ao resultar intervencións alleas aos valores que determinaron a protección do ben e o seu grao de protección.

Os cambios realizados polo Concello de Moraña sobre o proxecto inicial implican a modificación do orzamento, que pasa a ser de 6.452,76 euros, así como do importe da subvención concedida, que diminúe ata os 6.452,76 €.



Tendo en conta que esta solicitude se presentou en prazo e visto o informe favorable de Intervención (CSV: FT0016YF7GUKXE1U), de 19 de outubro de 2023, para levar a cabo a dita modificación, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade autorizar a modificación do proxecto presentado polo Concello de Moraña, diminuíndo a contía da subvención concedida, por importe de 6.452,76 €, permanecendo invariable o resto do contido do acordo.

25.33115.- RECTIFICACIÓN DO ACORDO ADOPTADO NA XUNTA DE GOBERNO DO DÍA 13 DE OUTUBRO DE 2023 (Nº29.33064), DE MODIFICACIÓN DO ACORDO DE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE COVELO PARA O INVESTIMENTO INCLUÍDO NA CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA DE SUBVENCIÓNS DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA PARA REPARACIÓN DE DANOS CAUSADOS POLAS INUNDACIÓNS, “MUROS DE CONTENCIÓN E CANALIZACIÓNS DE PLUVIAIS PARA REPARACIÓN DE DANOS CAUSADOS POLAS INUNDACIÓNS E RECONSTRUCCIÓN DE BALAUSTRADO DE PONTE TIELAS DANADO POR INUNDACIÓNS EN SAN SALVADOR DE PRADO” (Expte.2023033227)

A Xunta de Goberno desta Deputación Provincial, na súa sesión ordinaria do día 13 de outubro de 2023, mediante o acordo núm. 29.33064, concedeu ao Concello de Covelo, CIF P3601300A, a cantidade de 122.051,99 € con destino ao financiamento do investimento “Muros de contención e canalizacións de pluviais para a reparación de danos causados polas inundacións, Covelo e reconstrución de balaustrado de Ponte Tielas danado por inundacións en San Salvador de Prado” no marco da convocatoria extraordinaria para a reparación dos danos causados polas inundacións acontecidas nos concellos da provincia de Pontevedra, entre o 24 de decembro de 2022 e o 1 de xaneiro de 2023, publicadas no BOPPO núm. 46 de 7 de marzo de 2023 (expte. 2023033532).

Advertido un erro de feito ao transcribir a proposta de acordo da xefa do Servizo de Cooperación na que se fundamenta o citado acordo, procede a súa rectificación de conformidade co disposto no artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Á vista do exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- RECTIFICAR o acordo da Xunta de Goberno núm. 29.33064, de data 13 de outubro de 2023, no seguinte sentido:

ONDE DI:

“*Quinto: Mediante o acordo núm. 2.32821 da Xunta de Goberno, do 21/07/2023, resolveuse o seguinte: (...) Conceder ao Concello de Covelo, CIF P3601300A, a cantidade de 103.106,43 €, con destino ao financiamento do investimento “Muros de contención e canalizacións de pluviais para a reparación de danos causados polas inundacións, Covelo”, cun orzamento subvencionable de 103.106,00 euros.*”



DEBE DICIR:

“Quinto: Mediante o acordo núm. 2.32821 da Xunta de Goberno, do 21/07/2023, resolveuse o seguinte: (...) Conceder ao Concello de Covelo, CIF P3601300A, a cantidade de 103.106,43 €, con destino ao financiamento do investimento “Muros de contención e canalizacións de pluviais para a reparación de danos causados polas inundacións, Covelo”, cun orzamento subvencionable de 103.106,43 euros.”

ONDE DI:

CONCELLO	ACTUACIÓN	ORZAMENTO	SUBVENCIÓN
COVELO NIF P3601300A	Muros de contención e canalizacións de pluviais para a reparación de danos causados por inundacións, Covelo	103.103,43€	103.103,43€
	Reconstrución de balaustrado de Ponte Tielas danado polas inundacións en San Salvador de Prado	Execución de Obra: 18.945,00€	Execución de Obra: 18.945,00€
	TOTAL	122.051,99€	122.051,99€

DEBE DICIR:

CONCELLO	ACTUACIÓN	ORZAMENTO	SUBVENCIÓN
COVELO NIF P3601300A	Muros de contención e canalizacións de pluviais para a reparación de danos causados por inundacións, Covelo	103.106,43€	103.106,43€
	Reconstrución de balaustrado de Ponte Tielas danado polas inundacións en San Salvador de Prado	Execución de Obra: 18.945,56€	Execución de Obra: 18.945,56€
	TOTAL	122.051,99€	122.051,99€

O resto do texto do citado acordo mantense invariable.

- DAR TRASLADO do presente acordo ao Concello de Covelo, a Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia”





26.33116.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO DO CONTRATO DE OBRAS “ENSANCHE E MELLORA DA SEGURANZA VIARIA NA EP-0405 A XESTEIRA-ALMOFREI, P.Q. 0+000 AO P.Q. 1+500 (CONCELLO DE CERDEDO-COTOBADE)”, COFINACIADO POLO IDAE DENTRO DO PROGRAMA DUS 5000, NO MARCO DO PROGRAMA DE REXENERACIÓN E RETO DEMOGRÁFICO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILENCIA. (Expte.2023042335).

Resultando.- Que no desenvolvemento da súa competencia, a Deputación presentou en xaneiro de 2016 o seu Decálogo de Criterios para as novas actuacións nas vías provinciais co fin de actuar acorde coas demandas urbanísticas, ambientais e sociais, de máximo respecto ao territorio e ao patrimonio construído aumentando a seguridade viaria en toda a rede de estradas da provincia.

Resultando.- Que a Deputación de Pontevedra é titular da estrada provincial E.P. 0405 Xesteira - Alfofrei, que transcorre polo Concello de Cerdedo - Cotobade.

Resultando.- Que a E.P. 0405 é unha estrada de dobre sentido de circulación e de sección variable situada na súa integridade no concello de Cerdedo - Cotobade. Ao longo da estrada atopamos unha sección de plataforma moi irregular, sen beiravías ou beirarrúas/sendas, o que da lugar a situacións de risco e inseguridade para os usuarios.

Resultando.- Que se pretende mellorar as condicións de seguridade e mobilidade para os peóns, mediante a construción dunha senda peonil dende o P.Q. 0+380 ata o final da estrada e dúas zonas de convivencia de tráfico peonil e rodado.

Resultando.- Que con data 13/02/2023 formalizouse entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Cerdedo-Cotobade, convenio de colaboración para a execución do proxecto “ensanche e mellora da seguridade viaria na EP-0405 A Xesteira-Alfofrei, P.Q. 0+000 ao P.Q. 1+530 (Concello de Cerdedo-Cotobade), cun importe de 946.599,01 € IVE incluído.

Resultando.- Que no citado convenio recóllese que lle corresponde á Deputación de Pontevedra redactar o proxecto técnico para a execución das obras, así como a súa licitación, dirección execución e recepción.

Resultando.- Que na data 09/06/2023 o Instituto para a Diversificación y Ahorro de la Energía (IDAE) notificoulle á Deputación de Pontevedra a Resolución de concesión definitiva dunha subvención por un importe máximo de 693.875,00 €, para as actuacións obxecto do convenio, ao abeiro do Real Decreto 692/2021, de 3 de agosto, polo que se regula a concesión directa de axudas para investimentos de proxectos singulares locais de enerxía limpa en concellos de reto demográfico (PROGRAMA DUS 5000).



Resultando.- Que conforme á Resolución do IDAE de concesión definitiva de axuda, notificada á Deputación o 9 de xuño de 2023, e aos criterios de actuación nas vías provinciais aprobados polo Pleno da Deputación, en sesión de 25 de setembro de 2020, a distribución do financiamento pasa a ser a seguinte:

	%	IMPORTE ACHEGA
Deputación Pontevedra	18,69 %	176.906,81 €
Concello Cerdedo-Cotobade	8,01 %	75.817,20 €
IDAE	73,30 %	693.875,00 €
TOTAL INVESTIMENTO	100 %	946.599,01 €

Resultando.- Que na súa consecuencia, recibíuse no Servizo de Contratación providencia do Deputado Delegado da área de Infraestruturas e Vías Provinciais, solicitando iniciar a tramitación do expediente para adxudicar o contrato de obras “*Ensanche e mellora da seguranza viaria na EP-0405 A Xesteira-Almofrei, P.Q. 0+000 ao P.Q. 1+530 (Concello de Cerdedo-Cotobade)*”.

Resultando.- Que sendo necesario definir de forma clara e precisa o obxecto do contrato antes da licitación, redactouse por Sergio Daniel Orosa López, adscrito á empresa Proyestegal, o proxecto de execución da obra “*Ensanche e mellora da seguranza viaria na EP-0405 A Xesteira-Almofrei, P.Q. 0+000 ao P.Q. 1+530 (Concello de Cerdedo-Cotobade)*”, cun orzamento base de licitación de 946.599,01 € IVE incluído. A este proxecto asignóuselle o código (CSV) W4GVSCLEVP1T8368.

Resultando.- Que consta no expediente informe de supervisión favorable do proxecto (CSV) X4E0LJKV01422QPD, emitido polo xefe dos Servizos Técnicos do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais.

Resultando.- Que o Pleno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión extraordinaria de data 19/05/2023 acordou aprobar definitivamente o proxecto “*Ensanche e mellora da seguranza viaria na EP-0405 A Xesteira-Almofrei, P.Q. 0+000 ao P.Q. 1+530 (Concello de Cerdedo-Cotobade)*”, cun orzamento base de licitación de 946.599,01 € IVE incluído. A este proxecto asignóuselle o código (CSV) W4GVSCLEVP1T8368.

Resultando.- Que estudada a documentación do proxecto, considérase necesaria a autorización sectorial do Servizo de Patrimonio Cultural do Departamento Territorial da Consellería de Cultura e Turismo, consonte ao artigo 20 Informes sectoriais da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia. Consta no expediente autorización favorable da Directora Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia, para a execución da obra “*Ensanche e mellora da seguranza viaria na EP-0405 A Xesteira-Almofrei, P.Q. 0+000 ao P.Q. 1+500 (Concello de Cerdedo-Cotobade)*”, que consta no expediente con CSV: QIAI40TI8CXJYFY0.



Resultando.- Que con respecto á citada autorización, reflexa no informe técnico de resolución favorable, a necesidade de realizar en obra pequenas modificacións. Consta no expediente informe complementario emitido polo xefe dos servizos técnicos do *Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais*, con (CSV):TQKRNR1L6FYMFRZR, no que se recollen esas pequenas modificacións do proxecto que non se consideran sustanciais o tratarse de pequenas decisións a tomar pola dirección facultativa durante o replanteo e a boa execución das obras, que se deberán ter en conta polos licitadores no momento de efectuar a súa oferta.

Resultando.- Que consta no expediente acta de replanteo previo e memoria xustificativa emitida polo xefe do Servizo de Contratación, no que manifesta en relación co procedemento a seguir para esta contratación, que o procedemento de adxudicación debe de ser o procedemento aberto simplificado recollido no artigo 159.1 da LCSP, en relación co 131.2 do mesmo texto legal.

Resultando.- Que o expediente contén o preceptivo informe emitido polo Secretario Xeral da Deputación, no que se recolle que se estima que os pregos reúnen o contido mínimo previsto nos arts. 122 da LCSP e 67 do RD 1098/2001, informándose favorablemente.

Resultando.- Que pola Intervención emitíuse informe de fiscalización que consta no expediente con (CSV): 4L8THMBW8EEX66I5, no que se recolle o seguinte: *“...Tal como se sinala na providencia de inicio do expediente, na actualidade estase tramitando o procedemento expropiatorio dos 85,65 m2 de terreo de propiedade privada necesarios para a correcta execución do proxecto, afectando a un total de tres parcelas diferentes polo que, como se recolle na acta de replanteo previo e segundo recolle o artigo 236 da LCSP, na tramitación dos expedientes de contratación referentes a obras de estradas, dispensarase do requisito previo de dispoñibilidade dos terreos, se ben no se poderá iniciar a execución das obras ata que se formalice a ocupación en virtude da vixente Lei de Expropiación Forzosa. 2.-(\*) Respecto dos apartados 6, 7 e 8 dos aspectos específicos PRTR: O subproxecto correspondente á actuación proposta non establece fitos e obxectivos, nin obrigas referidas ao etiquetado verde ou dixital de aplicación, mais alá das referidas á propia adxudicación e execución do contrato segundo recolle a ficha de definición do subproxecto, o que xustifica a non inclusión destas referencias nos pregos nin na documentación anexa. En relación cós condicionantes específicos de DNSH, recóllense nos pregos os mecanismos establecidos para o seu control así como o réxime de penalidades no caso de incumprimento 3.- Na cláusula 10.1 do apartado I. “Cláusulas particulares” do prego de cláusulas económico administrativas particulares recóllense varios criterios avaliábeis mediante un xuízo de valor. A este respecto sinalar que, con carácter xeral deben, sempre e cando sexa posible, primar os criterios obxectivos e dar preponderancia a aqueles que fagan referencia a características do obxecto do contrato que se poidan valorar mediante cifras ou porcentaxes obtidos mediante a mera aplicación das fórmulas establecidas nos pregos, de acordo co recollido no artigo 146.2 da LCSP.*

*No informe técnico de valoración das ofertas, deben recollerse de forma clara as razóns nas que se fundamentan as puntuacións acadadas por cada licitador, sen que se poidan incluír aspectos que non figuren recollidos previamente no prego de cláusulas económico-administrativas particulares dentro de cada criterio/subcriterio. Cabe por de manifesto que, na Providencia de inicio de expediente, existe un erro nos apartados 11, 12 e 13 xa que non consta ningún tipo de acordo nin instrución da Intervención Provincial a ese respecto, sendo incorrectas, por tanto, as redaccións dos citados apartados e polo que deben suprimirse esas referencias en futuras providencias de inicio de expedientes que se tramiten no futuro. 4.- Recordar que, en todo caso, con carácter previo á adxudicación deberá acreditarse o cumprimento das esixencias en materia de análises de risco de conflito de intereses,*



*nos termos definidos na Orde HFP/55/2023, de 24 de xaneiro, relativa á análise sistemática do risco de conflito de intereses nos procedementos que executan o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, de maneira que ademais da sinatura dos DACI, se incorpore o resultado da análise correspondente á aplicación MINERVA. CONCLUSIÓN Polo exposto, infórmase favorablemente o expediente, debendo terse en conta o disposto anteriormente...”*

Considerando.- Que o artigo 116.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público, (en diante LCSP), establece que: *“A celebración dos contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade do contrato (...), e que deberá ser publicado no perfil de contratante”*

Considerando.- Todo o recollido nas normas do procedemento establecidas nas Seccións 1ª e 2ª, do Capítulo I, do Título I do Libro Segundo da LCSP.

Considerando.- Que o artigo 117.1 do mesmo texto legal recolle que *“Completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto(...). Esta resolución deberá ser obxecto de publicación no perfil do contratante.”*

Considerando.- Que o artigo 122.1 da LCSP establece que: *“Os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente con ela, e sempre antes da licitación do contrato..”*

Considerando.- Que o artigo 131.2 da LCSP establece que: *“A adxudicación realizarase, ordinariamente (...) utilizando o procedemento aberto...”*

Considerando.- Que o artigo 159.1 do mesmo texto legal recolle que os órganos de contratación poderán acordar a utilización de un procedemento aberto simplificado nos contratos de obras cando o seu valor estimado sexa igual ou inferior a dous millóns de euros e que entre os criterios de adxudicación previstos no prego non haxa ningún evaluable mediante xuízo de valor, ou de habelos, a súa ponderación non supere o vinte cinco por cento do total.

Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta á Ilmo. Sr. Presidente para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras o importe de douscentos mil euros.



A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado do contrato de obras “*Ensanche e mellora da seguranza viaria na EP-0405 A Xesteira-Almofrei, P.Q. 0+000 ao P.Q. 1+530 (Concello de Cerdedo-Cotobade)*”, cun orzamento base de licitación de 946.599,01 € IVE incluído de acordo co seguinte detalle:

Importe..... 782.313,23 €  
IVE (21%)..... 164.285,78 €  
Importe Total..... 946.599,01 €

2. Aprobar o prego de cláusulas económico-administrativas particulares ó que se lle asignou un código (CSV): 4L8THMBW8EEX66I5, e de prescricións técnicas con código (CSV) W4GVSCLEVP1T8368, que rexerán neste procedemento.

A este respecto e como reflexo do recollido na autorización da Dirección Xeral de Patrimonio, deberase ter en conta como documento da licitación o informe complementario emitido polo xefe dos Servizos Técnicos do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, que consta no expediente con (CSV) TQKRNR1L6FYMFRZR.

3. Autorizar o gasto por importe de 946.599,01 €, con cargo á aplicación orzamentaria 23/456.4530.612.02 do vixente orzamento provincial.
4. Iniciar o procedemento de adxudicación do presente contrato indicando que o prazo de presentación das ofertas, rematará ás 10:00 horas do día seguinte ó transcurso do seguinte prazo: 20 días a contar dende o día seguinte da publicación do anuncio de licitación no Perfil do Contratante.

Non se poderá iniciar a execución das obras ata que se formalice a ocupación de terreo da propiedade privada de 85,65 m2, actualmente en proceso expropiatorio, necesario para a correcta execución do proxecto.

Deberase acreditar , con carácter previo á adxudicación, o cumprimento das esixencias en materia de análises de risco de conflito de intereses, nos termos definidos na Orde FP/55/2023, de 24 de xaneiro, relativa á análise sistemática do risco de conflito de intereses nos procedementos que executan o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, de maneira que ademais da sinatura dos DACI, se incorpore o resultado da análise correspondente á aplicación MINERVA

27.33117.- CONCESIÓN DAS SUBVENCIONS, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, PARA ACTIVIDADES DE CARÁCTER TURÍSTICO DURANTE O ANO 2023. (Expte. 2022070493)

## 1. ANTECEDENTES

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, na súa sesión ordinaria do día 13 de xaneiro de 2023 acordou aprobar as bases reguladoras das subvencións en réxime de concorrència competitiva para actividades de carácter turístico durante o ano 2023.



As bases reguladoras das subvencións e o extracto foron publicados no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) nº 15 de 23 de xaneiro de 2023 e no portal da Base de Datos Nacional de Subvencións.

O prazo de presentación de solicitudes era dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria e do extracto no BOPPO.

O 18 de outubro de 2023 o órgano instrutor do procedemento emite informe ao respecto.

O 19 de outubro de 2022 Intervención emite informe favorable de fiscalización.

O 20 de outubro de 2023 a Comisión de Valoración, á vista dos antecedentes e de conformidade co informe do órgano instrutor efectúa a valoración das solicitudes admitidas, previa exclusión dos beneficiarios que non cumpren cos requisitos da convocatoria.

## II. FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA E TÉCNICA

### 1. NORMATIVA EXAMINADA

No relativo ao réxime xurídico:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS).
- R.D. 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).
- Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF).
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada polo Pleno da Deputación de Pontevedra na súa sesión ordinaria do 28 de outubro de 2016.
- Bases de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra para o ano 2023.

### 2. CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS E TÉCNICAS

Consta no expediente o informe do órgano instrutor do expediente sobre a valoración das solicitudes, informe favorable de Intervención sobre a mesma e informe da comisión de valoración.





### 3. COMPETENCIA

O órgano competente para a concesión das subvencións e desestimación das solicitudes é a Xunta de Goberno, conforme ao establecido no artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais en concordancia coa base 16ª das de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra para o ano 2023.

En consecuencia, visto o que antecede e a normativa de pertinente aplicación a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Estimar as seguintes solicitudes e conceder as subvencións por importe total de 100.000,00 €, que deberán imputarse á aplicación 23/433.4320.489.01 co detalle que figura a continuación:

EXPEDIENTE	NIF	NOME ENTIDADE	ACTIVIDADE SUBVENCIÓN	ORZAMENTO	IMPORTE SOLICITUDE	VALORACIÓN	IMPORTE ASIGNADO SUB.	% ORZAMENTO
2023005911	G09723636	IMUA PADDLE SURF CLUB AGUETE	ACTIVIDADES PLAYA DE AGUETE, TRAVESÍAS PLAYAS CONCELLO MARÍN, YOGA SURF Y SUP ADAPTADO	7.850,00 €	5.495,00 €	36	2.463,12 €	31,38%
2023013056	G36597201	ASOCIACION RUTA DO VIÑO RIAS BAIXAS	ASISTENCIA FERIA INTUR VALLADOLID	8.750,00 €	8.750,00 €	34	2.326,28 €	26,59%
2023013147	G27865252	IDILICAMENTE	DESCUBRE MOAÑA, DESCUBRE AS RIAS BAIXAS	6.897,00 €	4.827,90 €	39	2.668,39 €	38,69%
2023013169	G36027928	ASOCIACION AGRUPACION MUSICAL DO ROSAL	O ROSAL CAMARA FEST	6.783,30 €	4.700,00 €	44	3.010,49 €	44,38%



2023013076	G36031292	ASOC CULTURAL DORNA	DIFUSIÓN DO PATRIMONIO MARITIMO GALEGO	3.021,84 €	2.115,29 €	27	1.847,34 €	61,13%
2023013078	G95587689	SANTOS COMESAÑA, MARIA JOSE	RALLY INTERNACIONAL 2023 VULCAN RIDERS ASOCIACIÓN	10.406,00 €	5.500,00 €	41	2.805,23 €	26,96%
2023013129	V36051514	C.DE VEC.DE S.M.DE OYA PARA MONTES V	ARREDOR DO CURRO	1.881,55 €	1.317,09 €	28	1.317,09 €	70,00%
2023013141	G09740945	DEPORTIVA Y CULTURAL GALICIA SIN LÍMITE	AVENTURAS NA ENSENADA; COÑECENDO OS SEGREDOS	9.115,20 €	6.380,64 €	25	1.710,50 €	18,77%
2023009332	G36196954	ASOC CULTURAL AMIGOS DEL CAMINO PORTUGUES	EXPOSICIÓN ITINERANTE "CAMIÑOS: O DOCE NO CAMIÑO PORTUGUES DE SANTIAGO"	9.023,50 €	4.500,00 €	27	1.847,34 €	20,47%
2023011282	G72660277	CLUB NAUTICO INCLUSIVO BAIXO MIÑO	VISITA ADAPTADA E INCLUSIVA PARA PERSONAS CON DISCAPACIDAD A LA ILLA SAN SIMON	2.768,92 €	1.938,34 €	26	1.778,92 €	64,25%
2023011287	G36361434	ASOC AMIGOS DO MUSEO CASA DO PATRON	XXIV MALLA TRADICIONAL DE LALIN	8.002,20 €	5.500,00 €	59	4.036,79 €	50,45%
2023011350	G36597292	A ROSA DOS VENTOS- MOTOCLUB	XII CONCENTRACION MOTEIRA A ROSA DOS VENTOS	38.373,00 €	5.500,00 €	25	1.710,50 €	4,46%
2023011653	G27817444	ASOC. SOCIOCU. Y DEPORTIVA SINERGIAS 360	DESAFIO BOOT CAMP 2023	8.500,00 €	5.500,00 €	50	3.421,01 €	40,25%
2023012015	G36614907	FEDERACION EMPRESARIOS DE HOSTELERIA	CONCURSO DE TAPAS DE VIGO: PETISQUIÑO	8.858,98 €	5.500,00 €	25	1.710,50 €	19,31%



2023012126	G67821207	AS BRETEMA CULTURA E MUSICA AVANZADA	FESTIVAL MUSICAL E <u>AUDIOVISUAL</u>	24.095,50 €	5.500,00 €	25	1.710,50 €	7,10%
2023012201	G94153053	ASOCIACIÓN PARA EL DESARROLLO EDUCATIVO Y CULTURAL	CURSO BIODIVERSIDAD, PATRIMONIO INMATERIAL Y EMPLEO EN EL SECTOR TURISMO DE PONTEVEDRA	5.150,00 €	3.090,00 €	42	2.873,65 €	55,80%
2023012263	G36907244	FUNDACION CARLOS CASARES	ITINERANCIAS DE "VERBAS VIVAS. RUTA LITERARIA POLO VAL MIÑOR"	5.859,70 €	4.000,00 €	31	2.121,02 €	36,20%
2023012349	G27745397	FUNDACION PARA LA PESCA Y EL MARISQUEO	SEMANA VIGO PESQUEIRO	6.803,20 €	4.762,24 €	31	2.121,02 €	31,18%
2023011349	G36637890	CLUB MONTAÑEIRO CELTAS	OS CINCO SENTIDOS EN O GROVE	2.737,95 €	1.800,00 €	34	1.800,00 €	65,74%
2023011371	G67748673	ASOCIACION NAUTICA NAVEGA	BIODIVERSIDADE E MEDIOAMBIENTE A BORDO II	5.372,40 €	3.255,00 €	29	1.984,18 €	36,93%
2023012055	G36022572	CIRCULO CULTURAL DEPORTIVO SANXENXO	XV TORNEO INTERNACIONAL CADETE SANXENXO 2023	23.520,00 €	5.500,00 €	58	3.968,37 €	16,87%
2023012076	G27868934	ASOC SOCIOCULT DEPORTIVA OCRA GALICIA	X-ONE RACE 2023	8.600,00 €	5.500,00 €	35	2.394,70 €	27,85%
2023012103	G36452837	ASOCIACION DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE VONTADE	RIO MIÑO, MARCA INCLUSIVA	9.120,00 €	5.500,00 €	46	3.147,33 €	34,51%
2023012171	G36850014	PRADO SURF CLUBE	MEU CAMIÑO, TEU CAMIÑO	24.000,00 €	5.500,00 €	40	2.736,81 €	11,40%



2023012352	G94157708	ASOC MARISCADORAS DE CARRIL AMARCARRIL	OBRADOIROS DE MARISQUEO E RUTAS GUIADAS	3.751,00 €	2.625,70 €	35	2.394,70 €	63,84%
2023009664	G36032498	ASOC DE EMPRESARIOS GROVENSES DE BENS ESERVICIOS	PLAN GLOBAL DE DESESTACIONALIZACIÓN DO TURISMO DO CONCELLO DO GROVE	13.800,00 €	5.000,00 €	25	1.710,50 €	12,39%
2023010524	G36612752	REAL CLUB NAUTICO DE VIGO	XXIV SEMANA DEL ATLÁNTICO CIUDAD DE VIGO - XLVIII TROFEO MARTÍN BARREIRO	34.438,00 €	5.500,00 €	39	2.668,39 €	7,75%
2023007091	G94146362	ASOCIACION CULTURAL CINEMATOGRAFICA DE GALICIA FICBUEU	DESCUBRINDO A VILA DE BUEU.	7.860,00 €	5.500,00 €	43	2.942,07 €	37,43%
2023009337	G94163144	ASOC DE ALFOMBRISTAS DO CORPUS CHRISTI DE PONTEAREAS	PROMOCIÓN DA FESTA DO CORPUS CHRISTI DE PONTEAREAS	10.846,00 €	5.500,00 €	45	3.078,91 €	28,39%
2023012166	G36417251	FUNDACION PAZO DE MOS	PARLADOIROS	6.721,88 €	4.700,00 €	34	2.326,28 €	34,61%
2023011290	G36410967	ASOC ETNOGRAFICA DE CODESEDA	UNHA ALDEA NO NADAL	7.857,50 €	5.500,00 €	55	3.763,11 €	47,89%
2023010540	G27755065	ASOC XUVENIL CULTURAL ESBOZOS	VII INTERPLANETARIO	25.005,00 €	5.500,00 €	31	2.121,02 €	8,48%
2023013155	G36688422	ORQUESTA CLASICA DE VIGO	UN CAMIÑO BEN TEMPERADO (II EDICIÓN)	12.139,00 €	5.500,00 €	44	3.010,49 €	24,80%



2023011716	G27868926	ASOC SOCIOCULTURAL Y DEPORTIVA LA 21	LA 21 MEDIA MARATON DE VIGO	8.530,00 €	5.500,00 €	46	3.147,33 €	36,90%
2023011764	G36260354	ASOC AMIGOS DA EMPANADA	FESTA DA EMPANADA	28.514,00 €	5.500,00 €	44	3.010,49 €	10,56%
2023012035	G36623346	MONTE REAL CLUB DE YATES DE BAIONA	48 TROFEO CONDE DE GONDOMAR	25.746,67 €	5.500,00 €	60	4.105,23 €	15,94%
2023012043	G16840498	FUNDACION MONDARIZ TEMPLO DEL AGUA	MONDARIZ, MUSEO NATURAL DEL AGUA	16.196,00 €	5.500,00 €	34	2.326,28 €	14,36%
2023012152	G36164689	ASOCIACION RAPAS DAS BESTAS DE SABUCEDO	EXPOSICION A ARTE NA RAPAS DAS BESTAS	16.511,50 €	16.511,50 €	25	1.710,50 €	10,36%
2023012197	G36980670	FUNDACION CEO CIENCIA Y CULTURA	TURISMO ASTRONOMICO PONTEVEDRA 2023	12.000,00 €	7.200,00 €	35	2.394,70 €	19,96%
2023012224	G36397669	PIRAGUISMO PORTONOVO	V FESTA DA EMPANADA MARIÑEIRA	9.595,30 €	6.000,00 €	26	1.778,92 €	18,54%

2. Desestimar ou ter por desistidas as seguintes solicitudes:

NIF	NOME ENTIDADE	ACTIVIDADE SUBVENCIÓN	PUNTUACIÓN	MOTIVO DE EXCLUSIÓN
G36763225	HERMANDAD DE DEVOTOS DE SAN ROQUE	ROMARÍA DE SAN ROQUE	Sen valorar	Non se atopa ao corrente das obrigas coa AEAT (Axencia Estatal de Administración Tributaria)
G36051183	ASOCIACION FOLCLORICO-CULTURAL E XUVENIL MEIRAMAR AXOUXERES MOAÑA	ENTROIDO TRADICIONAL DE MEIRA	Sen valorar	Documentación incompleta: non enmendar a documentación



G94164167	ASOCIACION CULTURAL DE EMBARCACIONS TRADICIONAIS PIUEIRO	PROMOCIÓN CULTURA E TURISMO MARIÑEIRO DO SUR PONTEVEDRA	Sen valorar	Documentación incompleta: non enmendar a documentación
G36341113	ASOCIACION DE MAIORES DE PONTEAREAS	RUTAS DE SENDERISMO CULTURAL Y DE EDUCACIÓN AMBIENTAL EN PONTEAREAS E ENTORNO	Sen valorar	Documentación incompleta: non enmendar a documentación
G94020856	ASOCIACIÓN CULTURAL E ETNOGRÁFICA SAN CIBRÁN	PROMOCIÓN RECURSOS TURÍSTICOS DE MOURISCADOS. NATURIEZA, PATRIMONIO, TRADICIÓN POPULARES.	Sen valorar	Documentación incompleta: non enmendar a documentación
G94017324	ASOC CULTURAL BURBIDA	CASTRO TOUTIXÓN	Sen valorar	Renuncia a continuar coa tramitación
G36633022	SOCIEDAD PARA EL DESARROLLO DE IDEAS Y TECNICAS PARA MINUSVALIDOS FISICOS DE VIGO	TURISMO Á BEIRA DO LÉREZ EN CADEIRA E BARCO	21	Non acadar a puntuación mínima (25 puntos)
R3600428A	COORDINADORA DE COFRADIAS DE LA SEMANA SANTA DE CANGAS DO MORRAZO	34 CONGRESO NACIONAL DE COFRADIAS DA SEMANA SANTA	21	Non acadar a puntuación mínima (25 puntos)
G36632081	ASOCIACION DE VECIÑOS DE BEADE AVCU-CSCR	FEIRA -FESTA DA CEREIXA DE BEADE	24	Non acadar a puntuación mínima (25 puntos)





G36837243	MOTO CLUB A PEROXA	CAMPEONATO DE EUROPA DE RAID TT E CAMPEONATO DE ESPAÑA	18	Non acadar a puntuación mínima (25 puntos)
G36834240	CLUB DEPORTIVO MINAUTA	TURISMO NAUTICO ACCESIBLE RIO ULLA	20	Non acadar a puntuación mínima (25 puntos)
E01837087	SINGLE TRACK GALICIA	CAMPEONATO DE EUROPA Y DE ESPAÑA DE RAID NAVEGACION	20	Non acadar a puntuación mínima (25 puntos)
G94021888	ASOCIACIÓN PARA A PROMOCIÓN TURÍSTICA DO MORRAZO	DIFUSION DO PATROMINIO INMATERIAL NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA	9	Non acadar a puntuación mínima (25 puntos)
G10956928	ASOCIACION PAU DE MOCA	FESTIVAL MUSA 2023	15	Non acadar a puntuación mínima (25 puntos)
G36027365	ASOC.CULTURAL LEMBRANZAS DA RIA	ENTROIDO TRADICIONAL DE DARBO	21	Non acadar a puntuación mínima (25 puntos)

28.33118.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN, POR CAMBIO DE FINALIDADE, AO CONCELLO DE MARÍN, NO MARCO DO PLAN CONCELLOS 2022-2023 LIÑA 1 – INVESTIMENTOS (ANUALIDADE 2023), CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DA ACHEGA MUNICIPAL AO PON2023 DO INVESTIMENTO “MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA, A ACCESIBILIDADE E A HABILIDADE DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO DA CAÑOTA” (Expte. 2023062099)

Do exame do expediente quedan acreditados os seguintes antecedentes:

- O Pleno da Deputación, na súa sesión do 26 de novembro de 2021, acordou a aprobación das Bases Reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, (en adiante Plan Concellos 2022-2023) que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 230 do 27 de novembro de 2021.
- A súa vez, a base 17ª das reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 Liña 1 – Investimentos, lexítima ós concellos a solicitar o cambio ou modificación dos acordos ou resolucións de concesión pola desistencia total ou parcial da actuación, sempre e cando non se prexudiquen dereitos de terceiros e se solicite antes de conclúa o prazo para a realización das actividades obxecto de subvención.



- No marco do Plan Concellos 2022-2023 liña 1- investimentos (anualidade 2023), mediante acordo da Xunta de Goberno 30.32493 do día 24/03/2023, concedéuselle ao *concello de Marín* unha subvención, por importe de 219.909,27 euros, co obxecto do financiamento do investimento “Humanización de vías en Pedreiras” (expediente: 2023005946), cun orzamento de 237.695,55 euros.
- Nas datas 18/09/2023 e 28/09/2023 o *concello de Marín* presenta a desistencia total da concesión de subvención para a actuación salientada no paragrafo anterior, sendo autorizada esta desistencia por Resolución Presidencial Núm. 2023007697 de data 13/10/2023 deixando en dispoñible o crédito previamente comprometido, por un importe de 219.909,27 euros, na aplicación orzamentaria 2023/942.9425.762.45 dentro do correspondente proxecto de gasto para o financiamento dos novos investimentos propostos pola entidade municipal.
- Neste contexto, en data 02/10/2023, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación, ao abeiro do Plan Concellos 2022-2023, petición do *concello de Marín* na que solicita, por cambio de finalidade, unha subvención por importe de 198.843,53 euros, con destino ao financiamento Achega municipal PON2030\_ “*Mellora da eficiencia enerxética, a accesibilidade e a habitabilidade do Pavillón Polideportivo da Cañota*”, cun orzamento por importe de 662.811,76 euros, quedando configurada a súa petición tal é como reflicte a seguinte táboa:

ANUALIDADE	ORZAMENTO	SUBVENCIÓN	ACHEGA PON2030
2022	0,00	0,00	0,00
2023	662.811,76	198.843,53	463.968,23
TOTAL	662.811,76	198.843,53	463.968,23

- Consta no expediente certificado de titularidade do ben obxecto de subvención e informe do técnico municipal sobre a normativa sectorial, indicando que non son precisas para executar o investimento.
- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 e achega a documentación requirida, contando co informe da comisión de persoas expertas de data 20/06/2023, precisando que a execución e a xustificación deste investimento suxeitarase as normas do plan que se co-financia coa achega a cargo do Plan Concellos 2022-2023, sendo aquel plan o PROGRAMA PROVINCIAL DE INFRAESTRUTURAS E DOTACIÓNS SINGULARES PARA A EXECUCIÓN DA AXENDA 2030 – PROGRAMA PON2030.

#### FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).



- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Lei 7/2021, de 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética.
- Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020 relativo ao establecemento dun marco para facilitar as inversións sostibles polo que se modifica o Regulamento UE 2019/2088.
- Regulamento Delegado (UE) da comisión de 4 de xuño de 2021, polo que se completa o Regulamento (UE) 2020/852, no cal se establecen os criterios técnicos de selección para determinar as condicións nas que se considera que unha actividade económica contribúe de forma substancial á mitigación do cambio climático ou á adaptación ao mesmo.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

## CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

### INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Asemade, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización do servizo de intervención.

### PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.



- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023, que indica que as propostas de concesións de subvencións someteranse á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do investimento, no seu caso, e de fiscalización do Servizo de Intervención. Se algunha solicitude non se axusta a estas Bases Reguladoras, e por esta razón é informada desfavorablemente polos facultativos técnicos de Cooperación ou polo Servizo de Intervención, o Concello poderá presentar unha nova solicitude.

## RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases Reguladoras 1ª e 8ª do Plan Concellos 2022-2023 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Base Reguladora 5ª 7ª do Plan Concellos 2022-2023 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxe e o límite máximo por liña e exercicio, así como os criterios obxectivos de reparto.
- Bases Reguladoras 10ª 1 12ª do Plan Concellos 2022-2023 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.
- Base Reguladora 17ª do Plan Concellos 2022-2023 Liña 1 – Investimentos, lexitima ós concellos a solicitar o cambio ou modificación dos acordos ou resolucións de concesión pola desistencia total ou parcial da actuación, sempre e cando non se prexudiquen dereitos de terceiros e se solicite antes de conclúa o prazo para a realización das actividades obxecto de subvención.
- Artigo 9 da Carta Europea de Autonomía Local que dispón que na medida do posible, as subvencións concedidas ás entidades locais non han de ser destinadas á financiación de proxectos específicos. A concesión de subvencións non deberá causar prexuízo á liberdade fundamental da política das entidades locais, no seu propio ámbito de competencia.

## DA XESTIÓN DO CICLO DA AUGA

- No momento de ser aprobadas as Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 estaba pendente a tramitación a lexislación autonómica sobre a xestión integral do ciclo da auga. Ese texto é a Lei 1/2022, de 12 xullo, de mellora da xestión do ciclo integral da auga (DOG núm. 154 de 12 de agosto de 2022), que tal como se prevía de legem ferendae, permite acudir a convenios ou instrumentos de colaboración, que distribúen as competencias e as obrigas de financiamento entre Augas de Galicia e os distintos concellos que así o fagan, ademais da propia Deputación Provincial.



- De terse subscrito algún daqueles instrumentos de colaboración, de acordo coa Base Reguladora 7ª Bis, o concello interesado haberá de comunicalo a Deputación para esta poida efectuar a retención do importe da achega que por tal concepto lle corresponde ao ente provincial da cantidade asignada ao Concello no Plan Concellos 2022-2023. E de non ser isto factible por terse concedido todas as axudas e iniciados os procedementos de licitación correlativos, a retención farase a cargo do importe das baixas, importe que xa non se poderá reutilizar nin nos proxectos primitivos, nin en novos investimentos ou con cargo a futuros plans de cooperación.
- O deber do concello de comunicar a adhesión ao convenio ou instrumento de colaboración haberase de realizar no prazo de 10 días naturais desde a súa formalización, e o seu incumprimento é causa de reintegro das subvencións concedidas con cargo a estas bases.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes da comisión de persoas expertas, de data 20/06/2023, e da xefa do servizo de Cooperación, de data 17/10/2023, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 23/10/2023, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder, por cambio de finalidade, ao *concello de Marín* CIF P3602600C a cantidade de 198.843,53 euros, con destino ao financiamento da achega municipal PON2030\_”*Mellora da eficiencia enerxética, a accesibilidade e a habitabilidade do Pavillón Polideportivo da Cañota*”, cun orzamento por importe de 662.811,76 euros, quedando configurada a súa petición tal é como reflicte a seguinte táboa:

ANUALIDADE	ORZAMENTO	SUBVENCIÓN	ACHEGA PON2030
2022	0,00	0,00	0,00
2023	662.811,76	198.843,53	463.968,23
TOTAL	662.811,76	198.843,53	463.968,23

- Convén lembrar que o *Concello* deberá posuír tódalas autorizacións sectoriais necesarias así como as licenzas e permisos preceptivos para a execución do investimento ao abeiro do establecido nas bases reguladoras do presente plan.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2023/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto. unha vez concedida a subvención, xerarase crédito na aplicación orzamentaria correspondente do Programa PON2030.
- A execución e xustificación deste investimento rexerase polas normas do plan que se co-financia.
- Darlle traslado da presente resolución ao *concello de Marín*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia



29.33119.- APROBACIÓN DA CONVOCATORIA E DAS BASES REGULADORAS DAS “AXUDAS DE ESTUDOS PARA O CURSO 2023-2024” (Expte.2023065419)

De conformidade co indicado no artigo 68 do V Acordo Regulador para o persoal funcionario e artigo 81 do I Convenio Colectivo para persoal laboral desta Deputación Provincial, a Xunta de Goberno, tendo en conta o informe favorable do Servizo de Intervención de data 24 de outubro de 2023, acorda por unanimidade aprobar a convocatoria e as bases reguladoras das axudas de estudos correspondentes ó curso académico 2023-2024, elaboradas pola Comisión Paritaria Mixta en desenvolvemento do previsto nos referidos artigos, e que comprende as seguintes:

1. Bases de axudas de estudos a funcionarios/as, con código CSV: AQT8QI6IS61GCMFU
2. Bases de axudas de estudos universitarios a fillos/as de funcionarios/as de carreira ou laborais fixos, con código CSV: ARNM6K4YL4I34F9J
3. Bases de axudas de estudos non universitarios a fillos/as de funcionarios/as de carreira ou laborais fixos, con código CSV: AK8GDTLJQ6X875U1

As axudas obxecto da presente convocatoria concederanse con cargo á consignación económica contemplada na aplicación orzamentaria 921.3260.481.01, e conforme á táboa de módulos que se establece en función dos estudos cursados polas persoas interesadas e os grupos de clasificación do/a titular beneficiario/a das axudas.

30.33120.- COMUNICACIÓNS

Non houbo.

31.33121.- FÓRA DA ORDE DO DÍA.

Non houbo.

32.33122.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar polo Sr. Presidente, sendo as once horas e trinta minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente acta, que asina o Ilmo. Sr. Presidente, comigo, o Secretario que dou fe.

